



## Ámbito social

### Educación a distancia semipresencial

#### Módulo 3

#### Unidade didáctica 10

O século XIX. Imperialismo, I Guerra Mundial.  
A Revolución rusa. A época de entreguerras.  
Os fascismos. A II Guerra Mundial. A II  
República e a Guerra Civil

# Índice

---

<b>1.</b>	<b>Introdución.....</b>	<b>3</b>
1.1	Descrición da unidade didáctica.....	3
1.2	Coñecementos previos.....	3
1.3	Suxestións para a motivación e o estudo.....	3
1.4	Orientacións para a programación temporal .....	4
<b>2.</b>	<b>O século XIX. Imperialismo .....</b>	<b>5</b>
2.1	Concepto e causas do imperialismo.....	5
2.1.1	Causas do imperialismo.....	6
2.1.2	Consecuencias do imperialismo.....	19
2.2	O Mundo de 1914 a 1918. A Primeira Guerra Mundial. A Revolución rusa .....	23
2.2.1	As causas da guerra .....	23
2.2.2	A Revolución rusa .....	32
2.2.3	O período de entreguerras .....	36
2.3	A II Guerra Mundial. O camiño cara á guerra (1931-1939) .....	44
2.3.1	Causas da guerra.....	44
2.4	O primeiro terzo do século XX en España e Galicia. II República e Guerra civil .....	59
2.5	A Guerra Civil. O alzamento.....	76
2.6	A arte.....	84
2.6.1	Arte no século XX. Arte contemporánea .....	84
<b>3.</b>	<b>Resumo de contidos .....</b>	<b>95</b>
<b>4.</b>	<b>Actividades complementarias.....</b>	<b>101</b>
<b>5.</b>	<b>Exercicios de autoavaliación .....</b>	<b>102</b>
<b>6.</b>	<b>Solucionario.....</b>	<b>104</b>
6.1	Solucións das actividades propostas .....	104
6.2	Solucións das actividades complementarias.....	114
6.3	Solucións dos exercicios de autoavaliación .....	115
<b>7.</b>	<b>Glosario.....</b>	<b>117</b>
<b>8.</b>	<b>Bibliografía e recursos .....</b>	<b>120</b>
<b>9.</b>	<b>Anexo. Licenza de recursos .....</b>	<b>123</b>

# 1. **Introdución**

---

## 1.1 **Descrición da unidade didáctica**

Nesta unidade imos traballar un período da historia contemporánea que, non por tempo pero si por intensidade, constitúe un dos períodos máis importantes. Estudaremos desde a "carreira" imperialista, cuxas consecuencias desembocarán na Primeira Guerra Mundial, ata o ascenso dos fascismos -que farán o propio na Segunda Guerra Mundial-, pasando polo establecemento dun novo sistema económico. Veremos o comunismo da Revolución rusa, (enfrentado na Guerra Fría e coincidindo cun dos cambios máis profundos na historia de España), a guerra civil española e o inmediato establecemento dunha longa e dura ditadura.

## 1.2 **Coñecementos previos**

Para empezar a traballar partiremos dos coñecementos previos do alumnado da educación secundaria para persoas adultas.

Para iso realizaremos unha sinxela proba na que trataremos de ver:

- A súa capacidade lectora.
- A comprensión e interpretación de textos.
- A comprensión e interpretación de gráficas.
- A súa capacidade de facerse preguntas.
- A súa competencia na elaboración de textos sinxelos.
- Un nivel básico de coñecementos históricos canto a:
  - Comentar textos básicos.
  - Lectura de escritos coetáneos, históricos e historiográficos e resposta a preguntas sinxelas.
  - Análise e interpretación de imaxes.
    - Colocación de títulos.
    - Selección da información.

## 1.3 **Suxestións para a motivación e o estudo**

O noso obxectivo fundamental consistirá en desenvolver as competencias sociais e culturais das persoas adultas coa finalidade de posibilitarlles unha inserción activa e responsable na sociedade e contribuír ao seu desenvolvemento persoal.

A adquisición das competencias chave da aprendizaxe é básica ao longo da vida: as competencias lingüística, matemática, dixital, a competencia de aprender a aprender e a competencia cívica e social. Estas competencias contribúen a desenvolver unhas destrezas necesarias para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos.

O noso alumnado debe ter presente que, para adquirir as destrezas e os coñecementos básicos, ademais de amosar interese, cómpre fundamentar o seu traballo na constancia e no traballo continuado.

Coa súa aprendizaxe poderá utilizar recursos, participar máis activamente na sociedade e, sobre todo, entenderá que a cultura é un ben que ninguén lle pode arrebatarse, realmente é o único que nos fai libres.

- O traballo será gradual.
- A aprendizaxe estará baseada na proximidade e na experimentación cotiá.
- As tecnoloxías da información e da comunicación serán ferramentas motivadoras e interesantes para as persoas adultas. Con elas o alumnado aprenderá a buscar e xestionar a información.
- Empregaranse técnicas de estudo para afianzar a adquisición dos coñecementos.
- Cada alumno e alumna avanzará individual ou colectivamente na interpretación e coñecemento do mundo en que vive.

As achegas que lles proporcionará a historia serán imprescindibles para, aprendendo do pasado, comprenderen o presente e traballaren por un futuro mellor, igualitario e democrático.

## 1.4 Orientacións para a programación temporal

Nesta unidade didáctica traballaremos a materia entre 10 e 13 sesións, distribuída da seguinte forma:


- Contidos: O imperialismo: 2 sesións
- I Guerra Mundial: Causas e consecuencias. Revolución rusa: 3 sesións.
- Entreguerras (1919-1939): Crac do 29. Ascenso dos fascismos: 1 sesión.
- II Guerra Mundial (1939-1945): 4 sesións.
- A guerra civil española (1936-1939): 3 sesións
  - Causas e consecuencias.
  - Relacións na posguerra co resto do mundo.

## 2. O século XIX. Imperialismo

### 2.1 Concepto e causas do imperialismo

**O concepto:** O termo imperialismo fai referencia á actitude, doutrina ou acción que conduce ao dominio dun estado sobre outro ou outros mediante o emprego da forza militar, económica ou política.

Durante o **último terzo do século XIX** as potencias europeas e algunhas extraeuropeas (EUA e máis tarde Xapón) desenvolveron unha política de expansión colonial acelerada que xa viña xestándose desde comezos de século. Esta **nova fase do colonialismo, que recibe a denominación de imperialismo**, tendía á formación de grandes imperios e constituíu unha constante fonte de conflitos que desembocaron na **Primeira Guerra Mundial**.



#### O contexto histórico

A Segunda Revolución Industrial (1870-1914) achegou unha onda de innovacións tecnolóxicas que transformou de forma radical a economía dos países máis avanzados. O abaratamento do transporte e das comunicacións permitiu que as mercadorías e os seres humanos puidesen desprazarse ao longo do mundo dunha forma e cunha cantidade ata ese momento inconcibible. Ese proceso de integración mundial denominouse *primeira globalización*.

Neste contexto debemos entender os fenómenos do *colonialismo* ou o *imperialismo*. Ambos os termos se utilizan indistintamente, segundo autorías diferentes<sup>1</sup>, para

<sup>1</sup> O colonialismo

Adoita aludir ás primeiras fases da expansión europea, durante os séculos XVI, XVII e XVIII. As metrópoles controlaron unha serie de territorios, explotados economicamente, que alentaron relacións de subordinación cos pobos autóctonos da zona, aos que impuxeron as súas estruturas e formas de vida. Impulsose o control de rutas, lugares estratéxicos e a creación de zonas de influencia, pero non quedou claramente establecida unha conduta de conquista continua e sistematizada.

referirse á **expansión territorial das potencias industriais europeas especialmente a partir de 1870**. O resultado desta expansión foi a formación de extensos imperios ultramarinos.

Os imperios coloniais adoptaron diversas formas de organización. Basicamente pódense distinguir dúas formas de colonización:

- **Colonias de poboamento**, con forte poboación europea e institucións políticas similares ás da metrópole.
- **Colonias de explotación**, con escasa poboación europea, organizadas para obter vantaxes económicas ou estratéxicas e baseadas na opresión da poboación indíxena. Nalgún caso, como o Congo Belga, a crueldade foi sistemática contra a poboación colonizada. Outras variantes de colonización menos estendidas foron os protectorados e as concesións.

### 2.1.1 Causas do imperialismo

#### Demográficas

No período comprendido entre 1850 e 1900 a poboación europea pasou de 300 a 450 millóns de persoas. As penosas condicións de vida da clase traballadora nos países industrializados animou a moitos a buscar mellores perspectivas de vida nos territorios que ían ocupándose. Este incremento demográfico tamén afectou a potencias asiáticas como Xapón e continuou en ascenso ata 1914. Parte desa poboación foi absorbida polos territorios coloniais a través dunha persistente inmigración que en ocasións chegou a alterar de maneira substancial a composición étnica de extensas áreas.

*Estaba onte no East End e asistín a unha reunión de parados. Escoitei fortes discusións. Non se oía mais que un berro: "pan, pan". Cando regresei á miña casa sentín aínda máis convencido da importancia do imperialismo (...). Para salvar os corenta millóns de habitantes do Reino Unido dunha mortífera guerra civil, nós, os colonizadores, debemos conquistar novas terras para instalar nelas o excedente da nosa poboación e atopar novas saídas aos produtos das nosas fábricas."*

Sir Cecil Rhodes, Carta ao xornalista Stead, 1895.

Os avances médicos, como o uso da quinina, contribuíron en gran medida a estas migracións, xa que permitiron combater con éxito enfermidades endémicas como o cólera, tifo ou o paludismo que ata entón fixeran inhabitables para o home branco extensos territorios.

---

#### O imperialismo

A diferenza do anterior, ten fortes connotacións nacionalistas: os Estados que o practicaron pretendían a conquista sistemática da maior cantidade posible de territorios co obxectivo de alcanzar o rango de potencias mundiais. Non buscaban tanto a transformación cultural destas zonas como o seu control político, económico e militar. Este proceso adquiriu nitidez no último terzo do século XIX.

## Económicas

Foron froito da expansión do capitalismo industrial e fundamentáronse en:

- A procura de novos territorios onde investir o exceso de capitais acumulados. Estes atoparon unha produtiva saída en forma de créditos outorgados ás minorías indíxenas colaboradoras coa metrópole, pero fundamentalmente no financiamento de infraestruturas tales como ferrocarrís, portos ou grandes obras de enxeñaría (canle de Suez, canle de Panamá etc.).
- A exploración e conquista de zonas onde conseguir materias primas e enerxéticas abundantes e baratas. Ás colonias asignóuselles o papel de abastecer as industrias metropolitanas.
- O control de espazos onde establecer mercados que asegurasen en **réxime de monopolio** a colocación dos produtos industriais.
- A utilización dunha man de obra non cualificada pero barata e dócil (en ocasións escrava), que reduciu os custos de extracción das materias primas e contribuíu ao éxito da agricultura de plantación.



*O imperialismo é a expresión do proceso de acumulación capitalista que se manifesta pola concorrencia entre os capitalismo nacionais ao redor dos últimos territorios non capitalistas, aínda libres, do mundo.*

*Rosa Luxemburg. 1913.*

*(Zamość, Imperio ruso, 5 de marzo de 1871 -  
Berlín, Alemaña, 15 de xaneiro de 1919).  
Teórica marxista de orixe xudía.*

### ORGANIZACIÓN DOS IMPERIOS COLONIAIS

Variou segundo as circunstancias e o lugar, adoptando diversas formas: desde **as relacións diplomáticas á simple conquista acompañada do exterminio dos pobos aborixes**. O uso que se lles deu aos territorios subxugados tamén foi diverso.

Houbo diferentes formas de dominación e organización colonial:

- **As colonias de administración directa**

Territorios que polo dereito de conquista caeran na órbita da metrópole. Esta imponía os seus funcionarios e as súas institucións, organizando a administración. Foron as máis estendidas.

- **Protectorados**


Territorios onde se respectaba o goberno indíxena responsable da actividade interior da área, mentres a política exterior e militar era xestionada pola metrópole. Na práctica, ao seguir as directrices marcadas por esta, os protectorados quedaban suxeitos á soberanía da potencia coa que pactaran. Foi un modelo utilizado por Francia (Marrocos) e Reino Unido (Birmania).

- **Dominios**

Territorios con maioría de colonos respecto da poboación indíxena, que conseguiron un amplo autogoberno limitado por un gobernador metropolitano. Foron os casos de Canadá, Australia e Nova Zelandia respecto de Gran Bretaña.

- **Concesións**

Territorios cedidos ou alugados por Estados independentes á metrópole, cobizados polo seu interese estratéxico ou comercial. Foi o caso da China que, tras a Guerra do Opio, houbo de ceder algúns dos seus portos (Hong Kong) ao Reino Unido.




Escravos encadeados

## Políticas

No último terzo do século XIX o nacionalismo, que nos seus inicios estivera ligado ao liberalismo e o romanticismo, transformouse nun *movemento conservador e significado compoñente do imperialismo*.

Os Estados adoptaron unha política de prestixio nun intento de atraer as masas populares e desenvolveron unha acción diplomática dirixida por fortes personalidades (*Bismarck, Chamberlain, Jules Ferry, Leopoldo de Bélxica, Cecil Rhodes* etc.), que propugnaron desde unha postura chauvinista a formación e consolidación de extensos dominios coloniais, apoiados en gran medida pola prensa e outros medios.

Ademais, as potencias ambicionaban alcanzar a *hexemonía colonial* mediante o control comercial e militar das rutas marítimas e terrestres, á vez que obstaculizaban



Soldados bóers

por todos os medios a expansión dos seus rivais. A *guerra anglo-bóer*<sup>2</sup> entre británicos e colonos holandeses no sur de África ha de inscribirse dentro dos conflitos inherentes ao imperialismo.

Esta política alimentou incontables episodios de tensión e conflito que constituíron o preludio

da Primeira Guerra Mundial.

## Científicas e técnicas

Ao longo do século XIX irase completando o proceso de exploración do planeta iniciado no século XV. Mostra diso foi o fomento de estudos xeográficos, xeofísicos e xeolóxicos. Desde mediados de século unha serie de autores (*Jules Verne, Kipling, Jack London* etc.) alentaron a curiosidade e a aventura a través de obras que evocaban ambientes envoltos nun halo de misterio, difundidas a través de publicacións xornalísticas ou literarias repletas de atractivas ilustracións. As sociedades xeográficas alcanzaron unha enorme importancia e contribuíron a propagar esa afección mediante conferencias e congresos. Tamén organizaron expedicións.

Exploráronse os grandes ríos africanos como o Nilo, Níxer, Congo ou Zambeze, en expedicións emprendidas por xornalistas (*Stanley*), misioneiros (*Livingstone*) ou

---

<sup>2</sup> A *guerra anglo-bóer* enfrontou o Imperio británico coas dúas repúblicas bóers independentes do territorio da actual África do Sur. Na historiografía inglesa coñécese tamén como *segunda guerra bóer*, na historiografía surafricana actual como *guerra surafricana* e na africáner coñécese con frecuencia como *segunda guerra de independencia*. A guerra declarouse o 11 de outubro de 1899 e rematou o 31 de maio de 1902. Como consecuencia as dúas repúblicas perderon a súa independencia absorbidas polo Imperio británico.



aventureiros (*De Brazza*). As teses darwinistas, cos seus presupostos sobre a evolución das especies, foron extrapoladas ao campo social co fin de xustificar o predominio dos máis aptos (os brancos) sobre os menos aptos.

*A cuestión dos indíxenas debe ser resolta unicamente no sentido da evolución natural da historia universal. É dicir, que a moralidade superior debe estar por encima da civilización inferior. O Estado moderno, en tanto que potencia colonial, comete, para a súa cidadanía, o maior dos crimes cando, deixándose levar e hipnotizar por ideas humanitarias, trata ben, a expensas dos seus propios súbditos, as razas negras condenadas a desaparecer.*

*Xustificación darwinista do imperialismo.*

A superioridade técnica fíxose abafadora no campo militar (armas de fogo, transporte masivo e rápido, esmerada organización etc.), procurándolles unha vantaxe aos conquistadores que paliou con fartura a súa inferioridade numérica.



Lord Salisbury

*Podemos dividir as nacións do mundo, grosso modo, en vivas e moribundas. Por unha banda, temos grandes países cuxo enorme poder aumenta de ano en ano, aumentando a súa riqueza, aumentando o seu poder (...). Os ferrocarrís déronlles o poder de concentrar nun só punto a totalidade da forza militar da súa poboación e de reunir exércitos dun tamaño e poder nunca soñados polas xeracións que existiron. A ciencia colocou en mans deses exércitos armamentos que incrementan cada vez máis a súa eficacia destrutiva e que, por tanto, aumentan o poder, terrible poder, daqueles que teñen a oportunidade de usalos."*

*Lord Salisbury, Fragmento dun discurso, 4 de maio de 1898.*

*Robert Cecil, Terceiro marqués de Salisbury. Ministro da raíña Vitoria de Inglaterra.*

## Ideolóxicas

Desde posicións nacionalistas

e chauvinistas desenvolvéronse teorías racistas que xustificaban e impulsaban a expansión territorial, con ou sen o consentimento dos pobos autóctonos.

*"Sen negar que os negros se poidan civilizar, é certo, pero, que a súa civilización sempre será inferior á nosa, porque a forza da mente daquela xente é realmente inferior. Cremos que a raza superior a calquera outra, aquela da que dependerá sempre o destino do mundo, é a raza branca."*

*Farmochi, Curso de xeografía universal, 1850.*

Nas súas formas máis moderadas o racismo disfrazouse en ocasións dun paternalismo que sostiña a necesidade do home branco de "rescatar do atraso" as poboacións autóctonas mediante a instrución e a educación. Nese labor destacou a actividade misioneira das igrexas cristiás anglicana, católica e protestante, que causou gran impacto nas poboacións indíxenas, que posuían unha mentalidade totalmente allea á occidental. En todas esas posicións ocultábase unha ideoloxía de carácter etnocentrista que enalzaba a cultura europea e occidental e descualificaba o resto, considerado bárbaro, salvaxe e primitivo.


## Os grandes imperios coloniais

Ao longo do século XIX e os inicios do século XX, diversas potencias repartíronse unha parte importante do planeta. **O imperio británico** constituíuse como o máis extenso da historia.

**O imperio francés** ocupou importantes territorios de África e Indochina.

**Outros imperios.** Países europeos como Alemaña, Italia, Portugal, Holanda ou España e potencias non europeas como Estados Unidos e Xapón.

As metrópoles pugnaron por estender os seus territorios e a miúdo os seus intereses chocaron e levaron a conflitos diplomáticos. A pesar de intentos de solución pactada como a **Conferencia de Berlín de 1895**, os conflitos coloniais foron un importante factor de inestabilidade internacional.



## O Imperio británico

Foi o máis extenso de todos, comezou a formarse no século XVIII, pero alcanzou a madurez durante o longo reinado de Vitoria (1837-1901), impulsado pola acción dos seus ministros Disraeli e Chamberlain. Ata entón controlara fundamentalmente territorios costeiros ou illas con claras aspiracións comerciais ou estratéxicas. Algúns deles pertenceran a Francia, Holanda ou España: O Cabo no Sur de África, a illa de Ceilán no Índico, Malta e Corfú no Mediterráneo, Xibraltar e Santa Helena no Atlántico etc. A derrota de Napoleón reforzou a súa posición dominante.

Os seus dominios estendíanse polos cinco continentes:

## Asia

A constitución do imperio británico en Asia foi temperá, en 1885 xa se completou. A India foi sen dúbida o dominio máis importante. Tratábase dunha colonia de explotación administrada desde 1777 pola Compañía das Indias Orientais. Converteuse na **principal subministradora de materias primas (algodón, xute, té etc.)**. Constituída no Eixe do imperio, a construción da **canle de Suez** axilizou de maneira notable as relacións coa metrópole. Para mantela protexida dos territorios coloniais doutras potencias, Gran Bretaña creou ao redor dela unha serie de *Estados tapón*, como Beluchistán (no actual Paquistán) ou Afganistán.

Por mor da sublevación dos sipaios, soldados indios ao servizo de Gran Bretaña, a Coroa tomou directamente o goberno da India, que estivera dirixido pola citada Compañía das Indias Orientais. Outras áreas de dominio británico en Asia foron Malaca e Singapur; esta converteuse nun punto estratéxico nas rutas marítimas. Birmania, que constituíra un protectorado semiindependente, foi anexionada en 1885, o que supuxo a creación dunha vía terrestre cara á China.

Na China, que conservou nominalmente a independencia, ampliou a súa influencia tras o *Tratado de Nankín (1842)* que puxo fin á "Guerra do Opio". A partir de entón China viuse obrigada a ceder Hong Kong e a abrir cinco portos costeiros ao comercio exterior. Iso deu paso aos chamados "Tratados desiguais" que non só permitiron as inxerencias británicas nos asuntos chineses, senón tamén as doutras potencias como Francia e Estados Unidos. Máis tarde, en 1860, polo *Tratado de Tient-Sen*, o gran imperio asiático houbo de transixir na apertura doutros once portos.

## Mediterráneo

Nel controlou unha serie de colonias que balizaban o camiño cara á India unha vez aberta a canle de Suez. Desde Xibraltar sucedéronse Malta e Suez. Pronto interveu en Exipto que, aínda que conservou nominalmente a súa independencia, en realidade foi controlado por franceses e británicos.



Inauguración da canle de Suez

## África

En África avanzou desde o sur (O Cabo) tentando enlazar co Sudán. *Cecil Rhodes* anexionou os territorios que levan o seu nome (Rodesia), hoxe repartidos entre Cimbabue e Zambia.

Nesta progresión cara ao norte chocará cos bóers, poboadores de orixe holandesa establecidos en Transvaal e Orange así como coa poboación zulú, á que venceu en 1879. Con esta conquista impediu que Portugal puidese progresar de Oeste a Leste e unir as súas colonias de Angola e Mozambique.

Esta expansión completouse coa incorporación de Nixeria, parte de Somalia (1884), Kenya e Uganda. No control do val do Nilo chocou contra a outra gran potencia imperialista de África: Francia.

Unha vez afastado o perigo dunha guerra entre ambas as potencias tras o "**Incidente de Fachoda**"<sup>3</sup> (en Sudán), o Imperio británico apropiouse dunha das áreas máis ricas de África: o sur, pródigo en ouro e diamantes; e o val do Nilo (Exipto e Sudán), cos seus fértiles cultivos de algodón. O seu control permitiulle ademais protexer as principais rutas que conducían á India.



## Oceanía

Nova Zelandia foi convertida en colonia británica en 1841, e a súa poboación indíxena, os maorís, quedaron baixo a soberanía da metrópole. Australia foi utilizada durante gran parte do século XIX como prisión onde eran destinados determinados convictos.

Estes dominios completáronse con algúns arquipélagos do Pacífico. A penetración europea realizouse seguindo as pautas de formación de colonias de poboamento que serviron de drenaxe aos excedentes demográficos británicos e do norte de Europa, provocando en moitos casos a case total desaparición das poboacións indíxenas.

<sup>3</sup> O *Incidente de Fachoda ou Crise de Fachoda* é o nome co que se coñecen os episodios que tiveron lugar en 1898 cando Francia e Reino Unido deciden construír senllas liñas de comunicacións destinadas a conectar as súas respectivas colonias africanas de maneira ininterrompida.

Na localidade de Kodok, no actual Sudán do Sur, ocorreu o encontro de dúas expedicións militares, unha francesa que chegaba das beiras do océano Atlántico e outra británica que avanzaba desde Exipto seguindo o curso do Nilo, que ao atoparse entraron en pugna sobre os dereitos das súas respectivas nacións sobre a conca do Nilo. Este preito, aínda que non chegou ao enfrontamento armado, mobilizou a opinión pública de Francia e Gran Bretaña na defensa dos intereses imperialistas de ambos os países.

## América

Canadá redondeou este imperio universal. Foi convertida en dominio en 1867 séndolle outorgado un amplo grao de autonomía. Honduras, Xamaica ou Güiana constituíron así mesmo posesións británicas.

## O Imperio francés

Constituíu no século XIX, tras o británico, o segundo gran imperio en importancia e extensión. O seu máis significado impulsor foi *Jules Ferry* quen tentou mediante a política imperialista contrarrestar a derrota infrinxida polos prusianos en 1870 e estimular a autoestima nacionalista francesa. A comezos da centuria as posesións ultramarinas de Francia centrábanse nas Antillas e algunhas prazas da India. Mediado o século os territorios baixo o seu dominio incrementáronse e estendíanse por todo o orbe.

## África

En 1847 conquistou Alxeria, centro dos dominios do noroeste do continente.

Posteriormente, en 1881, conquistou Tunisia e en 1905 estableceu un protectorado en Marrocos coa oposición de Alemaña, o que provocou dúas crises que a punto estiveron de desembocar nun conflito bélico de carácter internacional.



*"A política colonial imponse en primeiro lugar nas nacións que deben recorrer á emigración, xa por ser pobre a súa poboación, xa por ser excesiva. Pero tamén se impón nas que teñen ou ben superabundancia de capitais ou ben excedente de produtos esta é a forma moderno actual máis estendida e máis fecunda (...).*

*Desde este punto de vista, repítoo, a fundación dunha colonia é a creación dun mercado (...). No tempo en que estamos e coa crise que pasan todas as industrias europeas, a fundación dunha colonia é a creación dunha saída. Alí onde permanece o nó colonial entre a nai-patria que produce e as colonias que ela fundou, terase o predominio dos produtos: económico, e tamén político (...)*

*(...)se a Declaración dos Dereitos do Home foi escrita para os negros de África ecuatorial, entón, con que dereito van vostedes a impoñerlles os intercambios, o tráfico? Eles non os chamaron...*

*As razas superiores teñen o deber de civilizar as razas inferiores. E existe alguén que poida negar que hai máis xustiza, máis orde material e moral na África do Norte desde que Francia fixo a súa conquista?"*

Discurso de Jules Ferry ante a Cámara de Deputados, París, 1885.

O territorio coñecido como Congo francés (o outro sería o belga) foi declarado colonia en 1881.

Con todo, perdeu influencia en Exipto e Sudán: ambos os territorios caeron baixo o dominio británico. No centro do continente posuía Senegal, Guinea, Costa do Marfil, Benín (Dahomey) e Chad.

En 1898 conseguiu Madagascar, pero tras o Incidente de Fachoda cos británicos abandonou o proxecto de unir os extremos Leste e Oeste do continente que lle permitisen abrirse aos océanos Atlántico e Índico a través de Sudán.

Ademais dos problemas con Gran Bretaña, a expansión francesa por África non estivo exenta de tropezos con outras potencias, como é o caso de Alemaña.

Nun desexo de resarcirse da perda de Sudán (tras Fachoda) proxectou controlar todo o Magreb (en especial Marrocos), pero entrou en colisión con Alemaña, dando orixe á crise de 1905, que sería liquidada tras a *Conferencia de Alxeciras (1906)*.

En 1911 desatouse entre ambas as potencias un novo conflito que se saldou coa concesión da ampliación do territorio de Camerún en beneficio de Alemaña. Estas desavinzas hai que enmarcalas no clima de tensión que vivía a política internacional na antesala da Primeira Guerra Mundial.

## Asia

Conquistou Indochina: Birmania (Myanmar), Laos, Tailandia, Vietnam (Annam e Tonkín), Cambodja e Malaisia, formando con eles a "Unión Indochina". Interveu na China conseguindo trato de favor para o comercio a través dos denominados "***Tratados desiguais***<sup>4</sup>".

## Oceanía

Dominou Nova Caledonia e outras illas do Pacífico.

## América

Controlou no océano Pacífico Tahití e as Illas Marquesas e o arquipélago de Miquelón en Canadá. En América do sur controlou a Güiana.

## Outros imperios europeos

### Rusia

Non se proxectou fóra do seu propio ámbito xeográfico e buscou a súa expansión terrestre por Asia seguindo a tradición iniciada no século XVI.

A acción expansiva rusa no século XIX dirixiuse en tres direccións: incorporación das terras ao sur do Cáucaso, zona costeira do Pacífico (Vladivostok), Turquestán e Pamir. No intento de dominio de Manchuria, Rusia será derrotada por Xapón en 1905.

---

<sup>4</sup> *Tratados desiguais* é un termo que fai referencia á calidade de condicións nas que foron asinados certos tratados entre varios Estados do leste de Asia e potencias estranxeiras no século XIX. Aínda que principalmente é usado para referirse aos asinados pola dinastía Qing da China. Tamén foron desiguais os tratados asinados polo Shogunato Tokugawa de Xapón e a dinastía Joseon de Corea. Os devanditos tratados foron asinados durante o século XIX e principios do século XX, período no cal eses Estados foron incapaces de resistir as presións militares e económicas das potencias de Occidente.

## Alemaña e Italia

Ambos os países, ocupados no seu proceso de unidade nacional, incorporáronse serodiamente á empresa imperialista.

Alemaña logrou anexionar tras a Conferencia de Berlín algunhas posesións africanas: Togo, Camerún e Tanganica; en Oceanía: Nova Guinea e os arquipélagos de Bismarck, Marianas e Carolinas (estas últimas compradas a España por Guillerme II en 1899). **Italia** ocupou unha serie de territorios africanos: Eritrea, a costa somalí do océano Índico, pero foi derrotada en Adua (Abisinia). Máis tarde arrebatou Trípoli e a Cirenaica (na actual Libia) a Turquía.

## Bélxica

Asegurou o dominio da conca do Congo, que tras o Congreso de Berlín en 1885 foi incorporado á soberanía persoal do rei Leopoldo II.

## Portugal e España

Portugal reafirmou e asegurou a súa presenza en **Angola e Mozambique**, pero o seu proxecto de unir ambos os territorios fracasou.

España, tras unha guerra cos Estados Unidos de América (EUA), perdeu en 1898 as súas colonias de Cuba, Porto Rico, Guam (Oeste do Océano Pacífico) e Filipinas. Con todo, conservou en África Occidental Ifni, Río Muni e a illa de Fernando Poo.

## Os imperios non europeos

### Estados Unidos

Tras a Guerra de Secesión (1861-1865) iniciaron a súa expansión colonial coa compra de Alasca a Rusia e a guerra con España (1898), que lle conferiu o dominio do Caribe (Porto Rico) e a influencia sobre Cuba. En Asia arrebatou Filipinas a España.

Con todo, gran parte da acción imperialista dos EUA concentrouse na conquista dos enormes territorios situados ao oeste das primixenias 13 Colonias. O proceso alcanzou o seu máximo apoxeo no período comprendido entre 1860 e 1890, e concluíu coa derrota da resistencia aborixe.

Non obstante o imperialismo norteamericano fundamentouse non tanto na **ocupación de territorios fóra do seu ámbito xeográfico como no control económico que exerceu sobre todo o continente americano.**

**Xapón.** Tras a Revolución Meiji e a súa rápida industrialización anexiona diversos territorios asiáticos: Formosa e Corea á conta da China. Máis tarde farao con Manchuria.

## **Resistencia ao Imperialismo**

### **Nas colonias**

A pesar da superioridade técnica e militar dos colonizadores, a penetración en determinados territorios non estivo exenta de conflitos cos seus habitantes; nalgúns casos supuxeron auténticas desfeitas militares para os exércitos imperialistas.

Por outra banda, non toda a poboación metropolitana estivo de acordo na acción agresiva dos seus propios Estados. Pronto xurdiron voces contrarias ao que consideraban unha agresión e un espolio inxustificables.

Estivo máis ou menos organizada e oscilou entre a creación de sociedades secretas articuladas ao redor da idea de conservación dos valores culturais autóctonos, e a acción violenta xurdida como reacción á explotación e represión alentada desde as metrópoles.

Pola súa importancia destacaron os seguintes conflitos:

### **China: a Guerra do Opio (1839-1842)**

A Guerra do Opio foi o conflito que mantiveron China e Gran Bretaña entre os anos 1839 e 1842. O seu desencadeamento foi provocado pola introdución na China de opio cultivado na India e comercializado pola compañía británica das Indias Orientais, administradora da India.

Esta substancia (unha droga estupefaciente) constituía unha importante fonte de ingresos para os británicos e servía para equilibrar a súa balanza de pagamentos coa China ao compensar o gasto das inxentes cantidades de té chinés que Gran Bretaña importaba.

### **India: a revolta dos sipaios 1857-1859**

Os sipaios eran soldados indíxenas encadrados dentro do exército británico da India. En 1857 rebeláronse contra a metrópole. O detonante da revolta estivo ligado a razóns de índole relixiosa: o uso de graxa de porco (animal considerado impuro por hindús e musulmáns) na munición dun novo modelo de fusil utilizado polo exército.



Con todo, tras esta causa existían outros motivos de maior calado, como os abusos cometidos pola Compañía Británica das Indias Orientais, desafortunados cambios administrativos ou as expropiacións de terras no norte da India.

### **China: a rebelión dos bóxers (1900)**

A rebelión dos bóxers foi a expresión do descontento chinés fronte ás inxerencias económicas e políticas das potencias europeas, evidenciadas a través das "guerras do opio" contra Gran Bretaña (1839-1842 e 1856-1860) e contra Xapón (1894-1895).

Os bóxers ("boxeador", "púxil") constituían unha sociedade secreta con connotacións políticas, practicantes de artes marciais. O seu obxectivo era expulsar os estranxeiros da China. En 1899 emprenderon unha campaña de terror polo norte do país que, inicialmente, se dirixiu contra misioneiros cristiáns.

### **África**

A conquista do continente africano provocou incidentes entre as potencias colonialistas e os pobos nativos. Entre os conflitos máis significativos destacaron:

#### **Etiopía (Abisinia)**

Neste territorio os pobos autóctonos guiados polo emperador Menelik II derrotaron o exército invasor italiano en Adua (1886). Etiopía conseguiu dese modo escapar do dominio estranxeiro. Máis tarde, en 1912, Italia invadiu Libia, territorio que controlou con maior ou menor fortuna ata 1945.

#### **A guerra zulú (1879)**

Os zulús constitúen unha etnia asentada no sur de África, especialmente na rexión de Natal. O asentamento de grupos de colonos europeos, primeiro de orixe holandesa (os bóers) e máis tarde británicos, provocou tensións que desembocaron nunha guerra, iniciada en 1879.

#### **América do Norte: os indios**

Ao longo do século XIX producíronse numerosas disputas entre os aborixes indios e os colonos que avanzaban desde o leste na procura de terras para a agricultura, pastos para o gando ou xacementos de metais preciosos.

Pero estes conflitos agudizáronse durante a década dos corenta en forma de guerras máis ou menos virulentas, froito das cales os indíxenas norteamericanos (apaches, navajos, arapahos, cheiéns, síux etc.) perderon as súas terras.

O resultado deste proceso foi a súa **reclusión en reservas**, localizadas a maior parte das veces en lugares afastados aos que non sentían vinculados nin xeográfica nin culturalmente.



**Destacaron nestas guerras dous incidentes de especial virulencia:**

O primeiro deles aconteceu en 1875, e foi protagonizado por unha coalición de indios síux e cheiéns, que dirixidos por Touro Sentado, aniquilaron o famoso VII Rexemento de Cabalaría capitaneado polo tenente coronel George Custer na batalla de Little Big Horn<sup>5</sup>.

O segundo tivo lugar en Wounded Knee, cando o exército americano masacró uns 200 membros da tribo síux totalmente desarmados (entre eles numerosas mulleres e nenos).

**Nas metrópoles**

No seo das potencias imperialistas alzáronse voces que desautorizaron a política expansionista dos seus gobernos. Esta oposición arrincou a finais de século XIX para facerse máis forte xa no XX.

Xeralmente foron as formacións políticas e os intelectuais de esquerda os que denunciaron os excesos cometidos sobre os pobos sometidos e a súa posterior explotación. Significativa foi o labor da Segunda Internacional, que no **Congreso de Stuttgart (1907)** denunciou a política imperialista. Lenin na súa obra "*O Imperialismo, fase superior do capitalismo*" apoiaba a alianza entre os movementos de independencia das colonias e a clase traballadora das metrópoles a fin de realizar a revolución. Outras consciencias que criticaron esa política foron as dalgúns misioneiros, testemuñas de primeira liña da actuación imperialista.

---

<sup>5</sup>Titulo orixinal: *They Died with their Boots On*

**Ano:** 1941. **DURACIÓN:** 138 min. **Pais:** EE UU. **Director:** Raoul Walsh. **Guión:** Wally Kline & Aeneas Mackenzie. **Música:** Max Steiner. **Fotografía:** Bert Glennon (B&W). **Reparto:** Errol Flynn, Olivia de Havilland, Arthur Kennedy, Charles Grapewin, Gene Lockhart, Anthony Quinn. **Produtora:** Metro-Goldwyn-Mayer. **Productor:** Hal B. Wallis. **Sinopse:** George Custer (Errol Flynn) chega á academia de West Point cheo de arrogancia e presunción. O seu carácter indisciplinado carrexaralle numerosos problemas cos seus superiores. A pesar de todo, e debido á perentoria necesidade de oficiais para a Guerra de Secesión, é enviado á fronte. Ao terminar a guerra casa con Beth (Olivia de Havilland), e o seu novo destino é a loita contra os indios, que terminará coa famosa e mítica batalla de Little Big Horn.

## 2.1.2 Consecuencias do imperialismo

As consecuencias da expansión imperialista occidental son complexas e é moi difícil simplificar. A conquista e a ocupación baseáronse na violencia, e o sistema colonial sustentouse na opresión e discriminación racial. Nalgúns casos os efectos económicos foron nocivos e as poboacións indíxenas viron como unha cultura externa se impoñía sobre a súa propia. Doutra banda, os occidentais achegaron adiantos científicos e técnicos que directa ou indirectamente beneficiaron as poboacións colonizadas.

Consecuencias demográficas para os colonizados. En xeral, a poboación incrementouse como consecuencia da diminución da mortalidade, grazas á introdución do medicamento moderno occidental e a persistencia de altas taxas de natalidade. Iso traducíuse nun desequilibrio entre poboación e recursos que hoxe en día constitúe un grave problema para os Estados xurdidos da descolonización. Con todo, nalgúns zonas a poboación autóctona sufriu unha drástica redución (especialmente nos inicios do imperialismo) como consecuencia da importación de enfermidades descoñecidas (vexigas, gripe etc.). Noutros lugares, a poboación indíxena foi simplemente substituída por colonos estranxeiros.

### Consecuencias económicas para os colonizados

Para a posta en marcha da explotación económica dos territorios ocupados fíxose necesario o establecemento dunhas mínimas infraestruturas. Dese modo foron creados portos, ferrocarrís e estradas encamiñados a dar saída ás materias primas e agrícolas que ían destinadas á metrópole. As colonias convertéronse en abastecedoras das mercadorías necesarias para o funcionamento das industrias metropolitanas, en tanto que estas colocaban as manufacturas nos seus dominios. A economía tradicional baseada nunha agricultura autosuficiente e de policultivo foi substituída por outra de exportación, en réxime de monocultivo, ocasionando a desaparición das formas ancestrais de produción e a extensión de cultivos como o do café, cacao, caucho, té ou cana de azucre. Amplas zonas foron cavadas para ser adaptadas ás novas exixencias económicas, o que deu lugar a notables cambios da paisaxe e graves alteracións do medio natural.

### Consecuencias sociais para os colonizados

A burguesía procedente das metrópoles, integrada por comerciantes, funcionarios e terratenentes, copou os niveis altos e medios da sociedade colonial. Houbo casos en


que certos grupos autóctonos foron asimilados polos colonizadores e pasaron a formar parte da cúspide social. Isto ocorreu fundamentalmente coas antigas elites dirixentes, membros dalgúns corpos do exército e funcionarios da administración colonial.

Contrastando con esa minoría, a maior parte da poboación autóctona foi obxecto dun xeneralizado proceso de proletarización que incrementou as abundantes reservas de man de obra destinada á creación de infraestruturas e á agricultura de plantación.

### Consecuencias políticas para os colonizados

O maior ou menor grao de dependencia das colonias respecto da metrópole estivo determinado polo tipo de organización administrativa que lles foi imposta.

Esa imposición non estivo exenta de conflitos que constituíron o xerme do antiimperialismo. Habitualmente foron protagonizados polas clases medias nativas occidentalizadas, que lle reclamaban á metrópole un maior respecto ás tradicións autóctonas e a participación nas decisións que se adoptaban sobre os territorios administrados. En moitos casos os naturais das colonias demandaron os mesmos modos democráticos que as metrópoles defendían para si mesmas pero negaban ás súas colonias: liberdade, igualdade, soberanía nacional etc.



Mohandas Karamchand Gandhi (2 de outubro de 1869 - 30 de xaneiro de 1948). Pensador e político indio. Coñéceselle co sobrenome de Mahatma.

Un exemplo temperán que plasmou o espírito destes movementos foi a creación do Partido do Congreso da India, liderado por Mohandas K. Gandhi, que estendeu a súa influencia polas capas máis desfavorecidas da sociedade colonial.

### Consecuencias culturais para os colonizados

O imperialismo ocasionou a perda de identidade dos poboadores indíxenas e implantou os patróns de conduta, a educación e a mentalidade dos colonizadores. A lingua dos dominadores (especialmente o inglés e o francés) foi imposta, conducindo a un forte grao de aculturación.

A relixión cristiá (católica, anglicana ou protestante) desprazou os credos preexistentes en moitas zonas de África ou ben fusionouse con eles, o que deu lugar a crenzas de carácter sincrético<sup>6</sup>.

---

<sup>6</sup> Sincretismo relixioso: o que combina elementos ou crenzas de dúas ou máis relixións diferentes.

Con todo, no mundo musulmán e Asia a experiencia evanxelizadora foi escasa comparada coa do África negra, debido ao arraigamento de antigas e complexas relixións, como o budismo e o hinduísmo.

### Consecuencias xeopolíticas para os colonizados

Os mapas políticos víronse alterados pola creación de fronteiras artificiais que nada tiñan que ver coa configuración preexistente, forzándose a unión ou segregación de grupos tribais e étnicos, o que provocou innumerables conflitos raciais que se mantiveron vivos ata os nosos días (Ruanda, Liberia etc.).

### Consecuencias ecolóxicas para as colonias

A introdución de novos métodos de explotación agrícola e de especies animais e vexetais inéditas provocou profundas alteracións ou a absoluta destrución dos ecosistemas naturais.

Dese modo, o bisonte, esencial na vida e cultura de numerosos pobos indios de América do Norte, foi case exterminado por cazadores brancos; o coello converteuse nunha auténtica praga tras ser introducido en Australia e carecer de depredadores naturais. As grandes selvas tropicais víronse sometidas a unha intensa deforestación causada pola sobreexplotación dos recursos madeireiros e a expansión do monocultivo de plantación; os ríos foron contaminados con metais pesados (mercurio e outros) como consecuencia dos métodos aplicados á extracción de metais preciosos e os refugallo procedentes da actividade mineira.

### Consecuencias para as metrópolis

#### Desde o punto de vista económico

O imperialismo serviu de estímulo á industrialización naquelas áreas onde aínda era débil e favoreceu a súa consolidación alí onde xa estaba en marcha. De todos os xeitos, o principal obxectivo das metrópolis foi a obtención de materias primas abundantes e baratas e a colocación dos produtos manufacturados polas súas industrias nas colonias.

#### Desde o punto de vista internacional

Constituíu unha inesgotable fonte de tensións e conflitos -as crises marroquís foron un exemplo- que culminaría no estalido da Primeira Guerra Mundial.

## Actividade resolta

Defina con precisión que é o imperialismo?

As potencias coloniais estableceron distinto tipos de colonias en función do tipo de explotación que pretendían desenvolver. Una o tipo de colonia coas súas características.

<p>Denomínase <b>imperialismo</b> ao proceso de expansión económica e territorial que tivo lugar en Europa a partir de 1870 ata o comezo da Primeira Guerra Mundial. Durante este período moitos países europeos (Gran Bretaña, Alemaña, Francia, Holanda, Bélxica, Portugal, Italia e España) e extraeuropeos como foi o caso dos EE UU e Xapón estendéronse e anexionaron múltiples territorios como Asia ou o Pacífico ou repartiron literalmente África.</p>	<p>Aproveitando a súa superioridade técnica e financeira creáronse auténticos imperios coloniais, creados aproveitando a debilidade das estruturas económicas e políticas deses territorios. Esta expansión foi consecuencia da procura fóra de Europa de mercados e materias primas para a revolución industrial e deuse ata o comezo da Primeira Guerra Mundial, en 1914 e permaneceron ata a descolonización, nos anos 60.</p>
<p>1. Colonia de explotación</p>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Pouca inmigración europea e escasa autonomía gobernativa. Dependían completamente da metrópole, que explotaba os seus recursos económicos.</li></ul>
<p>2. Colonia de poboamento</p>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Forte inmigración europea e certa capacidade de autogoberno. Xestionaba os seus recursos e a súa poboación aínda que cumprindo coas exigencias da metrópole.</li></ul>

## Actividades propostas

S1. Indique se a seguinte afirmación é verdadeira ou falsa.

<p>A Conferencia de Berlín, celebrada en 1885, estableceu que para que un país tivese dereito sobre un territorio debía exploralo completamente.</p>	<p>a) Verdadeiro b) Falso</p>
--	-----------------------------------

S2. Lea o texto seguinte e, tras completar os espazos baleiros, explique brevemente o que significa.

<p><i>"Razas superiores!, Razas .....! É fácil dicilo. Pola miña parte, eu apártome de tal opinión, especialmente despois de ver a sabios ..... demostrar cientificamente que a francesa é unha raza ..... á alemá. Non, non existe o dereito das chamadas nacións superiores sobre as nacións chamadas inferiores. A conquista que Vde. [J. Ferry] preconiza é o abuso, liso e chairro, da forza que dá a ..... científica sobre as civilizacións ....., para apropiarse do home, torturalo e ..... toda a forza que ten, en beneficio dun pretendido ....."</i></p> <p>G. Clemenceau. Discurso na Cámara de Deputados, Francia, xullo de 1885.</p>
--

S3. Indique cales foron as principais consecuencias da **expansión colonial**.

## 2.2 O Mundo de 1914 a 1918. A Primeira Guerra Mundial. A Revolución rusa

As imaxes que podemos ver do verán de 1914 deixan abraiado o observador actual. Mozos de toda Europa encamiñanse cara á guerra coma se marchasen a unha gran festa. Todos pensaban nun conflito rápido e curto, no que, por suposto, a súa nación ía gañar demostrando o seu poder.

A realidade foi ben distinta. **A Gran Guerra** foi un conflito bélico completamente diferente ao que coñeceran as xeracións anteriores. Soldados de todo o mundo, de Europa e as súas colonias, dos EUA, do Xapón... loitaron en fronteiras que se situaron no corazón de Europa e en zonas distantes e exóticas.

As potencias industriais puxeron todo o seu poderío tecnolóxico ao servizo da guerra. O resultado foi demoledor. O sufrimento da poboación civil e os soldados alcanzou límites que ninguén podía concibir en 1914.

### 2.2.1 As causas da guerra

Os factores que nos explican o estalido da Primeira Guerra Mundial son moi variados. Estes son os principais

- A nova política internacional expansionista emprendida polo emperador alemán **Guillermo II** en 1890.
- O cambio na relación de **poder económico** entre as potencias, cunha Gran Bretaña asustada ante o poder industrial alemán e ao rearmamento naval emprendido polo goberno de Berlín.
- **Os conflitos entre as potencias coloniais** en África e Asia.
- A rivalidade territorial entre Francia e Alemaña polas rexións de Alsacia e Lorena.
- A rivalidade entre Rusia e Austria-Hungría pola hexemonía nos Balcáns<sup>7</sup>

A todo o anterior uniuse o ascenso de países extraeuropeos como os **Estados Unidos e Xapón ao rango de potencias mundiais.**

---

<sup>7</sup> En Historia, aos Balcáns chámaseles o "**enxame balcánico**", xa que se houbo unha zona de especial conflito en Europa, ao longo do século XIX e principios do XX, este lugar foi os Balcáns, onde se confrontaron, por unha banda, a loita de diversos pobos pola independencia do Imperio otomán, e a loita de dous imperios, o austro-húngaro e o ruso, polo seu control e a saída ao Mediterráneo. A iso sumábase a loita dos novos Estados entre si. O conflito desta zona, ou "enxame" como se lle chamou na época, desembocará finalmente, como unha causa máis, na Primeira Guerra Mundial.

## A formación das alianzas e as crises que precederon o conflito

Nos anos anteriores á guerra, as potencias foron formando alianzas militares para defender mellor os seus obxectivos.



Portada de *Le Petit Journal* de 1908.


**A Tripla Alianza (1882)** ligaba a **Alemaña con Austria-Hungría e Italia**. Fora asinada en 1882, nos tempos do chanceler Bismarck. O Reich alemán e o Imperio austro-húngaro constituíron o núcleo central desta alianza.

**O Triplo Acordo (1907)** formado por **Gran Bretaña, Francia e Rusia** terminou por configurarse en 1907.

A crecente agresividade alemá levou a que Francia e Gran Bretaña puxesen fin ás súas diferenzas coloniais. A rivalidade entre Austria-Hungría e Rusia nos Balcáns empuxou a Rusia cara a esta alianza.

Durante a década anterior á guerra sucedéronse catro crises internacionais que marcaron a evolución cara ao

conflito xeneralizado: Dúas tiveron lugar en Marrocos e enfrontaron a Alemaña e Francia; as outras dúas crises tiveron lugar nos Balcáns, onde Rusia e Austria-Hungría pugnaban por substituír a Turquía como potencia hexemónica.



## Novas características da Gran Guerra

- Mobilización de grandes exércitos (ata 70 millóns de combatentes) e implicación do conxunto da poboación civil adoutrinaada por unha eficaz propaganda nacionalista.
- Gastos incalculables, os gobernos deseñan plans económicos a "**economía de guerra**".
- Consecuencias devastadoras: éxodo de millóns de persoas, grandes movementos de refuxiados etc.




- Participación de países europeos e non europeos, así como territorios coloniais.

A primeira rivalidade importante aparece entre Francia e Alemaña tras a guerra de 1871 (polo control de Alsacia e Lorena); por iso Bismarck (chanceler alemán) buscará que Francia quede illada mediante estratexias diplomáticas. Creou a Tripla Alianza (1882) formada por Alemaña, Austria-Hungría e Italia, mentres que Rusia permanecía illada.

Pero despois de Bismarck, Rusia abandonou o seu illamento e creouse outra alianza: o Triplo Acordo (1907) formada polo Reino Unido, Francia e Rusia. Estas alianzas déronse no medio dunha política de carreira de armamentos ou rearmamento industrial (1890-1914), por iso este período foi coñecido como a **Paz Armada**.

A outra rivalidade importante é a que xorde entre Alemaña e Reino Unido pola competencia industrial e naval entre ambas. A construción de barcos de guerra alemáns poñía en perigo o control británico dos mares.



Finalmente temos a rivalidade entre Austria-Hungría e Rusia porque ambos querían controlar a península balcánica. Austria-Hungría desexa ampliar as súas fronteiras e Rusia necesita controlar os estreitos para que a súa frota do Mar Negro poida chegar ao Mediterráneo, todo iso á conta dun débil Imperio otomán. Isto levou a tres crises: A primeira en 1908 pola anexión de Bosnia por Austria-Hungría. A segunda en 1912

pola vitoria da liga balcánica (aliada de Rusia) sobre os otománs, e en 1913 pola vitoria de Serbia na segunda guerra balcánica. A crise definitiva tivo lugar o 28 de xuño de 1914 cando o arquiduque Francisco Fernando, herdeiro ao trono austro-húngaro, foi asasinado en Saraievo (Bosnia). Un activista serbobosnio, Gavrilo Princip, membro da organización nacionalista serbia "A Man Negra", foi o autor do magnicidio. O xogo das alianzas levou a que un conflito local se convertese en europeo e mundial.

As futuras revolucións burguesas que se desenvolven ao longo do século XIX volverán os seus ollos cara a ela. Sucedeu así nas ondas de 1820, 1830 e 1848 e nos procesos de independencia colonial que deron orixe a novos Estados, como os da América hispana.

### A Gran Guerra 1914-1918. Os bandos enfrontados

Ao longo do conflito, diversos Estados fóronse unindo aos dous bloques en litixio. As novas adhesións tiveron un papel clave á hora de definir o vencedor da guerra. Estes foron os principais países contendentes e o ano en que entraron en guerra.

Ano	Triplo Acordo ou Aliados	Imperios Centrais
Agosto 1914	Francia / Reino Unido / Rusia Serbia / Bélxica	Alemaña Austria-Hungría
1914	Xapón	Imperio turco-otomán <sup>8</sup>
1915	Italia	Bulgaria
1916	Romanía	
1917	Estados Unidos / Grecia	
1918	Abandono de Rusia Paz de Brest-Litovsk <sup>9</sup>	

### Fases da guerra

O conflito desenvolveuse en diversas fronteas europeas, africanas e asiáticas. Os dous principais escenarios foron: a fronte occidental, que confrontaba a alemáns con británicos, franceses e, a partir de 1917, estadounidenses; e a fronte oriental, na que os rusos loitaron contra alemáns e austro-húngaros.

Tras un breve avance alemán no verán de 1914, a fronte occidental estabilizouse en longa e brutal guerra de trincheiras, foi a "guerra de desgaste". Mentres, na fronte oriental os alemáns avanzaron pero non de forma decisiva.

<sup>8</sup> A principios do século XX, o Imperio otomán ou Imperio turco era "*o home enfermo de Europa*". En realidade, tratábase dun Estado extraeuropeo xa que a inmensa maioría dos seus territorios se atopaban fóra de Europa, pero curiosamente, a súa evolución histórica ligábase ao Vello Continente.

O Imperio otomán formouse en 1453 cando os turcos conquistaron Constantinopla, hoxe Istambul. Foi un imperio tan poderoso nos séculos XVI e XVII que os seus exércitos chegaron a cercar Viena en sucesivas ocasións durante eses séculos.

<sup>9</sup> **Paz / Tratado de Brest-Litovsk:** Firmado entre a Rusia bolchevique e os Imperios Centrais, foi o primeiro dos tratados que puxeron fin á Gran Guerra. Malia que Trotsky tratou de prolongar ao máximo as negociacións, o envite final alemán en febreiro de 1918 derrubou as minguadas e desorganizadas tropas da Rusia soviética.

En 1917, dous acontecementos cambiaron o curso da guerra: os Estados Unidos entraron en guerra xunto aos Aliados; e Rusia, tras a revolución soviética, abandonou o conflito e asinou a paz por separado.

Finalmente, tras a ofensiva Ludendorf na primavera de 1918, o contraataque aliado conseguiu facer retroceder de forma decisiva o exército alemán. A derrota dos seus aliados e a revolución en Alemaña precipitaron a firma do armisticio o 11 de novembro de 1918. A Gran Guerra terminara.

Na historiografía distínguense catro etapas:

### **1. Guerra lóstrego ou de movementos (1914)**

Alemaña executa o Plan Schlifffen (que tenta evitar a guerra en dúas fronteiras), un ataque rápido a Francia entrando por Bélxica e Luxemburgo. Fracasa porque son freados na **Batalla do Marne**.

### **2. Guerra de posicións (1915-16)**

Ante a imposibilidade de romper as liñas inimigas, os exércitos escavaron **trincheiras** e manteñen as súas posicións. Este tipo de guerra obrigou ao desenvolvemento de novas armas: granadas de man, morteiros, metraladoras, lanzachamas, gases asfixiantes, aviación, o tanque etc. Buscábase un punto débil nas defensas inimigas para romper a fronte por aí. **A batalla de Verdún** iniciada polos alemáns para romper as liñas e a de Somme iniciada polos aliados co mesmo fin, acabaron en táboas (con 1,8 millóns de mortos nas dúas). Italia cambia de alianza e entra na guerra contra Alemaña e Austria a cambio de promesas territoriais.

### **3. Mundialización da guerra (1917)**

Os EE UU (aliado comercial do Reino Unido) declara a guerra a Alemaña polos seus ataques marítimos, e Rusia, tras a Revolución rusa, retírase da guerra (**Paz de Brest-Litovsk en 1918**).

### **4. Fin da guerra (1918)**

Coa fronte oriental desaparecida, Alemaña fai un último intento de chegar a París pero fracasa. Nos Balcáns os seus aliados derrúbanse e réndense; asinan o armisticio Bulgaria, Turquía e Austria-Hungría. Alemaña queda soa. Estalan motíns no país polo que o káiser Guillerme II abdica e proclámase a República. Este novo goberno será o que asine a rendición alemá (11/11/1918).

## Os tratados de paz

O 18 de xaneiro de 1919, os representantes dos países vencedores reuníronse na **Conferencia de París**, baixo a dirección do denominado Comité dos Catro: o presidente estadounidense **Wilson**, o primeiro ministro británico **Lloyd George**, o primeiro ministro francés **Clemenceau** e **Orlando**, o xefe do executivo italiano.

Os representantes dos derrotados non foron convidados á conferencia de paz. Os acordos, duramente negociados entre os vencedores e concretados nos diversos tratados de paz, fóronlles presentados como un feito consumado ao que simplemente debían encartarse.

Os alemáns, representantes da recentemente nada república de Weimar, asinaron o 28 de xuño de 1919 tras ser ameazados cunha invasión total do seu país. **En Alemaña empezouse a falar do "diktat", da imposición, de Versalles.**<sup>10</sup>

**Os países vencedores foron asinando diversos tratados de paz con cada unha das nacións derrotadas:**

O **Tratado (ditado) de Versalles con Alemaña**, o **Tratado de Saint-Germain con Austria**, o **Tratado de Trianon con Hungría**, o **Tratado de Neuilly con Bulgaria** e, sucesivamente, o **Tratado de Sèvres** e o **Tratado de Lausanne con Turquía**.



Sinatura do Tratado de Versalles (ditado) na Galería dos Espellos

*Se o que nos propoñemos é que, polo menos durante unha xeración, Alemaña non poida adquirir sequera unha mediana prosperidade; se cremos que todos os nosos recentes aliados son anxos puros e todos os nosos recentes inimigos, alemáns, austríacos, húngaros e os demais son fillos de do demo; se desexamos que, ano tras ano, Alemaña sexa empobrecida e os seus fillos morran de fame e enfermen, e que estea rodeada de inimigos (...) Se tal modo de estimar as nacións e as relacións dunhas con outras fose adoptado polas democracias da Europa occidental, entón, que o Ceo nos salve a todos!. Se nós aspiramos deliberadamente ao empobrecemento da Europa central, a vinganza, non dubido en predicilo, non tardará.*

J. M. Keynes, *As consecuencias económicas da paz*, 1919


## Consecuencias da I Guerra Mundial

- O mundo que xurdiu tras a catástrofe de 1914-1918 foi moi diferente do anterior á guerra.
- O máis evidente foron as terribles perdas humanas: oito millóns de mortos, millóns de feridos, mutilados, viúvas e orfos, e a destrución material que sufriu especialmente Europa.

<sup>10</sup> O Tratado de Versalles coñécese na Historia como o "Ditado de Versalles", "*diktat*", xa que Alemaña non foi participante nas negociacións e si obrigada a firmalo.

## Cambios sociais e ideolóxicos a raíz da Gran Guerra

- **De tipo demográfico:** 9 millóns de mortos, 6,5 millóns de inválidos e un elevado número de mutilados e orfos, forte descenso da natalidade.
- **De tipo económico:** Os países belixerantes endebédanse e os EE UU convertéronse no gran prestamista. Europa perde poder económico e aparece o nacionalismo nas súas colonias. **Os EE UU**, que gañaran a guerra pero non sufriran o conflito no seu territorio, **convertéronse na primeira potencia mundial.**
- **De tipo político:** Estados Unidos e Xapón convertéronse en poderosos Estados. Desmembramento dos grandes imperios (Austria-Hungría, Rusia, Turquía) e aparición de novos Estados: Polonia, Finlandia, Estonia, Letonia, Lituania, Iugoslavia e Hungría. As monarquías tradicionais foron destronadas en Rusia, Austria, Alemaña e Turquía, e as repúblicas constitucionais e democráticas gañaron terreo.



- **De tipo social:** Implantouse aos poucos o sufraxio universal masculino e despois o feminino. **Progresiva emancipación da muller pola súa importancia laboral** ao substituíren os homes durante o conflito. A mobilización masiva dos homes levou á incorporación da muller ao traballo, o que supuxo un gran paso adiante no camiño da emancipación feminina.
- O triunfo da **revolución soviética e a crise social** que seguiu á guerra alentou as **protestas obreiras** nun clima prerrevolucionario en moitos países.
- O **exacerbado nacionalismo** alentado durante a guerra, unido ao medo a unha revolución comunista, desenvolveron un estado de opinión nas clases medias que foi o **caldo de cultivo dos movementos fascistas e de extrema dereita.**

## Conclusión: uns malos tratados de paz

<p><b>ALEMAÑA</b></p>	<p>Alemaña tiña aceptado o armisticio tomando como base os "catorce puntos" de Wilson. Con todo, atopouse con que non se lle permitiu participar na conferencia de paz e foi tratada duramente na Paz de Versalles (O "diktat" de Versalles). A postura "dura" de Clemenceau impúxose.</p> <p>Ao ser declarada "<i>responsable do conflito</i>", as perdas territoriais no leste e as enormes reparacións de guerra ás que se viu obrigada foron as cláusulas especialmente inaceptables para os alemáns.</p>
<p><b>ITALIA</b></p>	<p>Tras a firma dos tratados de paz, en Italia repetíase a frase "Gañamos a guerra, pero perdemos a paz". Así se resumía a xeneralizada sensación italiana de ser menosprezados en París e conseguir poucos beneficios tras perder 460.000 vidas humanas durante o conflito.</p>
<p><b>EUROPA CENTRAL E ORIENTAL</b></p>	<p>A aplicación do principio das nacionalidades a unha realidade tan complexa étnica e lingüisticamente como a desta zona provocou un delicado labor de deseño de fronteiras tratando de separar o que a miúdo era inseparable. As minorías nacionais foron a regra nos novos Estados xurdidos na rexión. A zona estaba chea de focos de conflito.</p>
<p><b>FRANCIA</b></p>	<p>A pesar de impoñer duras condicións a Alemaña, Francia non conseguirá que os países anglosaxóns se comprometesen a un pacto que garantise o seu apoio ante un eventual ataque alemán. A negativa norteamericana a asinar os tratados impediu esta aspiración francesa.</p> <p>A fragilidade da posición francesa quedou clara en canto Hitler reiniciou o rearmamento alemán na década dos anos trinta. Clemenceau acadara un tratado moi duro con Alemaña, con todo, non conseguira unha situación de forza que permitise a súa aplicación.</p>
<p><b>EE UU</b></p>	<p>A hexemonía dos republicanos durante os anos vinte marcou unha clara tendencia isolacionista. A negativa a entrar na <b>Sociedade de Nacións</b> levou a un desentendemento dos asuntos políticos europeos enormemente nocivo para a estabilidade mundial xa que EE UU era xa a primeira potencia mundial. Con todo, no terreo económico os norteamericanos non optaron polo illamento. A súa negativa a condonar as débedas dos aliados do Acordo, no lado negativo, ou a súa intervención para solucionar o problema das indemnizacións de guerra de Alemaña co Plan Dawes de 1924, no positivo, mostran como o isolacionismo non se deu nas cuestións económicas.</p>
<p><b>URSS</b></p>	<p>Tras intervir directamente e axudar o Exército Branco durante a guerra civil, as potencias vencedoras optaron por desenvolver o que se denominou "cordón sanitario" ao redor da URSS comunista, co establecemento dunha serie de Estados antisoviéticos que cercasen o novo Estado soviético. Tratábase de <b>impedir a expansión do comunismo</b> e debilitar a URSS. A URSS foi illada e <b>non se lle permitiu o ingreso na Sociedade de Nacións</b>. Outra gran potencia que quedaba fóra do concerto de nacións deseñado en París en 1919.</p>



## A Sociedade de Nacións

Woodrow Wilson, o gran promotor da idea, fixo que a Conferencia de París, que iniciara as súas sesións o 18 de xaneiro de 1919, aprobase o día 25 unha resolución sobre a creación dunha **Sociedade de Nacións**. En abril, a **Conferencia aprobou o Pacto da Sociedade de Nacións**, que foi anexado aos diversos tratados de paz. Entrou en vigor en xuño de 1919, cando se asinou o Tratado de Versalles.

A nova Sociedade fixou a súa sede en Xenebra (Suíza). As súas principais institucións eran unha Asemblea Xeral, un Consello, do que eran membros permanentes as grandes potencias, e un Secretario Xeral, encargado dirixir os máis de 600 funcionarios que traballaban para a Sociedade.

Tendo como **obxectivo esencial o mantemento da paz**, a Sociedade buscou garantir a protección dos pequenos países ante as grandes potencias. Tratábase de crear unha nova orde internacional baseada no principio da seguridade colectiva. O artigo 10º do Pacto consagraba este principio:

*"Os membros da Sociedade comprométense a respectar e a manter contra toda agresión exterior a integridade territorial e a independencia política presente en todos os membros da Sociedade. En caso de agresión, de ameaza ou de perigo de agresión, o Consello determinará os medios para asegurar o cumprimento desta obrigaón."*

A Sociedade de Nacións conseguiu algúns éxitos no seu labor, axudou a liquidar pacificamente algúns conflitos no período inmediato de posguerra e tivo o seu apoxeo no período 1924-1929 (Tratado de Locarno, 1925; Ingreso de Alemaña na Sociedade, 1926; Pacto Briand-Kellog, 1928), con todo, cando a situación internacional se enturbou tras a depresión de 1929, a Sociedade de Nacións mostrouse totalmente incapaz de manter a paz. Estes son os principais motivos:

### Ausencia de potencias chave no concerto mundial

- Os EE UU negáronse a entrar en 1920 e nunca participaron.
- Á Alemaña negóuselle o ingreso en principio. Tras o Tratado de Locarno, adheriuse en 1926 para saír de novo inmediatamente despois do ascenso de Hitler ao poder en 1933.
- Á URSS tamén se lle negou o ingreso, accedeu en 1934 e foi de novo expulsada en 1939.
- Xapón marchou en 1933 e Italia en 1936.
- Falta de medios económicos ou militares para impoñer as súas resolucións.

## Actividades propostas

S4. Relacione os países da listaxe seguinte cun dos tres grupos:

Tripla Alianza Tripla Acordo Países neutrais	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Italia</li><li>▪ Francia</li><li>▪ Rusia</li><li>▪ Dinamarca</li><li>▪ España</li><li>▪ Reino Unido</li><li>▪ Alemaña</li><li>▪ Austria-Hungría</li><li>▪ Xapón e Turquía</li></ul>
--	---

S5. Faga un esquema das consecuencias da I Guerra Mundial.

S6. Coa información que ten, tente responder as seguintes cuestións.

Como afectou o Tratado (ditado) de Versalles á Alemaña? Cre que terá algunha relación coa II Guerra Mundial? Razoe a resposta.	
--	--

### 2.2.2 A Revolución rusa

A Revolución rusa foi un dos acontecementos clave da historia do século XX. A Primeira Guerra Mundial someteu a tensións brutais a sociedade rusa e provocou a revolución que acabou coa autocracia tsarista. Tras unha efémera experiencia liberal, en novembro de 1917 triunfou a primeira revolución comunista da historia.

Lenin dirixiu con man de ferro o novo Estado soviético a través dun período de horror e calamidades. A Primeira Guerra Mundial, a revolución e a guerra civil golpearon duramente o tecido social ruso.

Stalin, o seu sucesor, concluíu a construción da ditadura comunista. A economía foi centralizada polo Estado e o poder político quedou en mans do ditador, que controlaba ferreamente o partido comunista e a sociedade soviética. O terror stalinista configurou un dos grandes réximes totalitarios do século XX.

O período de entreguerras é o tempo que transcorre entre a fin da I Guerra Mundial (1918) e o inicio da II Guerra Mundial (1939).

Durante este período vivíronse acontecementos tan importantes como a Revolución rusa, a Gran Depresión de 1929 e o ascenso dos totalitarismos.

Á vez, produciuse unha revolución científica e cultural que cambiou a percepción do mundo e puxo as bases de innovacións técnicas que chegan ata hoxe.



## A Rusia tsarista


Ao empezar o século XX, Rusia era un país atrasado económica e socialmente. A maioría da poboación está constituída por campesiñado pobre, e nos escasos núcleos industrializados a clase obreira vive en penosas condicións. Séguelle unha clase media de propietarios rurais (kulaks) e profesións liberais, e por encima unha burguesía enriquecida pola explotación mineira e industrial e unha minoría de aristócratas latifundistas.

**O sistema político é a autocracia tsarista.** O poder ocupáboo o tsar **Nicolás II**, da dinastía Romanov, home de personalidade débil. Para facilitar o dominio sobre un país tan grande e cun sistema social tan inxusto, **a relixión cristiá ortodoxa predicaba a submisión ao tsar e a resignación.**



3 de agosto de 1917. O tsar Nicolás II e o káiser Wilhelm II en Alemaña. Eran primos. O káiser tamén era primo do rei Xurxo V de Gran Bretaña.

En 1905 -despois da derrota sufrida fronte aos xaponeses- houbo un **intento de revolución.** O descontento social manifestouse con folgas, protestas e rebelións militares. Aparecen xa os primeiros soviets ou consellos. O tsar, asustado, fixo concesións políticas como a formación dun Parlamento: a Duma.



En canto puido organizar un exército e recuperar o seu poder ditatorial, anulou as promesas de liberdade e esmagou os soviets. A revolución fracasara. Pero a oposición ao réxime tsarista continuou crescendo, dividida en varias tendencias:

- os liberais de orixe burguesa, os socialrevolucionarios,
- o Partido Socialdemócrata (de carácter marxista e dividido, á súa vez, en *menxeviques* e *bolxeviques*).

### 1917. A revolución bolxevique

O intento revolucionario de 1905 foi como un ensaio xeral. En 1917, a revolución resultou xa imparable. Os desastres, a incompetencia militar e a miseria ocasionados pola participación de Rusia na I Guerra Mundial provocaron en febreiro de 1917 a caída do tsar.



Lenin, na súa oficina do Kremlin, 1918

Baixo o liderado indiscutible de Lenin, as ideas de partido dos bolxeviques eran:

- O partido actúa como "**vanguardia**" do conxunto do proletariado.
- Está integrado por "**revolucionarios profesionais**", organizados segundo un modelo centralizado e baixo unha disciplina férrea.
- Defende a **insurrección** como forma de loita e reivindicación política, e é contrario a establecer alianzas coa burguesía para derrocar o tsarismo.

As teses defendidas polos bolxeviques foron as que se impoñerían no proceso revolucionario de 1917.

Formouse un Goberno provisional, de carácter liberal-democrático, que acabaría presidindo Kerenski. A capital de Rusia cambiou o seu nome de San Petersburgo a Petrogrado. Pero o Goberno provisional foi moi impopular: negouse a sacar a Rusia da guerra e foi incapaz de poñer orde no país. Os soldados desertaban da fronte para volver ás súas terras.

Nesas condicións de desorganización total, os bolxeviques -a facción do Partido Socialdemócrata dirixida por Lenin - desencadearon a fase seguinte da revolución en outubro. Ocuparon os centros máis importantes da capital e asaltaron o Palacio de Inverno, sede do Goberno provisional.

O poder pasou ao Goberno dos Comisarios do Pobo, presidido por Lenin, o líder indiscutible. As súas primeiras medidas foron a **retirada da guerra (mediante a firma da paz con Alemaña)** e a **repartición de terras ao campesiñado**. Era necesario gañalo para que a revolución puidese triunfar.

**O partido bolxevique pasou a chamarse Partido Comunista**, creouse o **Komintern (III Internacional)** para coordinar o movemento comunista mundial, e procedeuse á **eliminación gradual dos grupos opositores**, tanto de dereita como de esquerda.

**O triunfo bolxevique non foi fácil**. Inmediatamente unha coalición antibolxevique, apoiada polos países do Acordo, organizou o **Exército Branco**, que se enfrontou durante máis de tres anos ao **Exército Vermello** comunista nunha cruenta guerra civil. Tras a vitoria bolxevique, en 1922 naceu a Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (URSS).

A morte de Lenin en 1924 abriu unha loita pola sucesión entre Trotsky e Stalin. A vitoria deste último levou ao establecemento dunha cruel ditadura totalitaria na URSS.

### A construción da URSS

Os bolxeviques tomaran o poder, pero tiñan que construír **o primeiro Estado socialista do mundo, a Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (URSS)**, cuxa capital se instalou en Moscova. O camiño para alcanzalo pasou por estas etapas:

## 1. A guerra civil e o comunismo de guerra

Sectores contrarios á revolución trataron de derrubar o poder bolxevique co apoio das potencias occidentais. O resultado foi unha terrible guerra civil (1918-1920). Para facerlle fronte creouse o Exército Vermello revolucionario e estableceuse unha férrea organización: o comunismo de guerra (nacionalización de sectores económicos claves, militarización do traballo, requisa de colleitas...). Os comunistas conseguiron derrotar os seus inimigos.

## 2. A Nova Política Económica (NEP)

A guerra civil deixou esnaquizado economicamente o país. En 1921, Lenin aceptou a introdución parcial de medidas capitalistas para recuperar a produción: permiso aos campesiños para vender parte das súas colleitas no mercado e fomento de pequenas empresas artesanais e cooperativas. Aínda que moi discutida, a NEP mantívose ata 1927.

## 3. O stalinismo

Stalin concentrou nas súas mans todo o poder e eliminou calquera resistencia ou oposición. Comezou así unha nova etapa na historia da URSS que durará ata a morte do líder soviético en 1953.

### A ditadura de Stalin

Na práctica, a ditadura de Stalin baseouse en tres alicerces:

- **Planificación económica centralizada: Os "plans quinquenais".** O primeiro, ata 1932, tivo como obxectivo central o desenvolvemento da industria pesada, necesaria para que a URSS fose unha gran potencia no medio dun mundo hostil.
- **Colectivización da agricultura:** Suprimíuse a propiedade privada do campo (empezando pola eliminación dos kulaks) e a produción agrícola organizouse de forma colectiva.
- **Política represiva:** As purgas eliminaron a disidentes do Partido e o Exército. E o terror masivo afectou sobre todo os campesiños que se resistían á colectivización e foron deportados a campos de concentración e traballos forzados.
- A conta de grandes sacrificios da poboación, **baixo o dominio de Stalin a URSS converteuse a finais dos anos trinta nunha auténtica potencia:**
  - Creceu a produción, construíronse grandes obras públicas (centrais eléctricas, o metro de Moscova...) e un potente exército. Todo iso mentres o mundo occidental vivía a crise do capitalismo de 1929.

- Gran crecemento numérico do Partido Comunista e proceso de burocratización. Os postos de dirección política e económica estaban ocupados exclusivamente por militantes do Partido.
- No campo artístico, **púxose fin á experimentación vangardista. Impúxose como arte oficial o "realismo socialista", co seu carácter propagandístico e de fácil comprensión para as masas.**

A URSS foi o foco da revolución socialista internacional, mediante o control dos partidos comunistas de todos os países a través do Komintern. Para conseguir a mobilización xeral da poboación soviética, Stalin estableceu unha das máis brutais ditaduras da historia. As grandes "purgas" nos anos trinta e o establecemento dun inmenso sistema de campos de concentración, os gulags, permitiron ao "tsar vermello" controlar con man férrea a sociedade soviética.

### 2.2.3 O período de entreguerras

#### Os fascismos

O termo "fascismo" é, posiblemente, un dos máis utilizados na terminoloxía política e histórica.

O fascismo, en sentido estrito, naceu en Italia ligado ao movemento político fundado por Benito Mussolini ao acabar a Gran Guerra. O uso do termo fascismo estendeuse moi pronto para referirse aos **movementos totalitarios de extrema dereita** que naceron no período de entreguerras en Europa. O exemplo máis relevante foi a versión alemá encabezada por Adolf Hitler: **o nacionalsocialismo ou nazismo**. En España, **a Falange e, en certa medida, a ditadura de Franco tiveron trazos típicos do fascismo**.

Por extensión, e ás veces incorrectamente, a palabra fascismo utilízase para referirse a todo tipo de movementos autoritarios de extrema dereita que xurdiron no mundo en épocas posteriores.

Do mesmo xeito que o comunismo soviético, o fascismo naceu en **sociedades desgarradas pola Primeira Guerra Mundial. A sociedade da posguerra foi o caldo de cultivo que permitiu o nacemento dunha ideoloxía cruel, responsable en gran medida da Segunda Guerra Mundial.**

## Características do fascismo

O fascismo constitúe un fenómeno complexo que adquiriu diferentes características segundo os países. **Un exemplo controvertido é o franquismo** que, aínda que compartiu co fascismo e o nazismo moitos e importantes trazos, tivo algúns elementos singulares, especialmente **o peso da Igrexa católica**, con respecto aos réximes italiano e alemán. Con todo, podemos distinguir unha serie de trazos comúns ao fascismo:

- Totalitarismo
- Antiliberalismo
- Anticapitalismo
- Antimarxismo
- Autoritarismo e militarismo
- Nacionalismo exacerbado
- Liderado dun xefe carismático
- Emprego da propaganda e o terror
- Racismo

## O fascismo italiano

Benito Mussolini creou en 1921 o Partido Nacional Fascista. En 1922, apoiándose no medo das clases medias a unha revolución comunista, Mussolini deu un golpe de estado ("A Marcha sobre Roma") que, contando coa simpatía do rei Vítor Manuel III, do exército e da burguesía italiana, levouno ao poder en 1922.

A partir de 1924 Mussolini acelerou o proceso de implantación da ditadura fascista. **Aboliu os partidos e sindicatos, suprimiu calquera liberdade política, e proclamouse Duce.** En diante, a propaganda sistemática levou á exaltación da figura do Duce como líder carismático da Italia fascista.

O fascismo italiano emprendeu diferentes políticas con diferente éxito:

- Mantendo o sistema capitalista e a propiedade da burguesía, o estado fascista interveu activamente na economía.
- Expansión territorial en África (Etiopía ou Abisinia) e os Balcáns.

## A paz e a guerra segundo Mussolini

Ante todo, o fascismo, no que incumbe en xeral ao futuro e ao desenvolvemento da humanidade, e deixando á parte toda consideración de política actual, non cre na posibilidade nin na utilidade da paz perpetua. Por esa razón rexeita o pacifismo, o cal no fondo esconde unha renuncia á loita e unha covardía ante o sacrificio. Unicamente a guerra leva ao seu punto máximo de tensión todas as enerxías humanas e imprime un selo de nobreza aos pobos que posúen a valentía de enfrontarse a ela. As restantes experiencias son só sucedáneos que non colocan nunca o home fronte a el mesmo, ante a alternativa da vida ou a morte. É por iso que unha doutrina que parta do postulado previo da paz é allea ao fascismo. Así como son alleos ao fascismo, aínda que se aceptaron polo que poidan ter de útiles en certas situacións políticas, todas as construcións internacionais e societarias, as cales, como ben demostrou a historia, poden disgregarse no vento despois de que certos elementos sentimentais, ideais ou prácticos, axitan o corazón dos pobos."



Mussolini 1932

## O nacionalsocialismo alemán

**Adolf Hitler** dirixiu o Partido Nacional-Socialista Obreiro Alemán desde 1921. Era un **partido nacionalista, antisemita e totalmente contrario ao Tratado de Versalles**. En 1923, durante unha curta estancia no cárcere, Hitler escribiu o libro que resume a súa ideoloxía: **Mein Kampf (A miña Loita)**.



Táboa de marcas de identificación dos prisioneiros utilizadas nos campos de concentración alemáns. Dachau, Alemaña, cara a 1938-1942.

A crise de 1929 e a súa brutal repercusión na Alemaña permitiron que Hitler gañase o apoio do gran capital alemán e amplos grupos da poboación. En 1933 foi nomeado chanceler e inmediatamente acabou coa democracia alemá, proclamándose **Führer** (líder, xefe).

Inmediatamente **prohibiu os partidos, eliminou calquera tipo de liberdade e organizou de forma brutal a persecución dos seus adversarios**<sup>11</sup>. Os grupos paramilitares do partido nazi, as SA e as SS, e a policía secreta, a Gestapo, organizaron un verdadeiro réxime de terror.

Do mesmo xeito que o fascismo italiano, o nazismo implantou o control estatal da economía, enfocándoa cara ao rearmamento, e lanzouse a unha política expansionista, á que engadiu unha brutal política racista.

<sup>11</sup> Adversarios políticos, xudeus, razas diferentes á aria, homosexuais, mulleres, republicanos españois.....

## O expansionismo e o racismo nacionalsocialista

Hitler expuxo de forma obsesiva dúas ideas no seu libro *Mein Kampf* :

A raza aria alemá, a "raza dos señores" (Herrenvolk), é a raza superior e debe dominar outras razas inferiores. Para iso, debe conquistar territorio, "espazo vital", para desenvolverse.

**Antisemitismo** (odio aos xudeus) levado ás súas últimas consecuencias. Os xudeus eran os culpables de todos os problemas que sufría o pobo alemán (o tratado de Versalles, a crise económica, o perigo bolxevique...)

Para levar a cabo estas ideas, Hitler emprendeu unha política expansionista, especialmente evidente a partir de 1936, que levou o mundo á guerra en 1939, e iniciou a persecución racial da poboación hebrea europea concluíndo co maior crime do século XX, o xenocidio xudeu ("o Holocausto").

## A Gran Depresión. A crise económica de 1929

### A crise económica do 1929

**Ao finalizar a I Guerra Mundial**, os Estados Unidos acumularan a metade das reservas do ouro mundial, configurándose como a maior potencia económica do mundo. **Europa**, pola contra, sufrira a devastación da guerra, estaba **moi endebedada e viviu uns primeiros anos de posguerra moi difíciles**.

A partir de 1923 prodúcese unha recuperación. O mundo vive un período de prosperidade e consumo coñecido como os **"felices anos 20"**. Esa prosperidade pronto demostrou asentarse sobre bases débiles.

**O capital** dispoñible investiuse máis en **actividades especulativas (bolsa) que na produción de bens (economía real)**. Os beneficios das accións atraeron mesmo a pequenos investidores. A distancia entre a economía real e a especulativa era cada vez maior. E o goberno -de acordo coa ideoloxía do liberalismo económico- mantíñase á marxe de toda intervención.

O 24 de outubro de 1929 -chamado o "xoves negro"- un fenómeno de pánico colectivo levou ao afundimento da Bolsa de Nova York, en Wall Street. Os investidores lanzáronse a vender as súas accións e a retirar o diñeiro dos bancos. Millóns de persoas perderon as súas fortunas ou os seus aforros. O efecto sobre a economía dos Estados Unidos foi devastador e produciuse en cadea. O peche de empresas fixo crebar os bancos que as financiaban. Á súa vez, aumentou o

número de desempregados. E todo iso provocaba o descenso da demanda interior, co que as consecuencias negativas se multiplicaban. O resultado foi a **Gran Depresión**.



A maioría das economías europeas e a xaponesa dependía da estadounidense, sobre todo despois da guerra. Inevitablemente, **a crise estendeuse tamén -con intensidade variable- ao resto do mundo capitalista.**

### Orixe dos movementos fascistas

Ao termo da I Guerra Mundial, Europa viviu unha situación especialmente difícil. Tiña que recuperarse dos danos ocasionados pola guerra e percibíase **o perigo dunha revolución obreira (houbo varios intentos neste sentido)**. Ademais, desde principios dos anos 30, chegaron os efectos da depresión económica do 29, cando os Estados Unidos retiraron os capitais investidos para dar prioridade aos seus problemas internos.

Como **consecuencia**, o sistema liberal entrou nunha profunda crise. Os países de longa tradición democrática como Gran Bretaña e Francia, puideron facerlle fronte, aínda que con grandes dificultades. **Os Estados Unidos aplicaron a política do New Deal, baixo a presidencia de Roosevelt.** Pero noutros casos, **desenvolvéronse** con forza movementos nacionalistas, totalitarios e anticomunistas: **os fascismos.**

Iniciáronse nun clima de inseguridade vivido polas clases medias desde a fin da guerra. Ao principio, utilizaron un **discurso extremista** (unha combinación de elementos nacionalistas e socialistas). Iso permitiulles atraerse a unha **parte do proletariado e ser movementos de masas.** Pero só alcanzaron o poder cando conseguiron gañar o apoio dos grandes capitalistas, temerosos dunha revolución como a que triunfara en Rusia.

Os exemplos máis significativos que tomaron o poder foron o **fascismo italiano (en 1922) e o nazismo alemán (en 1933).**



## Fascismo italiano

Italia foi un dos países vencedores na I Guerra Mundial. Pero moitos italianos falaron dunha "vitoria mutilada", sen as compensacións territoriais que esperaban.

Como noutros países, a posguerra estivo acompañada de enfrontamentos e conflitos revolucionarios, como a ocupación de fábricas. As clases medias temeron unha revolución comunista. Nestas condicións, un antigo socialista e combatente, **Benito Mussolini, fundou un grupo antiliberal e ultranacionalista en 1919, os fascios de combate**. Os seus militantes vestían como uniforme a **camisa negra, facían o saúdo romano e practicaban unha violencia selectiva** contra os grupos socialistas e comunistas. O movemento creceu con rapidez.

En 1922 a súa representación no Parlamento era pequena. Pronto gañou o apoio das forzas conservadoras e, tras unha demostración de forza (**a Marcha sobre Roma**), Mussolini foi nomeado xefe de goberno polo rei Vítor Manuel III.

Ao principio gobernou respectando algunhas institucións do sistema liberal. **En 1926 implantou unha ditadura**, cun Estado que chamou "totalitario". Eliminou os partidos da oposición (socialistas, comunistas, democristiáns) quedando como **único o Partido Nacional Fascista**, cuxos órganos se equiparasen aos órganos do Estado.

*En nome da Moi Santísima Trindade, considerando:*

*Que a Santa Sé e Italia recoñeceron que conviña eliminar toda causa de discrepancia existente entre ambos e chegar a un arranxo definitivo das súas relacións recíprocas que sexa conforme á xustiza e á dignidade das dúas Altas Partes e que, asegurando á Santa Sé, dunha maneira estable, unha situación de feito e de dereito que lle garanta a independencia absoluta para o cumprimento da súa alta misión no mundo, permita a esta mesma Santa Sé recoñecer resolta de modo definitivo e irrevogable a "Cuestión Romana", xurdida en 1870 pola anexión de Roma ao reino de Italia baixo a casa de Savoia; que é necesario para asegurar á Santa Sé a independencia absoluta e evidente, garantirlle unha soberanía indiscutible, mesmo no terreo internacional, e que, como consecuencia, é manifesta a necesidade de constituír con modalidades particulares a "Cidade do Vaticano" recoñecéndoselle á Santa Sé, sobre este territorio, plena propiedade, poder exclusivo e absoluto e xurisdición soberana; A súa Santidade o Soberano Pontífice Pío XI e A súa Maxestade Vítor Manuel III, rei de Italia, resolveron estipular un tratado, nomeando a este efecto dous plenipotenciarios, os cales acordaron os seguintes artigos:*

*Artigo 1º. Italia reconece e reafirma o principio consagrado no artigo 1º do Estatuto do reino, de data do 4 de marzo de 1848, en virtude do cal a relixión católica, apostólica e romana é a única relixión do Estado.*

*Artigo 2º. Italia reconece a soberanía da Santa Sé no campo internacional como un atributo inherente á súa natureza, de conformidade coa súa tradición e coas exixencias da súa misión no mundo.*

*Artigo 3º. Italia recoñécelle á Santa Sé a plena propiedade, o poder exclusivo e absoluto da xurisdición soberana sobre o*



O cardeal Gasparri e Mussolini asinando o Pacto de Letrán

*Vaticano, como está constituído actualmente, con todas as súas dependencias e dotacións, establecendo esta sorte de Cidade do Vaticano para os fins especiais e coas modalidades que contén o presente tratado (...).*

*Artigo 4°. A soberanía e a xurisdición exclusiva que Italia lle recoñece á Santa Sé sobre a Cidade do Vaticano implica esta consecuencia: que ningunha inxerencia por parte do Goberno italiano poderá manifestarse alí e que non haberá outra autoridade alí que a Santa Sé (...).*

*Artigo 8°. Italia considera como sacra e inviolable a persoa do Soberano Pontífice, declara punible o atentado contra ela e a provocación ao atentado, baixo ameaza das mesmas penas establecidas para o atentado ou provocación ao atentado contra o rei (...)*

*Artigo 18°. Os tesouros de arte e de ciencia que existen na Cidade do Vaticano e no palacio de Letrán permanecerán visibles aos estudosos e aos visitantes, reservándose a Santa Sé, con todo, plena liberdade de regulamentar a entrada do público.*

*Artigo 24°. A Cidade do Vaticano será sempre e en todos os casos considerada como un territorio neutral e inviolable.*

*Roma, 11 de febreiro de 1929*

*Pietro, cardeal Gasparri*

*Benito Mussolini*

Traballadores e empresarios encádranse no sistema das corporacións, suprímese a folga etc. A política económica é dirixista, impulsa grandes obras públicas e implanta a autarquía. Tamén se fomenta o incremento da poboación premiando a natalidade. A resistencia antifascista -pouco activa- foi eliminada e a masa do pobo italiano aceptou o fascismo, entre a pasividade e o entusiasmo. Mussolini convértese no xefe todopoderoso, o Duce.

O réxime fascista resolveu as súas dificultades coa Igrexa católica mediante a firma dos Pactos de Letrán (1929), polos que se creaba o Estado Vaticano. Así gañaba o apoio de boa parte dos católicos.

Nos anos 30 marcáronse obxectivos expansivos: a conquista de Abisinia, o apoio a Franco na guerra civil española. Iso reforzou a amizade coa Alemaña nazi (Eixe Roma-Berlín) e anunciou a catástrofe dunha nova guerra mundial.

### **O nazismo alemán**

O final da guerra foi especialmente duro para Alemaña. Inmersa nunha crise económica, desmoralizada pola derrota, sentiu moi humillada polas condicións da paz de Versalles ("ditado de Versalles"): perdeu as súas colonias, foi parcialmente desmilitarizada e, sobre todo, tiña que pagar as reparacións de guerra. Alemaña tamén viviu intentos de revolución socialista -os espartaquistas-, que acabaron sendo derrotados.

Ese clima de crise e humillación nacional foi propicio para os primeiros pasos do nazismo. O seu líder indiscutible foi Adolf Hitler, á fronte do Partido Nacionalsozialista dos Traballadores Alemáns. Sendo aínda un grupo pequeno, en 1923 tentou tomar o

- O triunfo do fascismo en Italia tras a Marcha sobre Roma en 1922 e o ascenso ao poder de Mussolini.



En 1923 a sociedade española e a vida política atopábanse nunha situación de crise insostible, que se arrastraba desde 1917. O 13 de setembro o capitán xeneral de Cataluña, Miguel Primo de Rivera, proclamou o estado de guerra. O goberno dimitiu e o rei entregou o poder aos sublevados, consumándose o golpe de estado, que foi recibido favorablemente pola maioría dos españois.

O rei acepta o golpe e apoia a Primo de Rivera, ata o punto de presentalo nunha viaxe a Roma como "o meu pequeno Mussolini"... (en palabras do rei a Italo Balbo). Pagarao caro...

<sup>16</sup> Expediente Picasso: O xeneral Juan Picasso investigou os sucesos de Annual e atopou indicios de responsabilidade penal entre os altos mandos do exército e no mesmo rei Afonso XIII.



## Antecedentes. Da ditadura á república

A caída da monarquía de Afonso XIII ten as súas raíces no contexto político, económico e social das décadas precedentes. En xeral, foi incapaz de resolver os problemas da sociedade española e integrar no sistema as novas forzas políticas e sociais que ían xurdindo.

A etapa final da monarquía -a ditadura de Primo de Rivera- só foi unha paréntese. Ao seu termo os problemas seguían aprazados. O intento de volver á "normalidade constitucional" por parte de Afonso XIII foi un absoluto fracaso. **A II República veu coa vontade de afrontalos nunha experiencia democrática plena.**

As eleccións municipais do 12 de abril de 1931 deron o triunfo aos candidatos republicanos e socialistas en case todas as grandes cidades. **O 14 de abril de 1931 proclamouse a II República no medio de manifestacións de alegría popular.** Afonso XIII e a súa familia abandonaron o país. Fíxose cargo do poder un Goberno provisional, presidido por **Niceto Alcalá Zamora.**

O Goberno provisional estivo integrado por todos os partidos republicanos e os socialistas. Tomou medidas que anticiparon o seu **carácter profundamente reformador**. Pero a súa prioridade foi a convocatoria de eleccións a Cortes Constituíntes, para aprobar unha nova Constitución.



O modelo político do novo réxime republicano definiuse na Constitución aprobada o 9 de decembro de 1931. O artigo primeiro proclama a España como unha democracia, cuxos poderes emanan do pobo, e recoñece a igualdade dos españois ante a lei e os dereitos individuais propios dos sistemas liberais, entre eles a liberdade relixiosa. Declarábase laico o Estado, e proxectábase disolver algunhas ordes relixiosas, o que provocaría división no parlamento e na sociedade española.

O novo goberno tivo que facer fronte a un ambiente social encrespado. Mentres a CNT anarquista promovía unha ampla campaña de folgas, o sector máis conservador da Igrexa enfrontouse ao novo goberno. O vello anticlericalismo aflorou outra vez e a opinión pública católica, un número significativo de españois, afastouse do novo réxime republicano.

En xuño de 1931, unha coalición republicano-socialista triunfou nas eleccións a Cortes Constituíntes. A nova Constitución, aprobada en decembro de 1931, reflectiu as ideas desta maioría parlamentaria. O liberalismo é un movemento de ampla proxección (económica, política e filosófica) que defendía (hoxe séguese facendo) como idea esencial o desenvolvemento da liberdade persoal individual como forma de conseguir o progreso da sociedade. Unha parte dos seus ideólogos propugnaron a aplicación deses principios de forma gradual, en tanto que outros máis radicais utilizaron a vía revolucionaria para impulsalos.

## ANTECEDENTES

### A conquista do voto feminino en España (1931)

**O contexto europeo e o voto feminino no século XX:** Nos países nórdicos: Finlandia (1906), Noruega (1913) e Dinamarca (1915), a mentalidade progresista imperante e o peso social das mulleres fixeron innecesaria a protesta sufraxista. Nestes países de Europa foi onde antes se estableceu o sufraxio feminino e a equiparación xurídica de mulleres e homes.



Sufraxistas inglesas  
"Suffragettes"  
Annie Kenney e  
Christabel Pankhurs

**A situación no cambio de século XIX-XX:** Ao iniciarse o século XX, as mulleres españolas tiñan unha posición totalmente subordinada. A lexislación vixente discriminaba de diferentes maneiras as mulleres:

Precisaban autorización do home para exercer actividades económicas, asinar contratos ou realizar compras que fosen máis aló das do consumo doméstico cotián.

O Código penal, establecía duras sancións para as mulleres que desobedecesen ou insultasen o seu home. E, en caso de adulterio, as mulleres recibían castigos duros (retirada da patria potestade de fillas e fillos) mentres que o home non.

Asemade víanse sometidas a unha "moral social" que a relegaba ás funcións domésticas e ao coidado das crianzas.

Os movementos de emancipación das mulleres foron moito máis febles ca os dos países occidentais máis desenvolvidos.

### O nacemento do sufraxismo e a reacción da Igrexa católica

En 1912, naceu a "Agrupación Feminina Socialista". Margarita Nelken, unha destacada socialista, queixábase da pasividade amosada polas mulleres agrupadas no PSOE e do desinterese que dirixentes e militantes amosaban por tal cuestión.



Vitoria Kent  
1898-1987

En 1918, un grupo de mulleres de clase media (María Espinosa, Clara Campoamor ou Vitoria Kent) crearon a Asociación Nacional de Mulleres Españolas (ANME). Tamén a Acción Católica da Muller que defendía as posturas da Igrexa católica.

Carmen de Burgos abandeirou a primeira manifestación "sufraxista" en España en 1912.



Clara Campoamor  
1888-1972

\* En 1893 aprobouse en Nova Zelandia o primeiro sufraxio feminino sen restricións, grazas ao movemento liderado por Kate Sheppard. De todos os xeitos ás mulleres só se lles permitía votar pero non presentarse a eleccións. As papeletas femininas de votación adoptáronse apenas semanas antes das eleccións xerais.

### As Cortes Constituíntes e o voto feminino en 1931






Nas eleccións de 1931, as mulleres puideron, por primeira vez, ser elixidas para deputadas, aínda que non tiñan dereito ao voto. Dúas mulleres, **Vitoria Kent, deputada radical-socialista e directora xeral de Prisións, e Clara Campoamor, deputada do Partido Radical**, que fundou en outubro de 1931 a Unión Republicana Feminina.

Ambas as dúas mulleres personificaron un debate intenso sobre o artigo 36 da Constitución, que recollía o voto feminino. **Vitoria Kent defendeu, xunto aos demais partidos republicanos, a decisión de non outorgar o voto ás mulleres nese intre**, xa que coidaba que o voto feminino iría directamente ás candidaturas conservadoras e reaccionarias influenciadas pola Igrexa.

**Clara Campoamor**, rachando coa disciplina de voto co seu partido, defendeu o contrario, a inmediata consecución do voto feminino, sen condicións de ningún tipo.


A Constitución republicana incluíu o dereito de sufraxio feminino, un gran avance para a historia do país e, sobre todo, para a das mulleres... Pronto desaparecería ese dereito até ben pasados 40 anos....

## Protagonistas de la II República

Manuel Azaña (Alcalá de Henares, 1880-Montauban, 1940)	Niceto Alcalá Zamora (Priego, Córdoba, 1877- B. Aires, 1949)	Alejandro Lerroux (La Rambla, Córdoba, 1864 - Madrid, 1949)	Indalecio Prieto (Oviedo, 1883 - México, 1962)	Clara Campoamor (Madrid,1888 - Lausanne,1972)
				
<p>Durante a ditadura de Primo de Rivera participou en círculos políticos e culturais críticos co ditador e co rei. Director de revistas culturais e presidente do Ateneo de Madrid. En 1930 participou no comité revolucionario republicano. Foi ministro da Guerra no Goberno provisional e presidente do Goberno no primeiro bienio da República, desde onde exerceu un labor moi activo en aspectos como o militar e o político-relixioso. En 1936, tras o triunfo da Fronte Popular, foi designado presidente da República, o que supuxo en certa medida un retiro político. Ao final da Guerra Civil exiliouse en Francia onde morreu un ano despois. Entre as súas numerosas obras destacan: <i>Apelación a la República</i> (1924), <i>El jardín de los frailes</i> (1926), <i>Estudios sobre Juan Valera</i> (1929) e <i>La invención del Quijote y otros ensayos</i> (1934). Despois da morte de Franco publicáronse en España as súas <i>Memorias políticas y de guerra</i>, e <i>Diarios, 1932-1933: los cuadernos robados</i>.</p>	<p><b>Primeiro presidente da II República.</b> Desde moi novo militou no Partido Liberal. En 1923 abandonou o seu cargo de ministro pola súa desconfianza coa política da monarquía en Marrocos. Declarouse republicano en 1930. En 1931 foi nomeado presidente do Goberno provisional e confirmado tras as eleccións, pero dimitiu en novembro polos artigos da Constitución que establecían a separación Igrexa-Estado e anunciaban a redución do clero católico. En decembro aceptou ser presidente da República española, posto no que permaneceu ata abril de 1936, data en que foi destituído por exceder o límite permitido de disolucións do Parlamento. Despois marchou á Arxentina, onde residiu ata a súa morte.</p>	<p>Xornalista de carácter polémico e demagóxico, director de <i>El País</i> e fundador de <i>El Radical</i>, <i>El Progreso</i> e <i>El Intransigente</i>. Xunto con Salmerón fundou o partido Unión Republicana. Desde 1901 sempre saíu elixido deputado por Barcelona, onde era coñecido como "o emperador" do Paralelo". En 1911 fundou o Partido Radical, distanciándose dos republicano-socialistas. En 1930 asinou o Pacto de San Sebastián e formou parte do comité revolucionario que preparou a chegada da República. Foi ministro de asuntos exteriores con Alcalá Zamora e tamén con Azaña. Desde 1933 presidiu varios gobernos, pero a súa alianza coa CEDA e as súas tendencias dereitistas fixéronlle perder apoio ata que tivo que dimitir polo escándalo do <i>Estraperlo</i>. Ao estalar a Guerra Civil foi a Portugal e regresou a España en 1947. Escribiu <i>La pequeña historia de España</i> (1945), <i>Al servicio de la República</i> e <i>Mis memorias</i> (1963).</p>	<p>Xornalista e director do xornal republicano <i>El Liberal</i>, de Bilbao, membro do Partido Socialista Obrero Español e deputado desde 1918. Atacou a monarquía fronte ao colaboracionismo do PSOE durante a ditadura e tivo que marchar ao exilio en Francia. Participou no Pacto de San Sebastián (1930) e durante a II República foi ministro de Facenda e de Obras Públicas, iniciando un ambicioso plan de infraestruturas. Durante a Guerra Civil foi ministro de Mariña e Aire (con Largo Caballero) e de Defensa (con Negrín). En 1938 exiliouse a México onde organizou un importante grupo da resistencia republicana. Escribiu <i>Palabras al viento</i> (1952), <i>Entresijos de la Guerra de España</i> (1953), e <i>Cartas a un escultor: pequeños detalles de grandes sucesos</i> (1962).</p>	<p>Avogada, deputada e escritora, a súa figura está asociada á loita polo sufraxio feminino. En 1931 foi elixida deputada do Partido Radical (nunhas eleccións nas que ela mesma aínda non puidera votar). As súas teses triunfaron no Parlamento, fronte ás defendidas por Vitoria Kent, e en 1933 as mulleres puideron votar por primeira vez nunhas eleccións xerais. Acusouse entón a Clara Campoamor de favorecer o triunfo da dereita nas devanditas eleccións (ela non saíu elixida), e desde entón fracasou en política. En 1935 publicou <i>Mi pecado mortal. El voto femenino y yo</i>. Ao comezar a Guerra Civil fuxiu a Francia. Alí escribiu <i>La revolución espagnole vue par une Républicaine</i> (1937). Despois emigrou a Arxentina, onde se dedicou á tradución e a</p>



				escribir biografías (Quevedo, Sor Juana Inés da Cruz). Finalmente estableceuse en Laussanne (Suíza), onde exerceu a avogacía ata que perdeu a vista.
--	--	--	--	--

	<p><b>Federica Montseny</b> foi unha pioneira, á vangarda nas súas ideas e na acción política, que se converteu na <b>primeira muller ministra de España e de Europa occidental</b>. Tamén é unha gran descoñecida.</p>
<p>Federica Montseny 1905-1994</p>	

### Partidos Políticos

O sistema de partidos políticos da II República foi moi amplo. Ao longo dos seus cinco anos, experimentou cambios importantes: reagrupacións, desaparición dalgúns e o xurdimento doutros. Aos partidos de implantación nacional debemos engadir os de **ámbito rexional**, como o Partido Nacionalista Vasco ou a Lliga Catalá e Esquerra Republicana de Cataluña. Sintetizando moito, podémoslos clasificar nas tres tendencias políticas clásicas: esquerdas, centro e dereitas.

Tras o baleiro de poder deixado pola caída da ditadura de Primo de Rivera e da monarquía, a II República supuxo o nacemento ou a consolidación de numerosas forzas políticas e sindicais:

Esquerdas	Nacionalistas	Dereitas
<p><b>Acción Republicana</b> Manuel Azaña (integrárase en Izquierda Republicana)</p> <p><b>PSOE</b> Francisco Largo Caballero</p> <p><b>Partido Radical Socialista</b> Marcelino Domingo</p> <p><b>Partido Comunista</b> Cayetano Bolívar Escribano</p>	<p><b>Esquerra Republicana</b> Lluís Companys</p> <p><b>Lliga Catalana</b> (Centro)</p> <p><b>Partido Nacionalista Vasco</b> (Centro)</p> <p><b>Partido Galeguista</b> Vicente Risco</p>	<p><b>Partido Radical</b> Alejandro Lerroux (inicialmente ambiguo ou de centro)</p> <p><b>Derecha Liberal Republicana</b> Miguel Maura, Niceto Alcalá Zamora</p> <p><b>Acción Nacional</b> José María Gil Robles (despois Acción Popular, que se integrará na CEDA)</p> <p><b>JONS</b> Ramiro Ledesma Ramos</p> <p><b>Falange Española</b> José Antonio Primo de Rivera</p>

Sindicatos	Patronais
<p>UGT (Socialista)</p> <p>CNT (á marxe do xogo parlamentario)</p>	<p>Confederación Patronal (creada en 1911)</p> <p>Unión Nacional Económica (1931)</p>

## Dereitas

Estiveron integradas por varios partidos. Algúns deles eran declaradamente antirrepublicanos e pretendían derrubar o réxime pola forza.

**A CEDA (creada en 1933 e á que pertencía Acción Popular)** foi o único partido de masas da dereita. Era partidaria de **desmontar as medidas reformistas** do primeiro bienio e conquistar o poder gradualmente e por medios legais.

- **Tradicionalistas:** Monárquicos carlistas (volta ao Antigo Réxime).
- **Monárquicos:** Afonsinos: renovación española.
- **Partido Agrario**
- **Acción Popular:** integrado na CEDA era o partido de masas da dereita católica. O seu líder era José M<sup>a</sup> Gil Robles y Quiñones de León. En marzo de 1933 participa na creación da CEDA (Confederación Española de Dereitas Autónomas) obtendo o novo partido a vitoria nas eleccións do mesmo ano. Con todo non gobernou e formouse unha coalición co Partido Radical de Lerroux, deixando Gil Robles clara a súa aspiración futura de gobernar. Desde 1935 favoreceu a carreira política de importantes militares golpistas na Guerra Civil como é o caso de Franco.
- **Falange Española:** En outubro de 1933, fundábase un novo partido político de "ideoloxía fascista", Falange Española, liderada por José Antonio Primo de Rivera. Máis tarde fusionouse coas Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista (JONS) e , aínda que na República ten un papel secundario, irá tomando importancia política, desde o estalido da Guerra Civil e a súa posterior utilización pola ditadura franquista



## Fases da República


### 1. Goberno provisional

Foi unha coalición de diferentes tendencias republicanas constituído tras as eleccións de abril de 1931. Estivo presidido por Alcalá Zamora e a súa función foi a convocatoria de eleccións para **constituír un Parlamento e elaborar a Constitución.**

## Constitución

As Cortes Constituíntes foron o resultado das eleccións de xuño de 1931, nas que obtiveron unha ampla maioría as esquerdas.

Os deputados discutiron o proxecto constitucional e, finalmente, a Constitución quedou aprobada en decembro de 1931.



Foi unha das constitucións máis avanzadas do seu tempo. España quedaba definida politicamente como "unha República democrática de traballadores de toda clase". Tivo un carácter laico, parlamentario e con aspectos socializadores. Era un instrumento fundamental para facer fronte aos problemas do país.

Tras a proclamación da Segunda República, en abril de 1931, convocáronse Cortes Constituíntes, o 28 de xuño do mesmo ano, co fin de elaborar a obra constitucional que lexitimou o novo réxime. A nova constitución relevaba á de 1876, elaborada para amparar o réxime da Restauración.

A Constitución republicana profunda no constitucionalismo social e recolle nos seus artigos contidos moi novos para a época.

«Artigo 1. España é unha República democrática de traballadores de toda clase, que se organiza en réxime de Liberdade e de Xustiza (...)

Artigo 3. O Estado español non ten relixión oficial.

Artigo 8. O Estado español, dentro dos límites irredutibles do seu territorio actual, estará integrado por Municipios mancomunados en provincias e polas rexións que se constituán en réxime de autonomía. (...)

Artigo 26. Todas as confesións relixiosas serán consideradas como Asociacións sometidas a unha lei especial.



O Estado, as rexións, as provincias e os Municipios, non manterán, favorecerán, nin auxiliarán economicamente as Igrexas, Asociacións e Institucións relixiosas (...)

Artigo 44. Toda a riqueza do país, sexa quen for o seu dono, está subordinada aos intereses da economía nacional e afecta o sostemento das cargas públicas, con arranxo á Constitución e ás leis.


A propiedade de toda clase de bens poderá ser obxecto de expropiación forzosa por causa de utilidade social (...).

## Características da Constitución de 1931

- Democrática.
- Laica.
- Descentralizada.
- Consagra a supremacía do poder lexislativo.
- Unicameral.
- 125 artigos agrupados en 10 títulos.

## Os temas máis debatidos:

- Organización do Estado.
- O voto feminino.
- A cuestión relixiosa.

	<b>A cuestión relixiosa</b>
Manuel Azaña	<p><i>[...]Eu non me refiro ás dúas primeiras, refírome a isto que chaman problema relixioso. A premisa deste problema, hoxe político, fórmuloa eu desta maneira: España deixou de ser católica: o problema político consecuente é organizar o Estado en forma tal que quede adecuado a esta fase nova e histórica do pobo español. Eu non podo admitir, señores deputados, que a isto se lle chame problema relixioso. O auténtico problema relixioso non pode exceder dos límites da conciencia persoal, porque é na conciencia persoal onde se formula e respóndese a pregunta sobre o misterio do noso destino. [...] Para afirmar que España deixou de ser católica temos as mesmas razóns [...] que para afirmar que España era católica nos séculos XVI e XVII.</i></p>
<p><i>Sería unha disputa va poñernos a examinar agora que lle debe España ao catolicismo, que adoita ser o tema favorito dos historiadores apoloxistas; eu creo máis ben que <u>é o catolicismo quen lle debe a España</u>, porque unha relixión non vive nos textos escritos dos concilios ou nos infolios dos seus teólogos, senón no espírito e nas obras dos pobos que a abrazan, e o xenio español derramouse polos ámbitos morais do catolicismo, como o seu xenio político se derramou polo mundo nas empresas que todos coñecemos. [Moi ben!]</i></p>	
<p>Kairos – Historia de España: La Segunda República. Discurso de Manuel Azaña sobre la cuestión religiosa.</p>	

## 2. Bienio progresista 1931-1933 (Reformador)

Tras o Goberno provisional, Alcalá Zamora foi elixido presidente da República e a xefatura do Goberno pasou a Manuel Azaña. Azaña **apoiouse nunha coalición de republicanos de esquerda e socialistas e desenvolveu un ambicioso proxecto de reformas:**

Aplícanse a reforma agraria, a educativa, a autonómica, a militar etc. con éxito irregular nun contexto de axitación social e crise económica internacional. En 1932, o xeneral Sanjurjo (“a *sanjurjada*”) fracasou na súa rebelión antirrepublicana, pero foi indultado por Alcalá Zamora.

- **Política laica:** separación radical de Igrexa e Estado.
- **Aprobación da Reforma agraria (1932)**, aínda que a súa aplicación foi moi lenta.
- **Estatuto de Cataluña (1932):** autonomía dentro do Estado español, con institucións propias: Goberno (*Generalitat*) e Parlamento.
- **Reformas militares:** redución do número de mandos e facilidades para o retiro aos contrarios ao réxime republicano.
- **Lexislación laboral:** mellora das condicións de proletariado e campesiñado.
- **Política educativa:** construción de escolas, **Misións Pedagóxicas...**<sup>17</sup>

<sup>17</sup> As Misións Pedagóxicas foron un proxecto educativo español patrocinado polo Goberno da Segunda República Española a partir do Museo Pedagóxico Nacional, centro de investigación pedagóxica, e inspirado na filosofía da Institución Libre de Ensino.

### 3. Bienio conservador

As eleccións de novembro de 1933 deron un envorco político á situación, dando a maioría ao centro-dereita, as primeiras que contaron co voto feminino (...). O partido con máis deputados foi a CEDA, seguida polo Partido Radical, de Alejandro Lerroux, que se desprazou cara a posicións conservadoras. Nun primeiro momento, gobernaron os radicais de Lerroux, con apoio parlamentario da CEDA, e empezaron a rectificar as medidas reformistas do bienio anterior. En outubro de 1934 entraron no Goberno tres ministros da CEDA. A reacción dunha parte da esquerda -temorosa de que fose o final da República- foi romper a legalidade mediante dous movementos:

- **A revolta catalá:** o presidente da Generalitat, Companys, proclamou o Estat Catalá. Rapidamente reprimida polo exército, o Estatuto foi suspendido.
- **A revolución de Asturias:** a esquerda obreira (encabezada polo PSOE) expuxo unha folga xeral revolucionaria en toda España. Só conseguiu facerse co poder en Asturias, onde se mantivo durante dúas semanas.

A represión do Goberno foi moi dura, traendo tropas do exército africano. Houbo miles de detidos. O clima político e social complicouse moito.

En 1935, o escándalo de corrupción do "estraperlo" afectou seriamente o Partido Radical. A CEDA de Gil Robles pediu entón o poder ao presidente da República. Pero Alcalá Zamora negoullo, e impuxo gobernantes de transición, sen apoio parlamentario, que tiveron que convocar eleccións anticipadas.

### 4. Fronte Popular (febreiro - xullo de 1936)

As esquerdas -despois do fracaso de 1934- iniciaran un proceso de converxencia: a Fronte Popular. Republicanos de esquerda, socialistas e comunistas pactaron un programa común para presentarse ás próximas eleccións.

Desde a extrema esquerda, os anarquistas hostilizaron o Goberno polo seu carácter "burgués". A represión da sublevación en Casas Viejas (xaneiro de 1933) evidenciou a difícil posición da coalición gobernante.

A súa descomposición produciuse cando os socialistas -desenganados pola lentitude das reformas- se apartaron do Goberno. Un sector de PSOE empezou a radicalizarse.

Nas eleccións de febreiro de 1936, a Fronte Popular triunfou por unha escasa marxe de votos ante o bloque dereitista. As candidaturas de centro afundíronse. Houbo unha polarización política e social. Azaña formou un Goberno composto só por republicanos de esquerda. Os partidos de base obreira da Fronte Popular limitábanse a un apoio parlamentario.

Retomaron a política reformista anterior, pero a un ritmo máis acelerado. As bases populares forzaron unha política de feitos consumados, posteriormente legalizada: a amnistía de presos políticos ou a ocupación de leiras en Andalucía e Estremadura para continuar a reforma agraria. Repúxose a Generalitat de Cataluña, co seu presidente Lluís Companys. Houbo rebrotes de anticlericalismo.

Militares politicamente sospeitosos foron afastados dos centros do poder: Franco (Canarias), Goded (Balears) e Mola (Pamplona). Medida ineficaz, porque a conspiración -en marcha desde marzo- foi dirixida polo propio xeneral Mola.

Azaña pasou a ser presidente da República tras a destitución de Alcalá Zamora. O novo xefe do Goberno, Casares Quiroga, foi incapaz de frear unha situación de antagonismo crecente. En cada sector as posicións extremistas gañaban terreo:

- Na esquerda, as mocidades do PSOE uníronse ás do PCE: Mocidades Socialistas Unificadas. Os anarquistas seguiron loitando por implantar a súa utopía libertaria mediante a "*acción directa*".
- Na dereita, o fracaso da CEDA favoreceu opcións partidarias de derrubar a República pola forza militar. Falange Española implicouse nunha espiral de atentados e foi ilegalizada polo Goberno.

O clima de violencia culminou o 12 de xullo cos asasinatos do tenente de asalto Castillo (socialista) e, en represalia, do deputado monárquico José Calvo Sotelo.

O 17 de xullo estalaba a sublevación militar en Marrocos.

## A II República en Galicia

Ao establecerse a 2ª República en 1931, comezou un período no que Galicia se mobilizou e obtivo o seu Estatuto de Autonomía, aínda que non chegou a entrar en vigor pola coincidencia co golpe de Estado.

Nos anos finais da ditadura de Primo de Rivera produciuse a reorganización das forzas republicanas. En 1929, Santiago Casares Quiroga e Antón Vilar Ponte, fundan a **Organización Republicana Galega Autónoma (ORGA)**, coa finalidade de loitar pola República e por Galicia. En marzo de 1930 creouse a Federación Republicana Galega no Pacto de Lestrove, unindo todas as forzas republicanas. Casares Quiroga participou en agosto no Pacto de San Sebastián, así como no intento de Jaca de proclamar a República.

Nas eleccións municipais de 1931 os republicanos, alcanzaron o triunfo na maioría das cidades, agás en Lugo, e vilas.

Galicia acolleu con gozo a experiencia democratizadora republicana, mais non foi allea ás dificultades ás que se enfrontou: **non se mudaron os modelos de participación política e continuouse coa manipulación do sufraxio que impedía a libre confrontación política.** Ademais, afectoulle a conxuntura internacional, en especial polas restricións dos países latinoamericanos á inmigración, como pola volta de emigrantes que non traían máis capital que a súa experiencia política e societaria adquirida en ultramar. Mais os cambios operados neste quinquenio van ser enormes.

A chegada da crise económica, os límites impostos á descentralización, co freo a calquera aspiración autonomista, o desexo de perpetuarse no poder por parte do ditador, deron azos aos detractores de Primo de Rivera. Os grupos republicanos, a tupida rede clientelar, sometida mais non desaparecida, ou o propio estudantado universitario comeza a se manifestar contra as decisións erráticas do réxime. Finalmente será o propio exército quen abandone o xeneral, procedéndose á convocatoria das eleccións do 12 de abril de 1931. As eleccións non colleron de sorpresa as forzas monárquicas, que puxeron **en marcha a súa rede caciquil, cos vellos oligarcas utilizando os seus recursos para conseguir a manipulación do voto.**

### O subsistema dos partidos políticos galegos

O sistema de partidos políticos existente en Galicia durante a II República presenta unhas características propias que o diferencian do resto do Estado. Por unha banda existe unha desigual distribución dos apoios electorais das diferentes formacións (cun predomino da esquerda nas provincias litorais fronte a un predominio conservador en Lugo e Ourense), así como a presenza da ORGA e do PG.



Monárquicos e falanxistas José Calvo Sotelo, co uniforme do Corpo de Avogados do Estado.

Renovación Española. Partido formado arredor da figura de Calvo Sotelo, que en Galicia aglutinou a gran parte da dereita monárquica e autoritaria. Ao regreso do exilio, promove un discurso tinxido dun forte nacionalismo español, de esencias totalitarias, cun modelo de Estado intervencionista e corporativista para superar o capitalismo liberal en crise. En Galicia obtivo 7 deputados en 1933, mais o partido contou cunha escasa organización, xirando arredor da personalidade dos líderes e incidindo nas redes clientelares.

- **Falange Española de las JONS.** Nos primeiros anos a súa existencia é case que testemuñal, e non creceu até a presenza de José Antonio no acto fundacional da sección galega en Vilagarcía (1935). Atraeu máis simpatizantes a partir da vitoria da Fronte Popular e caracterizouse polas súas actividades violentas, co asasinato de militantes de esquerdas.
- **A Comunión Tradicionalista.** Forza practicamente testemuñal, mais que vai participar activamente na conspiración militar.

### As forzas da dereita

A caída da monarquía puxo de manifesto a incapacidade dos sectores conservadores para artellar un proxecto conxunto capaz de defender, dentro do sistema republicano, os intereses dunha ampla capa da poboación española. Foron os sectores católicos os que artellaron a mobilización, en base a meter no debate político a **cuestión relixiosa**, na busca de captar os sectores moderados republicanos.


- **Unión Regional de Derechas (URD)**. Versión galega do partido conservador que no Estado adopta diferentes denominacións (Acción Nacional, Acción Popular, CEDA). Cunha grande desconfianza entre os seus líderes, dilatouse o proceso de unión. Arredor de figuras como **Gil Casares, Vázquez Gundín ou Lis Quibén**, tiveron un apoio maior nas provincias occidentais ca nas de interior, onde tiña máis peso a forma de Calvo Sotelo. Nos comicios de 1933 van obter 9 actas parlamentarias, un gran éxito, mais que vai descabezar a formación xa que os elixidos marchan a Madrid. Malia os esforzos propagandísticos despregados, en 1936 só acadarán 8 deputados, asistindo a unha continua sangría de apoios católicos, que se desprazan cara a Renovación Española (RE) e a Falange.

### As forzas republicanas

#### ORGA-Partido Republicano Gallego (PRG)

Foi a forza republicana que xogou o papel máis destacado na aparición do réxime republicano. **Nace en 1929 da confluencia das forzas de Antón Vilar Ponte e Santiago Quiroga Casares, que se concreta no seu “Manifiesto al país Gallego”.** Os obxectivos eran a **instauración dunha república democrática e a concesión dun réxime autonómico para Galicia**. Busca representar os intereses da **pequena burguesía e das clases medias galegas**. Foi un clásico partido de notables, cunha estrutura organizativa moi limitada e fortemente xerarquizada arredor do líder. Tivo unha **maior implantación na Coruña, seguido de Pontevedra**, sendo inferior en Lugo e case testemuñal en Ourense. A dificultade para unir os dous obxectivos cos que nacera quedaron patentes.

En 1930 créase a **Federación Republicana Gallega (FRG)** e **Casares Quiroga**, en representación, participa no Pacto de San Sebastián, unha xuntanza das forzas republicanas. A imposibilidade de conciliar o proxecto autonomista coa promoción a altos postos dentro da República motivou a ruptura. **Cando apareza o Partido Galeguista (PG), a ORGA transformarase no PRG, da que se escindiría a organización pontevedresa en 1934, cuns malos resultados electorais. Posteriormente integráranse en “Izquierda Republicana” (IR), obtendo a vitoria e pasando Casares Quiroga a desempeñar o posto de ministro de Obras Públicas e posteriormente de presidente do Consello de Ministros.**



Casares Quiroga

- **O Partido Radical (PR)**. A forza política de Lerroux tivo uns sólidos apoios en Galicia grazas ao traballo de importantes personalidades, entre as que destaca Basilio Álvarez quen captou para o radicalismo un importante sector do agrarismo. Configuraban unha alternativa republicana de matiz centrista, antigaleguista e cun marcado cariz anticlerical. Pretendía representar os intereses da burguesía industrial e mercantil, así como dos propietarios agrícolas de orientación republicana. Non pasou de ser un partido de notables, marcados pola forte personalidade do seu líder. Van ter grandes resultados nas provincias do interior, froito do manexo das redes clientelares. Os seus 10 representantes van ser perseguidos pola corrupción e en 1936 só obterán un único deputado pola circunscrición ourensá.
- **O Partido Republicano Radical-Socialista (PRRS)**. Partido de notables que non conseguiu obter un lugar entre os partidos republicanos de esquerda en Galicia. Urbano e elitista, buscou o seu oco radicalizando as posicións de esquerda e anticlericais, opóndose no primeiro bienio ao Estatuto. Sufriu a crise do conxunto do Estado e acabou por integrarse en IR, xogando un papel na formación da Fronte Popular.



## Os partidos obreiros

### O Partido Socialista Obrero Español (PSOE).

Presente en Galicia dende 1891, cando se fundan as súas sedes en Ferrol, A Coruña, Santiago e Vigo, a súa expansión foi ligada á da **Unión General de Trabajadores (UGT)**. Non se viron afectados polo seu apoio á ditadura e, aínda que non acudiron ao **Pacto de Lestrove**, **implicáronse activamente nas campañas antimonárquicas e participaron conxuntamente coas outras forzas republicanas nas eleccións do 1931, coa consecución duns bos resultados (8 actas), cunha nula presenza no ámbito rural.** O desgaste da coalición gobernante vai supor unha progresiva radicalización das posicións socialistas, que se acrecenta co fracaso das eleccións de 1933, onde non consegue representación. Os acontecementos revolucionarios de 1934 mostran a escasa capacidade do proletariado galego para promover unha acción revolucionaria, mais a represión posterior vai significar unha maior organización do partido e o aumento e mobilización das súas bases. Co triunfo de 1936, a súa militancia creceu exponencialmente e por primeira vez parecían capaces de atraer o campesiñado.

### O Partido Comunista de España (PCE).

Durante a República, pasou de ser unha forza marxinal, cunha presenza testemuñal en Ferrol e Vigo, a un partido consolidado en vésperas da sublevación militar. Este crecemento débese á súa participación nos conflitos sociolaborais e a política de atraer a sociedades e sindicatos agrarios. O seu peso relativo foi recoñecido na elaboración das candidaturas conxuntas da **Fronte Popular (FP)**. Na primavera do 36 os comunistas rexistran un incremento de militancia e fortalecen a súa organización interna, traballando por unir as reivindicacións urbanas ás campesiñas e apoiando con decisión a campaña do Estatuto.

### A Confederación Nacional del Trabajo (CNT).

En si propia non era un partido político. Cunha implantación en numerosas vilas costeiras atlánticas, a persecución da ditadura reduciu os seus integrantes. Un posicionamento relativamente moderado permitiu o ascenso da militancia, máis a represión despois da folga xeral de decembro de 1933 volveu mingualos. Nas eleccións do 36 moitos dos militantes anarquistas votaron a **Fronte Popular**.



Fundación do Partido Galeguista

## O nacionalismo

### O Partido Galeguista (PG).

Xorde en 1931 como confluencia de até 32 grupos diferenciados, posiblemente froito do escaso interese autonomista da ORGA e a causa do fracaso dunha constitución federal. Pretendían o dereito á autodeterminación, mais aceptaban o marco autonómico como un mínimo dende unha perspectiva federalista. A pesar do seu carácter integrador e interclasista, que se observa na convivencia no seu seo de correntes políticas mesmo opostas, o PG careceu de tempo para ter unha verdadeira implantación social e unha estrutura organizativa. O seu maior éxito foi conseguir que a esquerda se comprometese na reclamación do Estatuto, que foi plebiscitado afirmativamente en xuño do 36, aínda que sen tempo para que as Cortes certificasen a súa aprobación.

## O primeiro bienio

A campaña de xuño de 1931 caracterizouse polos baixos niveis de confrontación política, resultado do desconcerto e da desunión do bando das dereitas. Por outra banda, os republicanos beneficiáronse do control das altas instancias do poder, das corporacións provinciais e de numerosos concellos, así como do apoio co que contaron por parte de antigos notables locais que buscaban o acomodo.

Na Coruña triunfou a coalición republicano-socialista, que obtivo 9 das 16 actas, fronte a unha esquerda que participou moi dividida. Polas minorías os postos quedaron para tres independentes dereitistas e para un candidato conservador. Nas provincias do interior a dispersión do voto foi superior.

En Lugo, os niveis de fraude foron tan elevados que houbo que repetir as eleccións en agosto, sendo o partido máis votado o Partido Radical (PR) con 4 actas. En Ourense as dereitas concorreron polas minorías, mentres que o PR conseguiu 3 actas e o Partido Republicano Radical-Socialista (PRRS) 2. Polo que respecta a Pontevedra, o seu comportamento electoral foi similar ao da Coruña, aínda que houbo máis partidos en liza. Venceu a coalición republicana-socialista,.

Estes resultados electorais amosan a complexidade do sistema de partidos galegos:

- Os republicanos de esquerdas e os socialistas eran claramente dominantes nas provincias costeiras, cuns resultados máis modestos no interior.
- Os radicais de Lerroux, con 11 escanos, situáronse como segunda forza a 3 escanos da ORGA e tres por riba dos socialistas, pero o esencial dos seus apoios correspondía ás provincias do interior, sendo a súa única acta en Pontevedra consecuencia de incluír o seu candidato na lista coligada republicana de esquerdas. A elección de candidatos independentes socioloxicamente integrados no espectro dereitista que se presentaron polas minorías mostra a persistencia de estruturas caciquís e a conservación do círculo de lealdades persoais.

## O bienio de dereitas

O espectacular xiro electoral que van provocar as eleccións de 1933 veu precedido da continua perda de apoio popular dos partidos gobernantes, sumidos en numerosos debates abertos (o laicismo, a cuestión autonómica, o pronunciamento de Sanjurjo, a reforma militar, a política educativa etc.).

Os católicos, conservadores e afíns comprenderon que era necesario actuar unidos, por riba das súas diferenzas, para obter un gran resultado electoral. Os seus esforzos foron máis visibles nas provincias costeiras, onde traballaron arduamente os seguidores de Gil Robles e onde a Igrexa xogou un papel fundamental para unificar este amplo espectro, xa mediando entre as partes, xa co papel que desempeñaron os

xornais católicos.

A participación popular situouse nuns niveis moi elevados, destacando

- Ourense cun 75 %,
- Lugo en segundo lugar,
- A Coruña cun 60 % e Pontevedra cun 55 %.

Estas porcentaxes, especialmente a ourensá, móstrannos os grandes niveis de fraude e manipulación electoral. Polo que respecta aos resultados, o Partido Radical (PR) foi o gran triunfador con 15 escanos, repartidos nas catro circunscricións, seguidos da Unión Regional de Derechas (URD) con 9 actas, mentres que Renovación Española (RE) obtivo outras sete. O Partido Republicano Gallego (PRG) só obtivo 6 escanos, conseguidos na provincia da Coruña, ficando fóra do Parlamento republicanos-socialistas, socialistas, comunistas e galeguistas. Republicanos conservadores e independentes completaban a representación galega en Madrid.

### As eleccións de 1936

As eleccións de 1931 e 1933 puxeron de manifesto a incapacidade de concorrer en solitario por parte das diferentes forzas políticas, polo que cómpre afondar na conformación de coalicións con forzas máis ou menos afíns. A dinámica da política interna e da política internacional tamén conducía á confrontación de forzas políticas antagónicas. Os acontecementos revolucionarios tiveran un eco relativo en Galicia, declarándose paros xerais, en moitos casos solidarios, nas principais vilas galegas, que contaron cun seguimento desigual. Só en Ferrol e nalgúns puntos de Ourense e Lugo foi posible observar unha táctica insurreccional elaborada, coa intención mesmo de tomar o poder. Con todo, a represión foi notable, os cárceres enchéronse de presos, a maioría gubernativos mais outros resultado de tribunais de guerra, que non dubidaron en pór penas durísimas e mesmo exemplarizantes. Foron clausuradas numerosas sociedades obreiras e campesiñas, intervidos concellos acusados de colaborar con estas, mentres que na rúa xa eran visibles as accións violentas da Falange e dos Juventudes de Acción Popular (JAP)<sup>18</sup>, cunha cada vez máis clara fascistización. O panorama político galego mostra as nítidas diferenzas entre as provinciais occidentais e as orientais, as primeiras de maior raizame de esquerdas, co triunfo dos republicanos de esquerdas e unha forte representación dos partidos obreiros, así como do Partido Galeguista (PG), que obtivo 3 escanos. Lugo e Ourense mantivéronse como redutos fieis ao caciquismo de dereitas.

---

<sup>18</sup> JAP: Juventudes de Acción Popular, fundadas en Arzúa por delegación da organización compostelá, en 1936. Os seus ideais pódense resumir na frase "España una, justa e imperial". Eran a sección de Acción Popular, partido presidido por José M<sup>o</sup> Gil Robles, líder da CEDA. En Ourense Acción Popular foi liderada por Carlos Taboada Tundidor ata 1935, á súa morte sucedeuo, Benito Blanco-Rajoy Espada.

## 2.5 A Guerra Civil. O alzamento

O triunfo da Fronte Popular nas eleccións de febreiro de 1936 acelerou as reformas nun ambiente de desordes que culminou cos asasinatos do deputado conservador Calvo Sotelo e do tenente Castillo. A oposición á República concretouse nunha insurrección militar dirixida polos xenerais Mola, Goded e Franco. Tamén se apoiou o golpe desde sectores civís: carlistas, monárquicos e falanxistas. O alzamento comezou en Marrocos o 17 de xullo de 1936 e os días seguintes noutras cidades. España quedou dividida en dous bandos enfrontados: o republicano, leal á República, o goberno lexítimo e lexitimado polo pobo, e o que apoiou os sublevados, que se chamaron a si mesmos *nacionais*.



A Guerra Civil durou tres anos (de xullo 1936 a abril 1939) durante os cales se poden destacar cinco momentos nas operacións militares:

**O paso do Estreito** das forzas rebeldes desde África, entre xullo e agosto de 1936. Este reforzo permitiu o exército nacional avanzar desde Andalucía a Extremadura. Na súa marcha cara a Madrid tomaron o Alcázar de Toledo, o que incrementou a moral da ofensiva.

**A batalla de Madrid** (de novembro do 1936 a marzo de 1937) foi unha das máis importantes da guerra. As tropas republicanas, lideradas por Vicente Rojo, contiveron os atacantes na Cidade Universitaria onde se estabilizou a fronte. Tras as sangrentas batallas do Xarama, Guadalaxara e Brihuega, o exército de Franco renunciou temporalmente á ofensiva sobre Madrid.

**A campaña do Norte** (de abril a outubro de 1937) disputouse polo control da zona industrial. Iniciouse co bombardeo de Guernica por parte dos avións alemáns da Lexión Cóndor. Tras a caída de Bilbao en xuño e a de Santander e Xixón nos meses seguintes os nacionais dominaron estas rexións.

# ENTENDIENDO EL GUERNICA

**TORO:** simboliza la oscuridad y la brutalidad.

**PALOMA:** simboliza la paz rota

**BOMBILLA:** puede ser una representación del avance tecnológico y sus consecuencias positivas y negativas.

**CASA EN LLAMAS:** representa la destrucción del hogar.

**MADRE CON HIJO MUERTO:** simbolizaría a Madrid sitiada por las tropas de Franco.

**HOMBRE IMPLORANDO:** con la cabeza levantada, como pidiendo que los aviones dejen de bombardear.

**MUJER CON LAMPARA DE QUEROSÉN:** algunos piensan que representa la sufrida República española bajo ataque.

**GUERRERO MUERTO:** en su mano derecha tiene una flor y una espada rota. Se considera un símbolo de esperanza.

[www.delearte.com](http://www.delearte.com)      [contactos@delearte.com](mailto:contactos@delearte.com)

Fuentes: [www.wikipedia.com](http://www.wikipedia.com); <http://marisolroman.com/2011/09/28/guernica-1937/>

**A fronte de Aragón** comezou por iniciativa republicana en decembro de 1937 en Teruel, e desde xullo de 1938 no Ebro. Os durísimos enfrontamentos concluíron co control de toda esta zona ata Cataluña polo exército de Franco.

**A fin da guerra.** En xaneiro de 1939, Franco tomou Barcelona. O exército republicano do centro mantivera a súa resistencia coa esperanza de que o inminente e previsible estalido da guerra europea fixese cambiar a sorte da República. Pero a rendición de Madrid precipitou o final e o 1 de abril de 1939 Franco asinaba o último parte de guerra no que comunicaba a vitoria e a fin do conflito.

### Dous modelos políticos enfrontados



## REPUBLICANOS

Durante a Guerra Civil, a República, o goberno lexítimo, elixido pola soberanía popular, mantivo a súa estrutura democrática, con partidos políticos e sindicatos. Mentres os comunistas exixían disciplina e unidade para gañar a guerra, os anarquistas consideraron que era o momento propicio para unha revolución social colectivizando a propiedade e suprimindo o diñeiro e o poder.



A República careceu dunha figura (civil ou militar) de liderado indiscutible. Francisco Largo Caballero presidiu o primeiro goberno de setembro do 1936 a maio de 1937. O devandito goberno, formado por todas as forzas da Fronte Popular, tivo que trasladarse a Valencia.

A presión comunista substituíuno por Negrín, último presidente do goberno republicano (en Barcelona). Manuel Azaña, presidente da República, dimitiu e partiu ao exilio francés.

## SUBLEVADOS ou NACIONAIS

A zona nacional definiuse pola unidade política. Fracasado o golpe de Estado, ao comezar a guerra, as operacións militares foron dirixidas por grupos de xenerais integrados nunha Xunta de Defensa Nacional, que tenderon rapidamente a un mando único.




En setembro de 1936, Franco foi nomeado Xeneralísimo dos Exércitos e Xefe do Estado, acaparando todos os poderes. Polo decreto de 1937, asumiu a xefatura do único partido autorizado: Falange Española Tradicionalista e das JONS. En xaneiro de 1938, Franco formou o seu primeiro goberno en Burgos.

Os sindicatos de clase foron suprimidos. Propietarios e obreiros debían integrarse nun sindicato vertical único. A censura impedía calquera crítica contra este modelo de Estado ditatorial, apoiado tamén pola Igrexa católica, que xustificará a guerra como reacción contra a tendencia anticristiá da República.

## Apoios internacionais

A contenda española viviuse con gran interese en todo o mundo. Xornalistas e escritores presentárona como o gran **enfrentamento entre democracia e fascismo**, e de feito, cada bando recibiu apoio de diferentes nacións e organizacións:



Hermann Göring outorgando distincións a membros da Lexión Córdor, abril 1939  
National Archives and Records Administration of the United States

Franco obtivo axuda, fundamentalmente da **Alemaña** e de **Italia**, en armas, soldados e diñeiro. Destacou a actuación da **Lexión Córdor** alemá. De forma menos directa recibiu apoio de Portugal e do Vaticano, así como de Inglaterra e os EE UU, a pesar da súa neutralidade oficial.

*A República foi apoiada pola Unión Soviética, que enviou militares, avións e tanques, e de México, así como de movementos internacionais de solidariedade, como as Brigadas Internacionais, formadas por intelectuais de esquerda e membros de partidos comunistas de todo o mundo. Francia apoiou de forma intermitente e indirecta a República e procurou evitar a intervención alemá e italiana.*



La internacionalización de la guerra

*Os internacionais unidos aos españois loitamos contra o invasor, 1937. Sindicato de Profesionais das Belas Artes (UXT) de Madrid*

## Balance da guerra

A Guerra Civil foi o episodio máis cruel e traumático da historia recente de España, non só polas súas consecuencias directas senón tamén porque deu lugar a unha longa ditadura que apartou o noso país da familia de nacións modernas, democráticas e avanzadas. Estes foron os principais efectos do conflito:

**Consecuencias demográficas.** Máis de 500.000 mortos, aos que debemos sumar os non nados e os exiliados, por non mencionar o trauma humano das viúvas, orfos e encarcerados.

**Consecuencias económicas.** O dano económico da guerra foi brutal. A renda nacional e *per capita* non recuperou o nivel de 1936 ata a década de 1950.

**Consecuencias sociais.** A guerra significou a vitoria dos grupos sociais tradicionalmente hexemónicos, que reafirmaron o seu dominio social. Un abismo de odio e rancor, fomentado polo réxime de Franco, separou os españois.

**Consecuencias culturais.** O triunfo de Franco arrasou cunha das épocas máis florecentes da cultura española. O 60 % dos docentes foron destituídos ou represaliados e practicamente a totalidade da Xeración do 27, xunto a científicos e artistas, morreron, foron asasinados ou tiveron que exiliarse, moitos deles para sempre.

Os mortos na guerra civil española foron innumerables, entre soldados e poboación civil vítima dos bombardeos. A eles han de engadirse os asasinatos e vinganzas de ambos os bandos ao ocuparlle ao inimigo aldeas, vilas e cidades e as mortes posteriores causadas por feridas, fame, enfermidades e as duras condicións das prisións.

Tres anos de guerra devastaron as infraestruturas, o patrimonio histórico-artístico e trastornaron por completo a actividade industrial e comercial, sumindo a España nunha fonda depresión económica.

Ao terminar a contenda, a sociedade quedou dividida en vencedores e vencidos, e moitos españois víronse obrigados a abandonar o país e amontoarse en campos de refuxiados europeos ou fuxir a países latinoamericanos, en especial a México e á Arxentina.

## A guerra civil española en Galicia

En Galicia, o triunfo do golpe de estado veu acompañado dunha dura represión política. Con todo, a violencia que sufriu a sociedade galega durante aqueles anos non foi exclusivamente produto da represión perpetrada pola coalición insurxente.

Despois das primeiras semanas de incerteza, **Galicia converteuse nun dos principais centros de recrutamento do exército sublevado.**

Como produto do declarado estado de guerra, unha parte da mocidade galega tivo a obrigaón de alistarse no exército a medida que as autoridades chamaban a filas as diferentes substitucións, a risco de ser declarados e xulgados, como desertores de non facelo.

O exército sublevado recrutou, durante os tres anos que durou o conflito, a todos os mozos comprendidos entre os 18 e 35 anos. Unha mobilización forzosa que provocou que esta xeración tivese que participar na construción do novo réxime franquista. A non incorporación a filas estaba penada polo Código de Xustiza Militar e ao longo do conflito intensificáronse as medidas en contra dos prófugos do exército.

Por tanto, Galicia sufriu a violencia polas medidas represivas desenvolvidas polas autoridades golpistas, pero tamén pola participación da mocidade galega na fronte de batalla. Galicia converteuse nun centro de recrutamento para os insurxentes.


Así, Galicia converteuse en "zona nacional"; aínda que non houbera operacións militares, si se desencadearon severas persecucións contra quen defendera o Estatuto e as posicións nacionalistas.

#### ***Atila en Galicia***

*Moitas veces os mártires crean mundos que os heroes nin tan sequera son capaces de concibir. E na Miña Terra cumprírase a vontade dos mártires.*

Castelao denunciou os asasinatos de demócratas galegos durante a Guerra Civil

Castelao  
Valencia, xullo de 1937



*Todo pola patria, a relixión e a familia*

Non houbo guerra de frontes, nin exércitos enfrontados, nin liñas de combate ... mais si unha sanguenta represión. O medo a caer nas mans dos represores franquistas fixo que moitos galegos e galegas, nun primeiro momento, se botasen ao monte: os fuxidos. Formaron agrupacións guerrilleiras ao establecerse a ditadura, ata que en 1952 foi capturado e asasinado Benigno Andrade García, máis coñecido como "**Foucellas**". O seu final determinou a fin da resistencia armada en Galicia.



## A dura e longa posguerra (1939-1975)

Tras a Guerra Civil, España viviu unha longa ditadura na que todo o poder se concentrou nas mans de Franco, o Caudillo. Este **réxime de partido único, a Falange, posuía, xunto a claros trazos fascistas, un importante compoñente militar e católico**. O exército e a igrexa foron os máis firmes baluartes dun réxime cun forte carácter nacionalista.

O franquismo exerceu unha **dura represión** sobre calquera ideoloxía que se apartase da ditadura. Liberais, demócratas, socialistas, comunistas... todos viviron a persecución, o cárcere e, en moitos casos, o pelotón de fusilamento.

A alta burguesía terratenente, financeira ou industrial e as clases medias máis influenciadas pola igrexa católica foron as bases sociais do réxime franquista.



Cartilla de racionamento

Unha orde ministerial do 14 de maio de 1939, estableceu o réxime de racionamento en España para os produtos básicos alimenticios e de primeira necesidade.

O racionamento non alcanzaba a cubrir as necesidades alimenticias básicas da poboación, polo que viviron anos de fame e miseria. A degradación do nivel de vida na década dos 40 foi tal, que asegurar a subsistencia se converteu nunha auténtica loita diaria. Establecéronse dúas cartillas de racionamento, unha para a carne e outra para o resto de produtos alimenticios. Dividiuse a poboación en varios grupos: homes adultos, mulleres adultas (ración do 80 % do home adulto), nenos e nenas ata catorce anos (ración do 60 % do home adulto) e homes e mulleres de máis de sesenta anos (ración do 80 % do home adulto). A asignación de cotas podía ser diferente tamén en función do tipo de traballo do cabeza de familia. Inicialmente as cartillas de racionamento eran familiares, pero foron substituídas en 1943 por cartillas individuais que permitían un control máis exhaustivo da poboación.

Ata principios dos anos cincuenta, España sufriu unha época de escaseza e racionamento de alimentos. Foron os anos da autarquía, cunha economía pechada con escasos intercambios económicos co exterior.

**A política autárquica (1939-1959)** foi imposta pola decisión do propio Franco do illamento internacional no que viviu o primeiro franquismo, ademais de por ter colaborado directamente cos totalitarismos nazi (alemán) e fascista (Italiano). Nesas condicións, o "estraperlo" (mercado negro ilegal de todo tipo de produtos) estendeuse por todas as ramas económicas.

**A pesar de declararse neutral**, o réxime de Franco non ocultou as súas **simpatías polas potencias do Eixe, a Alemaña de Hitler e a Italia de Mussolini**, durante a Segunda Guerra Mundial. Aínda que España, moi debilitada tras a Guerra Civil, non entrou finalmente na guerra, Franco enviou un corpo de voluntarios, **a División Azul**, a loitar xunto a Hitler contra a Unión Soviética.

Ao acabar o conflito, España, considerada aliada das potencias fascistas, foi illada internacionalmente. **En 1946 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas votou contra o ingreso de España.** A esta condena seguiron anos de illamento económico e político. España **non recibiu ningunha axuda do Plan Marshall, nin foi admitida na OTAN.**

**A Guerra Fría**, o enfrontamento global entre os EE UU e a URSS comunista veu a "salvar" o réxime de Franco. Para os EE UU, España pasou de ser un réxime fascista a converterse nun **país solidamente anticomunista, aliado na loita contra a URSS.**

**En 1953 asináronse os Acordos bilaterais cos Estados Unidos, que permitiron a instalación de bases militares norteamericanas no noso país.** A cambio, España recibiu unha axuda económica norteamericana (pobre e escasa...).

**En 1955,** España ingresou finalmente na ONU.

### **A liberalización da economía e os anos do desenvolvemento**

Aproveitando a nova situación internacional, o réxime franquista iniciou un xiro na súa política económica (Plan de Estabilización económica de 1959 / Polos de Desenvolvemento). Tratábase de liberalizar a economía e abrila ao exterior nun momento no que Europa occidental estaba a vivir un verdadeiro *boom* económico. **As medidas contidas no Plan de Estabilización de 1959 tiveron un éxito inmediato. O período 1961-1973 foi testemuña dun rápido crecemento industrial e do sector servizos.** O investimento exterior, atraído polos baixos salarios, e o turismo europeo, en busca de sol e baixos prezos, facilitaron o despegue económico do país.

O desenvolvemento industrial desencadeou unha intensa emigración de man de obra campesiña cara ás cidades e cara a Europa. A sociedade española cambiou radicalmente. As clases medias empezaron a constituír o grupo social predominante nunha incipiente "sociedade de consumo". Os electrodomésticos, a televisión e, sobre todo, o coche (o Seat 600...) eran os símbolos do novo país. A pesar das insuficiencias do modelo de crecemento español (debilidade dos servizos públicos - educación, sanidade-, inadecuadas infraestruturas e desastroso plan urbano), nos anos sesenta naceu unha nova sociedade máis rica, aberta e tolerante, que permitiu máis tarde a "transición pacífica" cara á democracia tras a morte de Franco en 1975.

### **O inmovilismo político da ditadura**

Os drásticos cambios económicos e sociais contrastaron coa **ausencia de transformacións políticas.** O réxime seguiu mantendo os trazos ditatoriais que o caracterizaron desde a Guerra Civil. Con todo, aparecen algúns elementos novos que posteriormente terán gran transcendencia:

Tras ter asinado un Concordato coa Igrexa Católica no ano 1953, **o Concilio Vaticano II<sup>19</sup> propiciou o afastamento da Igrexa e o réxime franquista. As tensións foron crecentes entre os que foran estreitos aliados.**

**As tensións nacionalistas rexurdiron e apareceu ETA.** Esta organización vasca naceu en 1959 e moi pronto derivou cara á violencia terrorista.

**Aumento dos conflitos laborais desde principios dos sesenta.** As folgas foron pasando aos poucos de ter motivacións laborais (salarios, xornada de traballo) a expor reivindicacións políticas (liberdades sindicais e políticas).

Os últimos anos do ditador viron un agravamento da tensión social. A crecente oposición de diferentes grupos sociais foi contestada con máis **represión**. Nese contexto, o azoute do terrorismo (ETA, FRAP) adiantou o que ía ser un dos grandes problemas da democracia española.

Finalmente, Franco **morreu o 20 de novembro de 1975**. O país debatíase entre a esperanza dun futuro democrático e o medo á volta aos horrores do pasado.

---

<sup>19</sup> O Concilio Vaticano II foi un concilio ecuménico da Igrexa católica convocado polo papa Xoán XXIII, quen o anunciou o 25 de xaneiro de 1959. Foi un dos eventos históricos que marcaron o século XX. O Concilio constou de catro sesións: a primeira delas foi presidida polo mesmo papa no outono de 1962.

## 2.6 A arte

### 2.6.1 Arte no século XX. Arte contemporánea

Estudar a arte do século XX supón estar predisposto a deixarse sorprenden e cativar, a asombrarse ante a gran cantidade e variedade de cambios que sacudiron todo tipo de formas artísticas desde comezos da centuria. En efecto, o século XX significa antes que calquera outra cousa unha enorme ruptura coas tendencias artísticas que se desenvolveron nos séculos anteriores. Non podía ser doutra maneira: a consolidación da sociedade contemporánea exixía da arte e dos artistas novas formulacións, enfrontarse a novos retos, buscar novas formas de expresión, percorrer camiños antes descoñecidos. E a arte respondeu a esas necesidades sociais, a ese cambio enorme que apreciamos nesta etapa. No ámbito artístico, o individualismo e o ritmo frenético de contornas urbanas conduciron á creación de novos movementos.

#### As primeiras vangardas artísticas

Xa entrados no século XX, a arte vai romper con toda a tradición de séculos anteriores, debido aos avances da ciencia e da tecnoloxía e á forte conmoción que causan as grandes guerras. Os artistas van buscar novas formas de expresión artística, apartándose da representación da realidade tal como a ven, como xa comezaran a facer os impresionistas.

A arte será en diante unha expresión para a reflexión sobre os mecanismos profundos que moven a conduta humana e para **criticar a unha sociedade que illa o ser humano**.

**Entre 1905 e a II Guerra Mundial desenvolvéronse as chamadas vangardas, que son as que primeiro plasman o novo ideal da arte moderna:**


- **Fauvismo.** Para el, o motivo da pintura é **a cor** usada dun modo subxectivo polo artista.
- **Cubismo.** Os artistas do cubismo converten o motivo en **formas xeométricas** para mostralo desde múltiples puntos de vista e de tempos diversos, sobre o espazo plano da tea do cadro.
- **Expresionismo.** Deforma o motivo para **activar a emoción** de quen o observa ante os graves problemas da época.
- **Dadaísmo.** No dadaísmo **o motivo convértese en absurdo**, sen significado comprensible pola razón.

- **Surrealismo.** Ten como motivo **o mundo aparentemente irracional e inconsciente dos soños**, onde se refuxian os impulsos máis profundos do ser humano.
- **Arte abstracta.** Anula o motivo e **deixa de representar todo o que poida ser recoñecido como realidade.**



Así, en pintura e partindo das innovacións de finais do século anterior, van desenvolverse case de maneira simultánea diferentes estilos, que coñecemos co nome de vangardas ou "ismos".

En moitos deles búscase e conséguese a ruptura co figurativismo e as tendencias realistas que caracterizaran a arte dos séculos anteriores. É máis, moitos pintores e pintoras non se instalaron comodamente nun deses novos estilos, senón



que evolucionaron e seguiron experimentando novas formas de expresión.

Ocorre igual en arquitectura. Co século XX desenvólvese o denominado movemento moderno, que vai supoñer un xigantesco cambio non só respecto das formas de construír, senón tamén en canto á concepción mesma do que supón un edificio polo que ten de relación do ser humano co espazo. Os arquitectos e arquitectas preguntáanse pola función social do seu propio traballo e pola relación deste coa contorna.

E, por último, a escultura non queda atrás nesta tendencia ao cambio e á innovación. Quizais sexa nesta forma de expresión plástica onde as novidades son máis rechamantes, porque ata fins do século XIX a escultura mantívose absolutamente fiel ás tendencias realistas e dentro dos canons da arte figurativa. Agora veremos, tamén da man das vangardas históricas, a aparición e consolidación de novas tendencias e a ruptura absoluta coa tradición.

En definitiva, a arte do século XX supuxo unha nova e orixinal etapa nas formas de expresión, un tempo novo no que as sensibilidades dos artistas se asomaron a horizontes diferentes aos habituais ata entón. Trátase, en resumo, da arte da nosa época: un verdadeiro festín para o espírito, un goce estético absoluto, porque como non podía ser doutra maneira, a un tempo novo correspondía unha arte nova. E a arte deu o talle.

### España no século XX

En pintura, ao igual ca en urbanismo, tamén foron os modernistas, como Ramón Casas ou Anglada Camarasa, os que deron paso ao século XX. Do mesmo xeito que o século anterior está dominado pola presenza dun xenio xigantesco, Francisco de Goya, no novo século será Pablo Ruiz Picasso quen acapare ese protagonismo. O seu estilo e carácter, marcadamente conectado coa tradición pictórica española, non ocultan, con todo, que realizase a práctica totalidade da súa obra en Francia. Tamén Luís Buñuel, Salvador Dalí, Xulio González, Juan Gris, Joan Miró ou Pablo Gargallo tiveron que saír do país para desenvolver a súa arte no centro dos vertixinosos cambios artísticos que foi o París das vangardas. En Galicia destacarán Eugenio Granell, Urbano Lugrís e Maruja Mallo, dentro do surrealismo.

		
<p>Pablo Picasso, <i>Portrait de Dora Maar</i>, 1939</p>	<p>Maruja Mallo, <i>Cabeza de mujer</i></p>	<p>Urbano Lugrís, <i>Habitación dun vello mariño</i>, 1946</p>

Durante a República, formouse o grupo "Os Novos" que asumiron as linguaxes artísticas das vangardas europeas. Moitos desde o exilio americano.

Destacaríamos Manuel Colmeiro, Carlos Maside, Arturo Souto, Laxeiro e Luís Seoane. Entre os artistas gráficos destacaron Afonso Rodríguez Castelao e Camilo Díaz Baliño.

Na posguerra, Manuel Pesqueira, Xulia Minguillón, Manuel Prego e Isaac Díaz Pardo.

Con todo, no interior da España do primeiro terzo do século XX (período de extraordinario dinamismo cultural, que mereceu a denominación de Idade de Prata das letras e ciencias españolas -véxase tamén *noucentisme* e xeración de 1914-), houbo artistas, moi diferentes entre si, que adaptaron as inquietudes vangardistas a unha especial sensibilidade: José Gutiérrez Solaina, Daniel Vázquez Díaz, Ignacio Zuloaga, ou tres dos alicerces da "Escola de Vallecas" Alberto Sánchez, Benjamín Palencia e Maruja Mallo; aínda que os que alcanzaron unha maior proxección social foron outros de traxectoria máis clasicista, como Josep Clarà, Xullo Romeu de Torres ou Josep Maria Sert. En arquitectura recibíuse o impacto do movemento moderno (GATEPAC) e en danza, pode destacarse a Vicente Escudeiro.

A Guerra Civil significou certa ruptura para algunhas artes, non así para o cinema. Este chegou a ser o produto artístico máis consumido pola sociedade, xunto aos cómics. O cinema de maior calidade e éxito era o importado de Hollywood, mentres que as producións nacionais centrábanse en dramas históricos e comedias costumistas e folclóricas, protagonizadas en moitas ocasións por nenos prodixio. Unha vea satírica pode rastrexarse, con todo, en certas películas influídas polo neorrealismo italiano (Juan Antonio Bardem, Luís García Berlanga), pero sobre todo na denominada Escola Bruguera, onde nun primeiro momento destacan autores como José Escobar ou Manuel Vázquez.

No ámbito da arte oficial, desenvolveuse unha arquitectura neoherreriana adecuada ás pretensións imperiais do franquismo, que plasmou o seu ideal estético no Valle de los Caídos (Madrid) (con programa escultórico de Juan de Ávalos).

Con todo, tamén se desenvolveu unha pintura de vangarda e rupturista: o informalismo, (Antoni Tàpies, a segunda escola de Vallecas, Grupo o Paso, Antonio Saura, Fernando Zóbel, museo de arte abstracta de Cuenca) e a exploración das posibilidades da figuración, desde o hiperrealismo de Antonio López ata a proposta crítica, próxima ao *pop art*, do Equipo Crónica.

A escultura dos vascos Chillida, Oteiza e Ibarrola e o cinema de Carlos Saura alcanzou tamén repercusión internacional. O réxime seguiu tentando prestixiarse coa volta de artistas como Dalí, quen plasmaría en Figueres o seu particular mundo

onírico, ou Luís Buñuel, gañador da Palma de Ouro do festival de Cannes de 1961 co filme *Viridiana*. Finalmente, ha de destacarse a arquitectos de mediados de século, como Miguel Fisac ou Sáenz de Oíza, bailaores e coreógrafos como Antonio Gades e deseñadores como Cristóbal Balenciaga.

A creación en 1928 do Grup d'Arquitectes i Tècnics Catalans per al Progrés de l'Arquitectura Contemporània (GATCPAC) en Barcelona, seguido da creación do Grupo de Artistas y Técnicos Españoles para el Progreso de la Arquitectura Contemporánea (GATEPAC), en 1930, por arquitectos principalmente de Zaragoza, Madrid, San Sebastián e Bilbao, estableceu dous grupos de novos arquitectos que seguían os ditados da arquitectura moderna en España. Josep Lluís Sert, Fernando García Mercadal, José Manuel Aizpurúa e Joaquín Labayen entre outros, organizáronse en tres grupos rexionais.

Na Exposición Internacional de 1929 de Barcelona o Pavillón alemán deseñado por Mies van der Rohe converteuse instantaneamente nunha icona, amalgamando o minimalismo de Mies van der Rohe e nocións de fidelidade aos materiais con influencias de De Stijl no tratamento dos planos no espazo. O famoso teito cérnese sobre o espectador aparentemente sen soportes.

Durante e despois da Guerra Civil e a II Guerra Mundial, España estivo illada política e economicamente. Como consecuencia, unido á preferencia de Franco por un «tipo de *kitsch* nacionalista clásico e amortuxado», a creación de arquitectura vangardista foi suprimida na súa maioría.

### Actividade resolta

Unha vez ben lido o documento seguinte, responda as cuestións que se formulan.

<p><i>Estaba onte no East End e asistín a unha reunión de parados. Escoitei fortes discusións. Non se oía mais que un berro: "pan, pan". Cando regresei á miña casa sentínme aínda máis convencido da importancia do imperialismo (...). Para salvar os corenta millóns de habitantes do Reino Unido dunha mortífera guerra civil, nós, os colonizadores, debemos conquistar novas terras para instalar nelas o excedente da nosa poboación e atopar novas saídas aos produtos das nosas fábricas O Imperio, dixeno sempre, é unha cuestión de estómago. Si non queredes a guerra civil, debedes convertervos en imperialistas."</i></p> <p>Sir Cecil Rhodes. Carta ao xornalista Stead. 1895.</p>	<p><b>Responda as cuestións seguintes:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>a) Que tipo de fonte histórica é e en que período histórico o podemos encadrar?</li><li>b) A que país corresponde a situación descrita por Rhodes?</li><li>c) Segundo o texto, por que apoia Rhodes o imperialismo? Que información ofrece Cecil Rhodes no seu discurso sobre a situación das últimas décadas en Inglaterra?</li><li>d) Cal é a solución que ofrece Cecil Rhodes á situación que vive Gran Bretaña?</li><li>e) Quen foi Cecil Rhodes?</li></ul>
--	--




## Solución

- a) É unha fonte primaria, xa que o autor é contemporáneo aos feitos que describe. Pertence a finais do século XIX, e encádrase no imperialismo.
- b) Corresponde a Gran Bretaña na situación na que, trala Revolución Industrial, precisa novos mercados.
- c) Rhodes considera que é un modo de colocar o excedente de poboación, ademais de atopar novos mercados para os seus produtos excedentes. A información que nos achega Cecil Rhodes é o exceso de poboación e o estancamento da industria que provocara un aumento do desemprego en Inglaterra, e, como a demanda interna do país estaba satisfeita, a industria precisaba encontrar novos mercados para manter os beneficios.
- d) A solución que achega Cecil Rhodes é realizar a expansión territorial e, polo tanto, defender absolutamente o imperialismo.
- e) Cecil Rhodes, o autor deste texto, foi un importante empresario, colonizador e político que defendeu fortemente o imperialismo. A súa idea de conseguir produtos nas colonias reflectese na compañía de diamantes que fundou e que controla o 60 % dos diamantes en bruto do mundo.

## Actividades propostas

- S7. Que dúas potencias se enfrontaron pola hexemonía dos Balcáns, antes da Primeira Guerra Mundial?
- S8. Para intentar sacar toda a información posible dun mapa histórico debemos seguir coidadosamente unha serie de pasos previos:



- a) Ler o título ou pé de ilustración que nos informará do asunto tratado polo mapa. Delimitar o espazo físico representado. Para iso debemos ter en conta que o mapa normalmente representará un espazo xeográfico maior que o verdadeiramente implicado, polo que teremos que centrarnos no afectado polos feitos ou fenómenos representados.
- Precisar o tempo no que se desenvolven os acontecementos representados. Hai que ter presente que un mapa pode ilustrar feitos que suceden nun momento determinado (ano, década, século) ou ao longo do tempo (anos, décadas, séculos).

- b) A diferenza doutro mapa sobre calquera tema, un mapa histórico introduce unha variable propia, o TEMPO. Este dato ben pode aparecer no propio mapa (acontecementos sinalados con datas concretas), ben podemos deducilo a partir dos nosos coñecementos sobre o tema.
- c) Despois, a LENDA. Aínda que interpretemos de xeito adecuado o que nos din os mapas, sen a lenda poderíamos caer na confusión ou o erro. A lenda aclara o significado dos símbolos ou cores utilizadas no mapa, polo que o seu coñecemento é imprescindible para lelo correctamente.
- d) Tendo en conta estes consellos tente facer o seguinte comentario do mapa histórico proposto arriba.

### Actividades propostas



Nas Conferencias de Ialta (na foto, sentados, Churchill, Roosevelt e Stalin) e de Potsdam, celebradas uns meses antes da rendición de Alemaña, decidíronse os acordos seguintes:

Enuméreos:

- S9. Explique quen foron as dúas mulleres que aparecen nas imaxes seguintes e que influencia tiveron no devir das mulleres en España.



*"A liberdade apréndese exercéndoa".  
Clara Campoamor*

*Os homes sementan as súas ideas antes de morrer por elas, e as ideas escapan á morte."*

*Vitoria Kent*



## Actividade resolta

Resuma as causas da crises da bolsa de Nova York tendo en conta o relato de Jones.  
Que solucións propuxo Keynes para superar a crise de 1929?

*En 1921, Jones tiña 2.000 dólares aforrados. Como non sabía que facer con eles, comprou accións da RCA e de Goodyear a un prezo que oscilaba entre 2 e 5 dólares a acción. En 1924 felicítase polo seu acerto: as súas accións valían xa 10.000 dólares. Multiplicara por 5 o seu capital. Animado, decidiu non vender e adquirir outro paquete. Non tiña diñeiro, pero depositando as súas accións como garantía puido obter facilmente un crédito de 6.000 dólares e así volveu comprar accións na Bolsa.*

*En 1927 os seus títulos valían 36.000 dólares. Cheo de confianza no futuro decidiu non vender máis que o que fose indispensable para pagar os intereses dos préstamos. Ademais, decidiu comprar un coche e unha boa casa cunha hipoteca. Continuou facendo investimentos en bolsa, sempre a crédito, naturalmente, participaba en todas as ampliacións que se ofrecían.*

*En 1928 xa posuía 250.000 dólares, pero como daban poucos dividendos debía destinar parte do seu soldo a pagar as débedas contraídas. A comezos de 1929 xa posuía 285.000 dólares, pero necesitaba diñeiro con urxencia para pagar as letras do coche, os prazos da hipoteca, os intereses dos préstamos bancarios... Decidiu vender accións, pero todos os Jones do país teñen que vender tamén. Nun mes, as súas accións só valen 39.000 dólares... ten que revender o coche, malvender a súa casa e, ao final, perdeu o seu traballo: a empresa onde traballaba crebou.*

## Solución

Con este texto vemos claramente reflectido como se viviu a crise de 1929, máis coñecida como o "Crac do 29". Jones foi un dos cidadáns afectados pola gran caída do mercado de valores da Bolsa en Estados Unidos. Nun principio Jones comprou accións, as cales oscilaban entre 2 e 5 dólares cada unha. En 1924 as súas accións multiplicaran por 5 o seu capital. Jones decidiu comprar un coche e pagar unha casa. El non tiña diñeiro, pero depositaba as súas accións e estas servíanlle como garantía para realizar compras e seguir investindo.

Pero que sucedeu a comezos do 1929? Jones necesitaba diñeiro para pagar as letras, a hipoteca e os intereses dos préstamos. Durante os días previos ao Xoves Negro, o mercado comezou a estar inestable, non souberon facer fronte a este problema, así pois a Bolsa caeu en picado.

- Empezáronse a comprar menos accións na Bolsa de Wall Street o que produciu que os prezos baixasen, as persoas comezaron a retirar os seus aforros dos bancos, ocasionando isto a pechadura de moitos.
- Decaeu tamén a demanda de produtos, polo que as fábricas empezaron a pechar aumentando moito a taxa de desemprego. A empresa na que traballa Jones crebou, polo que perdeu o seu traballo.
- Foron varios os factores polos que se produciu o Crac do 29, entre eles podemos destacar:
  - A crise do subconsumo, a demanda de produtos descende debido á desigualdade que había na distribución das rendas,
  - O comercio internacional caeu, debido á falta de dinamismo nos demais países a causa da caída da demanda exterior,
  - A especulación bolsista. Os investimentos en bolsa fanse a partir de préstamos concedido polos bancos, polo que o diñeiro non vai aos investidores produtivos senón á especulación. No sector financeiro (os bancos) as persoas retiran os seus depósitos ante o temor de perdelos.
  - Os bancos non poden recuperar os préstamos concedidos aos especuladores nin os investidos na industria.
  - A crise industrial. Produciuse unha gran taxa de desemprego debido ao peche das fábricas, ademais moitos agricultores arruináronse debido á caída dos prezos agrícolas.

O que para Jones supoñía o gran triunfo da súa vida converteuse no seu peor pesadelo, non imaxinou que se podía facer rico sen traballar, pero as consecuencias dese desastre non tardaron en chegar e Wall Street derrubouse; houbo un retroceso na produción agraria e industrial: aumentou o desemprego, ruína dos asalariados, aforradores e investidores; empobrecemento das clases medias, obreiras e campesiños; aumenta a mendicidade; producíronse cambios políticos importantes. Algúns dos coñecidos de Jones perderon millóns, un dos seus amigos asesor financeiro chamouno e díxolle: ¡A broma terminou! Colgou o teléfono e suicidouse. Naquelas palabras resumiu todo o que pasara.

*Solucións de Keynes: Basicamente, propuxo o seguinte:*

- **Desenvolver unha política de investimentos estatais en obras públicas** (estradas, pantanos etc.) que servise de estímulo á iniciativa privada a través da demanda de cemento, ferro, compoñentes industriais etc.  
A man de obra empregada nestas actividades minoraría o desemprego, incrementaría a masa de consumidores e estimularía a actividade económica.
- **Poñer en circulación abundante diñeiro co fin de estimular unha moderada inflación.** O perigo dunha alta taxa de inflación sería inexistente en tanto o paro fose elevado.
- **Incrementar os salarios.** A redución dos salarios como medida para manter o emprego (defendida polos economistas clásicos) foi refutada por Keynes quen aseguraba que o emprego non dependía dos salarios senón do consumo e o investimento. Unha diminución dos soldos dos traballadores provocaría un retraemento que deprimiría o consumo e en consecuencia, a produción.
- **Intervir en todos os sectores económicos,** regulando a fixación de prezos, salarios, mercado laboral, concedendo subvencións ás empresas etc.

*En suma:*

*Keynes avogou polo abandono da ortodoxia do "laissez-faire" que guiara o capitalismo do século XIX e propuxo un maior protagonismo do Estado na vida social e económica. Foi precisamente o que mediante o New Deal puxo en práctica en Estados Unidos o presidente F. D. Roosevelt a partir de 1933.*

## Actividades propostas

S10. Cal das tres respostas é a verdadeira? O proxecto de establecer "unha Sociedade Xeral de Nacións" para asegurar "a independencia política e a integridade territorial de grandes e pequenos Estados" foi proposto por:

- **O primeiro ministro británico, David Lloyd George,** tras reunirse co presidente norteamericano, Woodrow Wilson, meses máis tarde de asinarse o armisticio.
- **O presidente norteamericano, Woodrow Wilson,** no seu discurso dos "Catorce Puntos" pronunciado no Congreso do seu país o 8 de xaneiro de 1918.
- **Georges Clemenceau, Woodrow Wilson, David Lloyd George e Vittorio Orlando,** nunha declaración conxunta durante a inauguración da Conferencia de Paz de París en 1919.

## Actividade resolta

Lea o texto do recadro e faga unha pequena exposición do que trata. Quen redactou o chamamento? Por que provoca un levantamento militar (golpe de Estado)?

*"¡Españoles!: A cuantos sentís el santo amor a España, a los que en las filas del Ejército y Armada habéis hecho profesión de fe en el servicio de la Patria, a los que jurasteis defenderla de sus enemigos hasta perder la vida, la Nación os llama a su defensa. La situación en España es cada día que pasa más crítica; la anarquía reina en la mayoría de sus campos y pueblos [...]. Huelgas revolucionarias de todo orden paralizan la vida de la Nación [...]. La Constitución, por todos suspendida y vulnerada, sufre un eclipse total: ni igualdad ante la Ley, ni libertad, aherrajada por la tiranía, ni fraternidad cuando el odio y el crimen han sustituido al mutuo respeto, ni unidad de la Patria, amenazada por el desgarramiento territorial más que por regionalismos que los propios poderes fomentan [...]. Pero, frente a eso, una guerra sin cuartel a los explotadores de la política, a los engañadores del obrero honrado, a los extranjeros y a los extranjerizantes que directa o solapadamente intentan destruir a España.*

*En estos momentos es España entera la que se levanta pidiendo paz, fraternidad y justicia: en todas las regiones, el Ejército, la Marina y las fuerzas del orden público, se lanzan a defender la Patria. La energía en el sostenimiento del orden estará en proporción a la magnitud de las resistencias que se ofrezcan. [...] Como la pureza de nuestras intenciones nos impide el yugular aquellas conquistas que representan un avance en el mejoramiento político-social, y el espíritu de odio y venganza no tiene albergue en nuestros pechos, del forzoso naufragio que sufrirán algunos ensayos legislativos, sabremos salvar cuanto sea compatible con la paz interior de España y su anhelada grandeza, haciendo reales en nuestra Patria, por primera vez, y por este orden, la trilogía FRATERNIDAD, LIBERTAD E IGUALDAD.*

*Españoles: ¡¡¡VIVA ESPAÑA!!! ¡¡¡VIVA EL HONRADO PUEBLO ESPAÑOL!!!*

*Comandante general de Canarias Santa Cruz de Tenerife, a las cinco y cuarto horas del día 18 de julio de 1936.*

**La Tarde, Santa Cruz de Tenerife, 18 de julio de 1936.**

### – Quen redactou este "chamamento"?

Este texto é un fragmento do "Chamamento de Franco" publicado no Diario "A Tarde" de Tenerife o día 18 de xullo de 1936, pouco antes do estalido da Guerra Civil. **O autor é Francisco Franco Bahamonde (1892-1975) que, naquel momento, era o comandante xeneral de Canarias.** Membro dunha familia galega de tradición castrense, este militar africanista participara activamente na guerra de Marrocos, converténdose aos 33 anos no xeneral máis novo de Europa. **Foi o principal artífice da dura represión da revolución de Asturias de outubro de 1934 e un dos máximos responsables, xunto co xeneral Mola e o xeneral Sanjurjo, do alzamento militar de xullo de 1936.**

**Franco foi o líder do bando dos rebeldes sublevados** -gustáballe autodenominarse o "caudillo"- e, logo de gañar a guerra, estableceu unha férrea ditadura, sen concesións ao vencido, que só terminaría coa súa morte, acaecida o 20 de novembro de 1975.

### – Por que provoca un levantamento militar (golpe de Estado)?

O texto dános as claves para analizar **os motivos polos que Franco leva a cabo un alzamento militar contra o goberno da Fronte Popular.** En certo sentido, podemos consideralo como unha xustificación do seu golpe de Estado.

Franco comeza este documento cunha chamada en toda regra á guerra contra os "inimigos de España". De feito, chega a pedir que *"en todas as rexións, o Exército, a Mariña e as forzas da orde pública se lancen a defender a Patria.*

A continuación, fai referencia con todo detalle aos males que aflixen a España: a anarquía, as folgas revolucionarias, a Constitución suspendida e vulnerada por todos, non existe igualdade ante a lei, nin liberdade, nin fraternidade, periga a unidade da Patria (ameazada polos **nacionalismos** que o poder fomenta).

En opinión de Franco, hai políticos que queren enganar e destruír o pobo. **Claramente podemos interpretar que este militar ten en mente os políticos contrarios ás súas ideas (comunistas, anarquistas etc.)** Ante esta caótica situación, volve realizar un chamamento á loita, posto que segundo as súas palabras "España enteira é a que se levanta pedindo paz, fraternidade e xustiza". As súas intencións non negan os avances políticos e sociais alcanzados e na súa opinión, non se fundamentan no odio e a vinganza.

**En conclusión,** neste chamamento aos españois, Franco estima conveniente pasar ás armas, liquidando a legalidade republicana vixente, ante a crítica situación que atravesaba España. A consecuencia será unha fratricida guerra civil, seguida dunha férrea ditadura.

## Actividades propostas

S11. Explique o cadro seguinte de Picasso, *Guernica*, relacionándoo coa Guerra Civil:



S12. Que potencias apoiaron as dúas zonas contendentes na Guerra Civil?

- A. Os Nacionais recibiron a axuda da Italia fascista e da Alemaña nazi. Os republicanos foron axudados pola Unión Soviética, ademais das Brigadas Internacionais.
- B. Os republicanos foron apoiados polas potencias democráticas, Francia e Gran Bretaña. Os Nacionais recibiron a axuda de Hitler e Mussolini.
- C. Ningunha potencia interveu de maneira destacable na guerra.

## 3. Resumo de contidos

---

### Imperialismo

- **Antecedentes:** O imperialismo, tamén chamado neocolonialismo, foi un movemento de expansión territorial, cultural e económico emprendido desde o século XIX. A explotación exercida polas potencias imperialistas está asociada coa Revolución Industrial; isto débese a que crecemento do número de industrias estimulou a procura de materias primas, que había en baixa dispoñibilidade en Europa.
- Ademais, fíxose necesaria a procura de novos mercados de consumo para drenar as saídas da produción das fábricas e dos capitais dispoñibles. A man de obra era máis barata ca aquela atopada en Europa. Estes factores, asociados a outros, estimularon a competencia na división de territorios, principalmente en África e Asia, de modo que ambas as rexións puidesen atender ás necesidades europeas. A Revolución Industrial foi o cambio máis radical que viviu a humanidade dende a invención da agricultura e da gandaría no Neolítico.
- A poboación mundial vai comezar a crecer, ao descender drasticamente á mortalidade; as cidades van medrar, froito da chegada de traballadores para a industria, e o sistema económico vai mudar completamente, consecuencia do desenvolvemento da industria.
- As colonias de explotación e as colonias de poboamento constituíron os dous principais modelos de colonización.
- **Integrantes:** Os principais países imperialistas foron: Inglaterra, Francia, Bélxica, Alemaña, Italia, Rusia e Xapón. A participación desas potencias ocorreu en graos e momentos diferentes.
- **Imperialismo vs. colonialismo:** O imperialismo foi unha nova forma de colonizar territorios, diferente da expansión territorial que sucedía durante o chamado colonialismo e que tivo a súa maior influencia no continente americano. Mentres o colonialismo sucede a partir do século XV -no contexto das grandes navegacións e o mercantilismo- o imperialismo, tamén chamado neocolonialismo pola súa asociación a África e Asia, tivo lugar no século XIX. O seu crecemento acompáñase con outro gran cambio social: a Revolución Industrial, tendo como pioneira a Inglaterra.
- **Hexemonía:** O colonialismo ocorreu baixo o patrocínio da burguesía comercial, en busca de ouro e prata principalmente en América. O neocolonialismo sucedía á

súa vez con patrocinio da burguesía industrial, en busca de materias primas e mercados de consumo en África e Asia.

- Misión civilizadora: xustificouse a dominación pola expansión da fe cristiá. O argumento que foi utilizado foi o chamado misión civilizadora, tendo o darwinismo social como apoio teórico. A forte industrialización, o rápido desenvolvemento económico e a estruturada organización político-social en Europa, no percorrido do século XIX, levou os europeos á crenza de que alcanzaran a cima da civilización. Esa idea está ligada a unha visión eurocéntrica do mundo onde se coloca a cultura europea como superior a outras ao redor do planeta.
- Darwinismo social: Algúns países imperialistas dicían que a conquista e explotación de territorios en Asia e África formaban parte dunha misión onde o home branco debía levar cultura e progreso europeos. De certa forma, esa misión estivo influída polas ideas de Charles Darwin acerca da evolución. Aplicada á sociedade, esa teoría dicía que había pobos máis ou menos evolucionados, máis ou menos adaptados á "civilización". Vale resaltar que, en xeral, o obxectivo dos países imperialistas non era o de civilizar, senón obter vantaxes económicas coa explotación de africanos e asiáticos.
- Doutrina Monroe: Fronte aos intereses económicos dos países imperialistas europeos, os Estados Unidos temían que houbera un intento de volver colonizar América. Para evitar que iso sucedese, foi creada a Doutrina Monroe polo entón presidente James Monroe, en 1823. O lema da campaña era: "América para os americanos". Conforme a esa doutrina, Europa non debería crear colonias no continente americano. Doutra banda, os Estados Unidos non tentarían crear colonias en África e Asia. A Doutrina Monroe acabou influíndo na creación da política do *Big Stick*, segundo a cal os Estados Unidos poderían intervenir nos países americanos cando cresen necesario. Aparentemente, os Estados Unidos estaban a facer fronte a Europa para defender o continente. Con todo, o que era defendido eran os intereses norteamericanos
- División de África: A división de África foi a división deste continente entre os países imperialistas. Esta división tivo inicio na segunda metade do século XIX. Con todo, foi na Conferencia de Berlín, en 1884, que a delimitación das fronteiras de África alcanzou o seu punto álxido. Nela foron decididas as normas que serían obedecidas polos países imperialistas. A conferencia non conseguiu satisfacer as ambicións dalgúns países.
- As consecuencias da expansión imperialista occidental son complexas. Xunto a repercusións moi negativas (opresión, explotación económica, racismo, destrución das culturas locais), houbo consecuencias positivas para os países colonizados (adiantos médicos, instrución, infraestruturas).



- A disputa por territorios en África foi un dos motivos da Primeira Guerra Mundial, en 1914. Cabe lembrar que a división de África non tomou en consideración as diferenzas culturais entre as tribos rivais, estimulando conflitos étnicos, políticos e relixiosos que permanecen ata hoxe.

## **A I Guerra Mundial**

- A primeira Guerra Mundial enfrontou as grandes potencias industriais do mundo e alcanzou unha magnitude e unha gravidade descoñecida ata ese momento.
- Xunto ao expansionismo da Alemaña de Guillerme I, outros factores como os conflitos económicos, as diferenzas coloniais, as rivalidades territoriais e o choque de nacionalismos explican o inicio da Gran Guerra.
- A Tripla Alianza e o Triplo Acordo constituíron os bloques enfrontados nos anos previos á guerra.
- Diversas crises en Marrocos e os Balcáns, antecederon á crise definitiva que precipitou a guerra: o asasinato do arquiduque Francisco Fernando en Saraievo en 1914.
- Os Aliados (Gran Bretaña, Francia, Rusia, Italia, Xapón e EE UU entre outros) e os Imperios Centrais (Alemaña, Austria-Hungría, Imperio turco e Bulgaria) enfrontáronse durante máis de catro anos en fronteiras que se estenderon por gran parte do mundo.
- Estados Unidos entrou en guerra xunto aos Aliados en abril de 1917. Rusia, tras a revolución soviética, abandonou a loita en decembro de 1917.
- No outono de 1918 os Imperios Centrais, exhaustos, pediron armisticios recoñecendo a súa derrota. A guerra concluíu o 11 de novembro de 1918.
- Os tratados asinados cos vencidos en 1919-1923 foron moi duros e abriron un período de inestabilidade internacional que levará, ao final, á Segunda Guerra Mundial.
- O liberalismo e o positivismo dominaron o panorama intelectual do período. O impresionismo marcou unha verdadeira revolución na historia da pintura occidental.

## **A Revolución rusa. Os fascismos. A Gran Depresión**

- Os problemas sociais, políticos e económicos da Rusia tsarista, agudizados pola entrada na Primeira Guerra Mundial, levaron ao estalido revolucionario de 1917.
- Tras un golpe de Estado en outubro de 1917, os bolxeviques tiveron que facer fronte a unha dura oposición durante a guerra civil rusa (1918-1922).

- Tras a morte de Lenin en 1924, Stalin derrotou a Trotski na loita polo poder no Partido Comunista da Unión Soviética (PCUS) e na URSS.
- Stalin dirixiu diversas medidas que cambiaron radicalmente a economía e a sociedade soviética: a colectivización da agricultura, a planificación centralizada e a industrialización acelerada do país.
- Tras as dificultades de posguerra, a economía mundial iniciou unha recuperación na segunda metade dos anos vinte.
- A superproducción e a especulación terminaron por levar ao *crac* da bolsa neoiorquina e ao comezo da depresión económica nos EE UU.
- A depresión norteamericana estendeuse rapidamente ao resto do mundo.
- O presidente Roosevelt iniciou en 1933 un novo programa económico, o New Deal, para acabar coa depresión económica.
- O fascismo desenvolveuse na traumatizada sociedade europea de posguerra, especialmente nos países máis descontentos cos tratados de 1919 e con maiores dificultades económicas.
- O fascismo é unha ideoloxía extremista de dereitas antiliberal, antidemocrática, antimarxista, nacionalista, expansionista, violenta e con claros trazos racistas.
- O fascismo italiano, baixo o liderado de Mussolini, chegou rapidamente ao poder en 1922, aínda que tardou algúns anos en establecer plenamente unha ditadura totalitaria.
- O nacionalsocialismo alemán, baixo a dirección de Hitler, chegou máis tarde ao poder en 1933 pero implantou inmediatamente o sistema totalitario.
- Hitler impulsou unha política baseada no expansionismo territorial e o racismo antisemita.

## A II Guerra Mundial

- O expansionismo dos países do Eixe (Alemaña, Italia e Xapón) desencadeou a II Guerra Mundial co ataque nazi a Polonia en setembro de 1939.
- A Alemaña nazi iniciou unha serie de conquistas en Europa que culminaron coa invasión de Francia en maio de 1940. O Reino Unido conseguiu frear o ataque aéreo alemán no verán e outono de 1940. Nos meses seguintes, a guerra estendeuse ao norte de África e os Balcáns.
- O ingreso na guerra da URSS e EE UU cambiou a relación de poder entre os contendentes a favor dos Aliados. A batalla de Stalingrado (1942-43) marcou o cambio de signo da guerra. En diante, as potencias do Eixe batéronse en retirada.

- Tras o desembarco de Normandía (1944) e o avance do exército soviético, a batalla de Alemaña concluíu co suicidio de Hitler e a rendición incondicional alemá en maio de 1945.
- A guerra no Pacífico concluíu en setembro tras o lanzamento por parte de EE UU de dúas bombas atómicas sobre as cidades de Hiroshima e Nagasaki en Xapón.. Durante o conflito a política racista nazi desencadeou o holocausto da poboación xudía europea.
- Tras a guerra creouse a Organización das Nacións Unidas (ONU), organización internacional encargada de velar pola paz e seguridade mundial.
- A abstracción impúxose na pintura e a escultura tras a Segunda Guerra Mundial. EE UU e Nova York convertéronse nos novos centros da arte mundial.

## A II República e a Guerra Civil

- A crise dos partidos de alternancia, o intervencionismo do rei e a crecente oposición provocaron a crise do sistema da Restauración.
- A ditadura de Primo de Rivera acabou coas liberdades políticas e tentou dar unha saída autoritaria que rapidamente fracasou.
- O apoio de Afonso XIII á ditadura deslexitimou a monarquía e facilitou a chegada da Segunda República.
- As reformas do bienio republicano-socialista foron paralizadas no bienio conservador.
- O golpe do xeneral Sanjurjo de 1932 e a insurrección de 1934 tentaron acabar violentamente coa democracia republicana.
- Durante o goberno da Fronte Popular as posturas políticas e sociais radicalizáronse provocando violentos enfrontamentos entre a dereita e a esquerda.
- A radicalización das posturas políticas acelerou a conspiración que levou ao golpe de xullo de 1936.
- Durante a Guerra Civil, España quedou dividida en dúas zonas enfrontadas: a republicana e a sublevada, chamada nacional.
- Ambas as zonas ensaiaron modelos económicos e sociais enfrontados.
- A intervención exterior na guerra foi importante e decisiva.
- A vitoria de Franco levou a unha longa ditadura con fortes trazos nacionalistas, militares, católicos e fascistas.

- Ata mediados dos anos 50, durante o período da autarquía, España estivo illada internacionalmente e viviu unha longa depresión económica.
- A partir dos 50, o país foise integrando aos poucos no mundo e o réxime liberalizou a política económica. Os anos sesenta viron un gran *boom* económico e cambios decisivos na sociedade.
- O réxime mantivo o seu carácter ditatorial, pero a oposición aumentou a súa influencia nos últimos anos antes da morte de Franco en 1975.

## 4. Actividades complementarias

- S13. Segundo afirma o xeneral Mola, de que perigos librou a sublevación militar á sociedade española? Para Martínez Barrio, cales son as verdadeiras causas do golpe de Estado militar?

*Alguén dixo que o Movemento militar foi preparado por uns militares ambiciosos e alentados por certos partidos políticos doídos dunha derrota electoral. Isto non é certo. Nós fomos ao Movemento para librar a nosa Patria do caos da anarquía, caos que desde que escalou o Poder a chamada Fronte Popular ía preparándose con todo detalle.*

*De non saírmos ao paso, a Historia da humanidade coñecería en pleno século XX a máis sanguenta revolución, que nos levaría forzosamente a desaparecer do mapa de Europa como nación libre e civilizada.*

Xeneral Mola. Discurso emitido por radio. Agosto de 1936

*Digo que o aserto dos xenerais é unha pura falsidade. A rebelión militar non ten enfronte un Goberno marxista, nin un Estado marxista. Os xenerais, xefes e oficiais que se alzaron en armas fixérono contra o Estado español, representado por un presidente da República, nomeado legalmente, por unha Cámara lexítima elixida sen tacha (...).*

- Explicase que os xenerais sublevados busquen unha xustificación á súa conduta. Non os desculpará a Historia, nin os seus concidadáns (...).

*Por que o fixeron? Para que o fixeron? (...). O propósito é tan evidente (...). Simplemente se trata de substituír a vontade xeral do pobo enteiro pola dunha clase social desexosa de perpetuar os seus privilexios*

Martínez Barrio. Discurso emitido por radio. Agosto de 1936

- S14. Emparelle correctamente os termos destas dúas columnas:

Mussolini	Crac na Bolsa de Nova York
Ataque a Pearl Harbour	Dirixente fascista
Tratado de Versalles	Medidas económicas nos EE UU
1917	Militar do Alto Mando dos Aliados
Eisenhower	Medidas reguladoras da paz coa Alemaña
Mathausen	Causa da entrada dos EE UU na II Guerra Mundial
1929	Revolución soviética
New Deal	Campo de concentración

## 5. Exercicios de autoavaliación

---

### 1. Que foi a Tripla Alianza?

---

- Unha alianza asinada por Alemaña, Austria-Hungría e Italia pola que os tres países acordaron apoiarse mutuamente en caso de ser atacados por Francia ou por Rusia.
- Unha alianza entre Francia, Rusia e o Reino Unido cuxo obxectivo era frear o expansionismo do Reich alemán.
- Unha alianza asinada por Alemaña, Austria-Hungría e Italia dirixida a xuntar esforzos contra o expansionismo colonial británico.

### 2. Que ocorreu no "atentado de Saraievo" en xuño de 1914?

---

- Un policía bosnio atentou contra o embaixador británico en Saraievo, propiciando unha grave crise internacional.
- Un terrorista serbobosnio, Gavrilo Princip, tentou asasinar o tsar ruso Nicolás II, ao que consideraba como un traidor á causa eslava.
- Un activista serbobosnio, Gavrilo Princip, asasinou o Arquiduque Francisco Fernando, sobriño do Emperador Francisco Xosé I e herdeiro ao trono austro-húngaro.

### 3. Que acontecemento precipitou a entrada de Gran Bretaña na Primeira Guerra Mundial?

---

- O atentado de Saraievo contra o embaixador británico en Bosnia levou a que Londres declarase a guerra a Turquía.
- A invasión alemá da neutral Bélxica o 4 de agosto de 1914 levou á entrada do Reino Unido no conflito.
- A declaración de guerra de Austria-Hungría a Serbia o 28 de xullo provocou a inmediata entrada en guerra de Gran Bretaña.

4. A Declaración Balfour, publicada o 2 de novembro de 1917 foi:

---

- Unha declaración do goberno norteamericano apoiando as aspiracións sionistas de establecer o estado de Israel no territorio turco de Palestina. Esta declaración incluía un compromiso de axuda militar en caso de conflito cos árabes palestinos.
- Unha carta enviada por Arthur J. Balfour, en nome do goberno británico, a Lord Rotschild proclamando a opinión favorable do goberno de Londres ao establecemento en Palestina dun estado nacional para o pobo xudeu.
- Unha declaración de simpatía do goberno británico cara á posición árabe contraria ás aspiracións sionistas de establecer un estado israelí en Palestina. Thomas Edward Lawrence, agregado na sección de información do exército británico en Exipto, tivo un papel crave para conseguir esta declaración.

5. O proxecto de establecer unha “Sociedade Xeral de Nacións” para asegurar “a independencia política e a integridade territorial de grandes e pequenos Estados” foi proposto por:

---

- O primeiro ministro británico, David Lloyd George, tras reunirse co presidente norteamericano, Woodrow Wilson, meses máis tarde de se asinar o armisticio.
- O presidente norteamericano, Woodrow Wilson, no seu discurso dos 'Catorce Puntos' pronunciado no Congreso do seu país o 8 de xaneiro de 1918.
- Georges Clemenceau, Woodrow Wilson, David Lloyd George e Vittorio Orlando, nunha declaración conxunta durante a inauguración da Conferencia de Paz de París en 1919.

## 6. Solucionario

### 6.1 Solucións das actividades propostas

S1. Indique se a afirmación seguinte é verdadeira ou falsa.

- A Conferencia de Berlín, celebrada en 1885, estableceu que para que un país tivese dereito sobre un territorio debía exploralo completamente.

a) Verdadeiro

S2. Lea o texto seguinte e, tras completar os espazos baleiros, explique brevemente o que significa.

*"Razas superiores! Razas inferiores! É fácil dicilo. Pola miña, eu apártome de tal opinión, especialmente despois de ver a sabios alemáns demostrar cientificamente que a francesa é unha raza inferior á alemá. Non, non existe o dereito das chamadas nacións superiores sobre as nacións chamadas inferiores. A conquista que Vde. [J. Ferry] preconiza é o abuso, liso e chairo, da forza que dá a civilización científica sobre as civilizacións primitivas, para apropiarse do home, torturalo e espremerlle toda a forza que ten, en beneficio dun pretendido civilizador."*

G. Clemenceau. Discurso na Cámara de Deputados, Francia, xullo de 1885.

A Conferencia de Berlín tratou de regular a expansión imperialista dos países europeos por África. Clemenceau foi un dos políticos máis influentes do primeiro terzo do século XX, non en van foi ministro durante a Primeira Guerra Mundial e foi unha das cabezas visibles do tratado de Versalles.

A brevidade do texto lévanos a falar de dúas ideas básicas

1. **Non existen razas superiores nin inferiores:** Clemenceau, pretende mostrar o seu claro desacordo coa ideoloxía racista que impera no momento e que xustifica a necesidade da colonización africana (e asiática), baixo esa idea paternalista de axudar o pobre. Fai un claro paralelismo entre a suposta superioridade alemá con respecto á francesa, coa superioridade da raza branca sobre a negra, ou das nacións superiores sobre as inferiores.

2. **A conquista que se preconiza non ten máis intención que a do beneficio do colonizador:** Con esta segunda idea, Clemenceau, dirixe a atención sobre que o interese real dos países europeos non é outro que o de aproveitarse das "nacións inferiores", reiterando así a súa visión do imperialismo como abuso e explotación inxustificada das zonas africanas.

É un discurso rupturista e valente con respecto á idea dominante no momento, que nin tan sequera pensaba nas consecuencias negativas que o imperialismo podería causar nos territorios conquistados. Pouco máis tarde, cando foi ministro, propuxo cambiar a política colonial do seu país.

S3. Indique cales foron as principais consecuencias da expansión colonial.

Para as metrópoles	Para as colonias
<ul style="list-style-type: none"><li>- O obxectivo esencial era a explotación de inmensos territorios con abundantes recursos naturais.</li><li>- Alí apropiáronse das mellores terras desprazando os indíxenas</li><li>- As grandes compañías comerciais recibiron o permiso dos gobernos para explotar as terras mediante o sistema de plantacións dedicadas ao monocultivo. Para explotar os recursos, controlar os mercados coloniais e vender alí os seus produtos industriais crearon infraestruturas: portos na costa, estradas, ferrocarrís.</li><li>- Formación dos grandes imperios coloniais. Pola súa extensión territorial os máis grandes eran o británico, o ruso e o francés. Pola cantidade de poboación o primeiro era tamén o británico, seguido polo holandés</li></ul>	<p>Nos pobos colonizados o imperialismo provocou cambios substanciais.</p> <p>Nas colonias estimuláronse os cultivos comerciais, ou sexa aqueles que as metrópoles consideraban necesarios para si mesmas ou polo seu alto valor de venda (materias básicas para a industria, alimentos, produtos tropicais). <b>Isto trouxo como consecuencia que se descoidasen os cultivos locais plantados tradicionalmente e que servían para alimentar a poboación aborixe.</b></p> <p>Prohibiuse a existencia de industrias locais, para que as colonias consumisen os produtos fabricados nas metrópoles. Isto estancou ou eliminou a evolución técnica dos pobos colonizados. A industria téxtil da India derrubouse. En certa</p>



e o francés. Tamén tiñan colonias: Alemaña, Italia, Bélxica (unha soa pero moi importante: o Congo) Portugal e España (que aínda conservaban algúns territorios do seu apoxeo colonial séculos atrás), EE UU.

- **Aumentou a produción de materias primas**, achegadas polas colonias para as industrias das metrópoles.

- **Aumentou a produción de produtos manufacturados**. Ao asegurarse mercados cativos, é dicir, onde tiñan asegurada a venda, as empresas aumentaron a súa produción. Ademais a explotación colonial permitiu obter máis ganancias e mellorar os salarios dos traballadores dos países colonizadores, polo que estes aumentaron a súa demanda de produtos. Os inmigrantes europeos situados noutros continentes tamén foron demandantes de artigos.

- **Aumentaron das rivalidades internacionais**. A disputa pola posesión de colonias acentuou as rivalidades dos estados europeos. Aínda que algúns conflitos foron resoltois diplomaticamente, as tensións foron cada vez maiores. As potencias eran conscientes do aumento da competencia por territorios coloniais e desenvolveron o seu armamento (a paz armada). Inglaterra, Francia, Italia e Alemaña rivalizaban no norte de África; Inglaterra e Francia rivalizaban en Indochina; Inglaterra e Rusia competían en Asia Central; Inglaterra, Francia, Alemaña, Rusia e Xapón enfrontábanse na China; Rusia e Xapón desexaban o territorio de Corea; Inglaterra e Alemaña rivalizaban no sur de África. **As disputas territoriais foron unha das causas da Primeira Guerra Mundial (1914-1918)**. En 1914 o mundo xa estaba totalmente repartido e calquera intento de modificación na repartición só podía basearse na forza.

maneira isto era inevitable porque a manufactura antiga chocaba coas novas técnicas industriais inglesas. Pero foi apresurado pola presión política e económica, sen que se fixese ningún intento de aplicar as novas técnicas á India. En realidade fixose todo o posible para que isto non ocorrese.

Os colonizadores levaron ás colonias algúns adiantos técnicos como os ferrocarrís. Aparentemente foi unha consecuencia positiva, pero **non hai que esquecer que estes se establecían para lograr unha mellor extracción da produción desde o interior cara aos portos, por tanto facíanse en base ao interese do colonizador e non dos pobos colonizados**.

**Os colonizados perderon as terras que foron ocupadas polos colonizadores**

As poboacións nativas víronse transformadas pola penetración imperial. Os que estiveron en contacto máis próximo cos colonizadores cambiaron os seus costumes (aculturación), aínda que en xeral, a diferenza do que sucedera coa colonización española de América, o interese dos colonizadores era máis económico que "civilizador".

**Obrigouse a moitas poboacións ao traballo forzoso e extermináronse pobos enteiros**.

En case todos os casos a alimentación indixena viuse afectada pola substitución dos seus cultivos polos cultivos comerciais.


**Os nativos foron considerados seres inferiores, por tanto eran segregados por motivos raciais**.

**Impúxose o idioma do colonizador e destruíronse as formas de organización social tradicionais: clans, tribos etc.**

S4. **Relacione os países do seguinte listado cun dos tres grupos:**

**Tripla Alianza**

**Triplo Acordo**




**O resto foron neutrais**

- Italia
- Francia
- Rusia
- Dinamarca
- España
- Reino Unido
- Alemaña
- Austria-Hungría
- Xapón e Turquía

**O resto foron neutrais**

S5. Faga un esquema das consecuencias da I Guerra Mundial



S6. Coa información que ten, tente responder as cuestións seguintes.

<p>Como afectou o Tratado (dictado) de Versalles á Alemaña?</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A sinatura do tratado supúxolle á Alemaña grandes perdas territoriais a favor de Francia ao que lle foron devoltos os territorios de Alsacia e Lorena.</li> <li>▪ Impúxoselle ao imperio alemán tras a súa firma no Tratado de Versalles foi a entrega de todo o material de guerra así como a frota, igualmente obrigou a reducir o exército alemán que durante a Gran Guerra contaba con máis de 100.000 homes.</li> <li>▪ Tamén se lle prohibiu a fabricación de material militar así como os tanques e submarinos; e polo que respecta á aviación foille prohibida a utilización da forza aérea alemá (Luftwaffe).</li> <li>▪ Entre as consecuencias económicas atopábase que Alemaña tiña que facer unha entrega anual de 44 millóns de toneladas de carbón, a metade da produción química e farmacéutica que producía, máis de 350.000 cabezas de gando, a totalidade dos interoceánicos, e así durante cinco anos consecutivos.</li> <li>▪ Igualmente, acabóuselle expropiando as propiedades privadas alemás nos colonias e territorios perdidos. Finalmente impúxoselle unha das cláusulas máis duras economicamente e foi o pago de 132 millóns de marcos de ouro alemáns, algo que foi considerado excesivo porque significaba pagar máis do que as reservas alemás na súa totalidade podían contar.</li> </ul>	<p>Cre que terá algunha relación coa 2ª Guerra Mundial?</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Todas e cada unha das anteriores cláusulas foron as consecuencias que trouxo consigo a firma do Tratado de Versalles, que foi obxecto de grandes críticas, sobre todo na Alemaña, onde causou a humillación e o estupor entre a cidadanía.</li> <li>▪ Isto contribuíu ademais á caída do réxime republicano de Weimar e a ascensión de Hitler ao poder no ano 1933 como Führer do Terceiro Reich. Hitler non se cansou de denunciar o denigrante trato que o imperio alemán recibira; é máis, foi o causante do inicio da Segunda Guerra Mundial.</li> <li>▪ Foron tantísimas as indemnizacións que Alemaña tiña que pagar que durante moito tempo a súa economía quedou lastrada e imposibilitada para atender todos os pagos, o que provocou que derivase nunha rápida hiperinflación. Alemaña saldou na súa totalidade as reparacións de guerra no ano 2010.</li> </ul>
---	---

S7. Que dúas potencias se enfrontaron pola hexemonía dos Balcáns, previo á Primeira Guerra Mundial?

A debilidade turca e o nacionalismo eslavo anti-Habsburgo incrementaron de maneira significativa a rivalidade entre Rusia e Austria-Hungría pola hexemonía nos Balcáns.

- S8. Para intentar sacar toda a información posible dun mapa histórico debemos seguir coidadosamente unha serie de pasos previos.



- a) Ler o título ou pé de ilustración que nos informará do asunto tratado polo mapa. Delimitar o espazo físico representado. Para iso debemos ter en conta que o mapa normalmente representará un espazo xeográfico maior que o verdadeiramente implicado, polo que teremos que centrarnos no afectado polos feitos ou fenómenos representados.
- Precisar o tempo no que se desenvolven os acontecementos representados. Hai que ter presente que un mapa pode ilustrar feitos que suceden nun momento determinado (ano, década, século) ou ao longo do tempo (anos, décadas, séculos).
- b) A diferenza doutro mapa sobre calquera tema, un mapa histórico introduce unha variable propia, o TEMPO. Este dato ben pode aparecer no propio mapa (acontecementos sinalados con datas concretas), ben podemos deducilo a partir dos nosos coñecementos sobre o tema.
- c) Despois, a LENDA. Aínda que interpretemos de xeito adecuado o que nos din os mapas, sen a lenda poderíamos caer na confusión ou o erro. A lenda aclara o significado dos símbolos ou cores utilizadas no mapa, polo que o seu coñecemento é imprescindible para lelo correctamente.
- d) Tendo en conta estes consellos tente facer o seguinte comentario do mapa histórico proposto arriba.

## Europa tras a Paz de Versalles (1919-1920)

### 1. Título do mapa

O título do mapa é o de Europa tras a Paz de Versalles en 1919-1920 ou, o que é o mesmo, a reordenación territorial e política de Europa tras a I Guerra Mundial (1914-18). É un mapa de tipo político que nos proporciona **información sobre as fronteiras** dos antigos imperios e os novos Estados que xorden tras a Gran Guerra, así como dos cambios territoriais que se producen a partir das anexións e/ou cesións territoriais establecidas nos tratados de paz asinados na Conferencia de París. Pola súa banda, a lenda reflicte con diferentes cores e frechas as distintas perdas territoriais e a desmembración dos antigos imperios (ruso, austro-húngaro, turco, alemán) e a formación dos novos estados, así como a devolución de territorios aos seus anteriores propietarios ou a cesión de territorios para a configuración de novos Estados.

### 2. Lectura do mapa:

O mapa móstranos a disolución dos vellos Imperios Centrais (ruso, austro-húngaro, turco, alemán) e a aparición de novos Estados independentes, sobre todo na Europa central e balcánica, así como as cesións territoriais entre uns Estados e outros. Podemos concretar o seguinte:

- **Alemaña** devolve a Francia Alsacia e Lorena; a Polonia, a Posnanía e o corredor de Dantzing (sen incluír esta cidade, que foi declarada libre); a Bélxica, Eupen e Malmédy, e mediante plebiscito, Schleswig a Dinamarca. O seu territorio quedou notablemente minguado.
- **O Imperio austro-húngaro desapareceu.** Cos seus antigos territorios formáronse os Estados independentes de Austria, Hungría, Iugoslavia e Checoslovaquia.
- **Rusia**, ao ser tratada como un país derrotado por abandonar a contenda en 1917, tivo que recoñecer a independencia de Polonia, Estonia, Letonia, Lituania e Finlandia e ceder Besarabia a Romanía.
- No Adriático concédense a Italia Trieste, parte de Istria e Dalmacia, con poboación italiana, e o val do Alto Adigio.
- Desaparece o Imperio turco quedando reducido á península de Anatolia, espazo da actual Turquía.
- Irlanda independízase de Gran Bretaña, aínda que os condados protestantes do norte da illa permanecerán baixo soberanía británica.
- Aparecen novos Estados que non existían antes da guerra: Polonia, a partir da suma de territorios alemáns, austríacos e rusos; e Iugoslavia, a partir da reunión dos pobos eslavos do sur ao redor de Servia.

### 3. Análise e comentario

Para entender esta reorganización territorial e política do continente europeo, é necesario **destacar os acontecementos históricos que a determinaron**: o final da Gran Guerra e a derrota dos Imperios Centrais no ano 1918, por parte das potencias aliadas (EE UU, Gran Bretaña, Francia e Italia), que se reuniron na Conferencia de paz de París para sentar as bases políticas da nova orde mundial. Durante a guerra asináronse algúns tratados que, unha vez acabada a contenda, serán determinantes nos cambios políticos e territoriais reflectidos no mapa (Tratado de Londres, de 1915; Acordos Syles-Picot e Declaración de Balfour). As conversacións de paz e as liñas básicas dos tratados que se impondrán (**Diktat**) ás potencias derrotadas, que non serán convidadas á conferencia para negociar senón só a asinar, foron establecidas polo chamado comité dos catro, formado polos presidentes ou primeiros ministros das potencias aliadas (Willson por EE UU, Lloyd Georges por Gran Bretaña, Clemenceau por Francia e Orlando por Italia). Cada un destes países tiña unha posición diferente e, en ocasións, diverxente. En síntese, podemos dicir que **británicos e norteamericanos se mostraron dispostos a castigar a Alemaña, pero desde unha actitude conciliadora; pola contra, Francia (Alemaña debe pagar) e Italia, mostraron unha postura máis intransixente en canto ás súas exixencias de castigo e reparación cara á Alemaña e Austria.** As bases sobre as que se produciron as conversacións de paz partiron do **documento elaborado polo presidente dos EE UU, W. Willson, chamado "Os Catorce Puntos de Willson"** (sobre o que Alemaña solicitara o armisticio en novembro de 1918), no que, entre outras cousas, se proclamaba:

- Punto 8: "Todo territorio francés debe ser evacuado e as partes que sufriron a guerra deben ser restauradas: Alsacia e Lorena, en poder da Alemaña desde a Guerra franco-prusiana de 1871".
- Punto 10: "Aos pobos de Austria-Hungría debe dárselles a ocasión para o seu desenvolvemento autónomo".

- Punto 13: "Debe crearse un estado polaco independente".
- E, sobre todo, o punto último que é o xerme da Sociedade de Nacións (SDN).

Este documento permítenos deducir cales foron os principios aplicados no que a reorganización territorial e política se refire: o principio das nacionalidades e o de devolución de territorios aos seus propietarios lexítimos, así como a necesidade de que os novos Estados se dotasen de formas de goberno e institucións democráticas. **A súa aplicación supoñerá, por tanto, a desaparición dos grandes imperios multinacionais e absolutistas ou autoritarios e das súas respectivas casas reinantes. O Imperio otomán comezara a súa redución en 1699 ao ceder Hungría aos Habsburgo e retirarse máis tarde dos Balcáns. Agora, fóra do marco xeográfico do mapa, perde Iraq, Palestina e Siria, que pasarán a estar baixo control de Gran Bretaña e Francia baixo mandato da nova SDN.**



Toda esta nova organización do mapa europeo realizouse a través de cinco tratados, incluído o de **Versalles** (asinado coa Alemaña), que recibiron o seu nome dos cinco palacios de París en que foron asinados, e que non só establecían cláusulas territoriais, aínda que ese asunto non o abordaremos nesta análise. Os devanditos tratados foron:

- **Tratado de Saint Germain (1919):** Asinado con Austria, confirmou a desintegración do Imperio austro-húngaro. O país queda reducido ao seu núcleo central, a un pequeno Estado.
- **Tratado de Neuilly (1919):** Bulgaria perde a súa saída ao mar Exeo ao ceder a Grecia a costa tracia.
- **Tratado de Trianon (1920):** Asinado con Hungría, autoriza a independencia deste Estado.
- **Tratado de Sévres (1920):** Sinalou o final do Imperio turco. Turquía quedaba reducida practicamente aos seus límites de Asia Menor.
- No caso do Imperio Ruso habemos de referirnos ao **tratado de Brest-Litovsk**, asinado con Alemaña en **1918**, antes de que acabase a guerra, e que supoñía a cesión ou recoñecemento de soberanía alemá sobre gran parte de Rusia occidental, o que dará lugar, máis tarde, á independencia dos países bálticos.

#### 4. Conclusión

A modo de conclusión, podemos sinalar que tras 1919, coa firma dos diversos tratados de paz, queda configurado un novo mapa de Europa que, en esencia, trataba de resolver o vello problema das nacionalidades sen estado e dar satisfacción ás aspiracións nacionalistas dalgúns dos países que gañaran a guerra. A paz forxada en París e selada nestes tratados impostos pretendía ser sólida, xusta e duradeira, pero nada diso resultou como se esperaba. Os novos Estados eran débiles e as súas institucións democráticas pronto sucumbiron ante os embates do fascismo ou do autoritarismo do período de entreguerras. Doutra banda, a existencia de minorías nacionais baixo soberanía doutros Estados (o caso dos alemáns, por exemplo) será un factor de tensión nos anos posteriores. **Os tratados de paz, que serían humillantes para os países perdedores, sobre todo para Alemaña, provocarán un sentimento revanchista que en pouco máis de dúas décadas desencadeará un novo conflito bélico moito máis mortífero e destrutivo, polo que este mapa volverá ser modificado tras a Segunda Guerra Mundial (1939-45).** A Sociedade de Nacións (SDN) creada coa vontade, un tanto idealista, de preservar a paz e de evitar a guerra a través da diplomacia fracasou no seu empeño. A Primeira Guerra Mundial será, en realidade, a primeira parte dunha guerra civil entre europeos que terá un segundo acto máis terrible e letal, e o mapa que comentamos será a expresión desa impotencia e a importancia do nacionalismo no devir histórico.

- S9. Explique quen foron as dúas mulleres que aparecen nas imaxes seguintes e que influencia tiveron no devir das mulleres en España.

<p style="text-align: center;"><b>Quen foi Clara Campoamor?</b> Por que foi tan importante Clara Campoamor?</p> <div style="text-align: center;">  </div> <p style="text-align: center;"><i>A liberdade apréndese exercéndoa</i></p> <p><b>Procure información nas seguintes webs:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <a href="http://www.ciudaddemujeres.com/mujeres/Politica/CampoamorClara.htm">http://www.ciudaddemujeres.com/mujeres/Politica/CampoamorClara.htm</a></li> <li>▪ <a href="http://sufragiomujer.blogspot.com.es/2006/10/biografia-de-clara-campoamor.html">http://sufragiomujer.blogspot.com.es/2006/10/biografia-de-clara-campoamor.html</a></li> <li>▪ <a href="http://mujeresquehacenlahistoria.blogspot.com.es/2009/07/siglo-xix-clara-campoamor.html">http://mujeresquehacenlahistoria.blogspot.com.es/2009/07/siglo-xix-clara-campoamor.html</a></li> <li>▪ <a href="http://www.biografiasyvidas.com/biografia/c/campoamor_cla.htm">http://www.biografiasyvidas.com/biografia/c/campoamor_cla.htm</a></li> <li>▪ <a href="http://www.biografiasyvidas.com/biografia/c/campoamor_clara.htm">http://www.biografiasyvidas.com/biografia/c/campoamor_clara.htm</a></li> <li>▪ <a href="http://e-mujeres.net/noticias/clara-campoamor-biografia">http://e-mujeres.net/noticias/clara-campoamor-biografia</a></li> </ul> <p><i>Madrid 1888 – Laussanne 1972</i></p> <p>Nace no barrio madrileño de Marabillas o 12 de febreiro de 1888, nunha familia de orixe humilde. A súa nai era modista e o seu pai contable dun xornal.</p> <p>Á morte deste, vese obrigada a interromper os seus estudos eponse a traballar no corpo de Correos e Telégrafos en 1909.</p> <p><b>En 1914, tras sacar o número un da súa oposición, convértese en profesora de adultas no Ministerio de Instrucción Pública.</b> Con todo, ao non ter o bacharel só pode impartir clases de taquigrafía e mecanografía, polo que decide seguir estudando á vez que o compaxina cos seus traballos de mecanógrafa no Ministerio e de secretaria no xornal <i>A Tribuna</i> respectivamente.</p> <p>En 1923 participa nun ciclo sobre feminismo organizado pola Mocidade Universitaria Feminina onde comeza a desenvolver os seus idearios sobre o dereito á igualdade das mulleres.</p> <p>En 1924 e á idade de trinta e seis anos licénciase en <b>Dereito</b> o que lle permite defender dous casos de divorcio moi soados naquela época: o da escritora</p>	<p style="text-align: center;"><b>Quen foi Vitoria Kent?</b> Por que foi tan importante Vitoria Kent?</p> <div style="text-align: center;">  </div> <p style="text-align: center;">"Os homes sementan as súas ideas antes de morrer por elas, e as ideas escapan á morte."</p> <p><b>Suxerimos algunhas webs:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <a href="http://www.educa.madrid.org/web/ies.victoria.kent.torrejondeardoz/vk/Victoria.html">http://www.educa.madrid.org/web/ies.victoria.kent.torrejondeardoz/vk/Victoria.html</a></li> <li>▪ <a href="http://www.mirales.es/sociedad-activismo/victoria-kent-guerrillera-sin-fusil/">http://www.mirales.es/sociedad-activismo/victoria-kent-guerrillera-sin-fusil/</a></li> <li>▪ <a href="http://www.fundacioncivil.org/2011/02/victoria-kent-una-de-las-espanolas-mas-importantes-del-siglo-xx/">http://www.fundacioncivil.org/2011/02/victoria-kent-una-de-las-espanolas-mas-importantes-del-siglo-xx/</a></li> <li>▪ <a href="http://www.biografiasyvidas.com/biografia/k/kent.htm">http://www.biografiasyvidas.com/biografia/k/kent.htm</a></li> </ul> <p>A xurista malagueña, nacida o 6 marzo de 1898, fai os seus estudos elementais na casa con profesores particulares, despois asiste á <b>Escola Normal de Mestras</b> e en 1917 trasládase a Madrid a estudar o <b>Bacharelato no Instituto Cisneros</b>. Ao seu termo entra na <b>Facultade de Dereito</b> en 1920 onde cursa a carreira como alumna non oficial ata a súa licenciatura en xuño de 1924.</p> <p>Desde a súa chegada a Madrid alóxase na Residencia Feminina de Estudantes, que dirixe Dña. María de Maeztu, e paga os seus estudos dando clases particulares e no Instituto-Escola de Ensino Secundario (tamén baixo a dirección de María de Maeztu).</p> <p><b>Entra a formar parte do Colexio de Avogados en xaneiro de 1925, todo un logro nos tempos que corrían, e aínda que non parecía ter interese en exercer a súa profesión ante os tribunais, xa o 1 de maio dese mesmo ano coñécese a súa primeira intervención como avogada defensora.</b></p>
---	---

Concha Espiña, do seu marido Ramón Gómez de la Serna e o de Josefina Blanco, de Valle-Inclán.

Foi tamén a **primeira muller que interveu ante o Tribunal Supremo** e que desenvolveu traballos de xurisprudencia sobre cuestións relativas aos dereitos da situación xurídica das mulleres no noso país.

En 1928 crea xunto a compañeiras doutros países europeos a Federación Internacional de Mulleres de Carreiras Xurídicas, que aínda existe na actualidade con sede en París e traballa xunto a Vitoria Kent e Matilde Huici no Tribunal de Menores.

En 1930 contribúe a fundar a liga Feminina Española pola Paz. Foi **delegada de España na Sociedade de Nacións**.

Tras a ditadura, entra a formar parte do Partido Radical e preséntase ás eleccións de 1931 para as Cortes Constituíntes da Segunda República, obtendo un escano como deputada por Madrid.

Participa na comisión encargada de redactar a Carta Magna republicana, sendo a **primeira muller que fala nas Cortes españolas. Estamos en setembro de 1931**. Desde a súa tribuna exercerá unha **acendida defensa do sufraxio feminino en España**, coa oposición dos seus propios compañeiros de partido e doutra deputada socialista, Vitoria Kent, convertida na portavoz do "non".

Vitoria Kent opónse ao dereito electoral das mulleres, argumentando que estas, influídas pola Igrexa, votarán conservador. A dereita, contraria á emancipación das mulleres, apoia, con todo, a Clara Campoamor polos motivos que esgrime Vitoria Kent, pensando que os votos destas seranlles favorables á súa formación. **Clara Campoamor mantense fiel aos seus principios e defende o dereito das mulleres para ser consideradas cidadás por encima do sentido do seu voto**.

Ao final, e cunha apertada vitoria impón as súas teses e entra na Historia como a principal artífice da inclusión do voto feminino en España, recollido na Constitución de 1931, que no seu artigo 36 dispón que *"Os cidadáns dun e outro sexo, maiores de 23 anos terán os mesmos dereitos electorais conforme determinen as leis"*.

Con todo, é en 1930 cando Dña. Vitoria Kent sae nas páxinas dos xornais nacionais e estranxeiros como protagonista dun feito inaudito ata entón. Foi nomeada letrada de D. Álvaro de Albornoz, un dos instigadores da rebelión republicana de Jaca en decembro de 1930, converténdose así na primeira muller que actuaba ante o Tribunal Supremo de Guerra e Mariña no mundo.

O éxito obtido neste caso, pois logrou a absolución do seu defendido, granxeoulle un gran prestixio nos primeiros anos da República.

Como membro do partido Radical Socialista, foi asignada candidata ás Cortes por Madrid, e resulta elixida deputada, xunto con Clara Campoamor, das Cortes Constituíntes de 1931.

As súas intervencións no Parlamento son escasas e, en especial, lémbraaselle polo seu discurso en contra do voto feminino en igualdade de condicións co home, seguindo a disciplina do partido, e na convicción de que o voto da muller naqueles momentos sería maioritariamente conservador, en detrimento de os partidos de esquerdas, a un dos cales ela pertencía.

S10. Cal das tres respostas é a verdadeira?: O proxecto de establecer "unha Sociedade Xeral de Nacións" para asegurar "a independencia política e a integridade territorial de grandes e pequenos Estados" foi proposto por:

Polo presidente norteamericano, Woodrow Wilson, no seu discurso dos 'Catorce Puntos' pronunciado no Congreso do seu país o 8 de xaneiro de 1918.

S11. Explique o cadro seguinte de Picasso, *Guernica*, relacionándoo coa Guerra Civil:




**Autor:** Pablo Picasso (España)  
**Ano:** 1937  
**Estilo:** Cubismo  
**Técnica:** Óleo sobre lenzo  
**Interpretación e Explicación do Guernica:**

*Por que se chama Guernica? Guernica é unha localidade situada en España que cal sufriu o bombardeo liderado polos alemáns e italianos o 26 de abril do mesmo ano de creación do cadro, durante a Guerra Civil.*

*Por que foi bombardeada Guernica? Temos varias teses respecto das razóns polas que esta poboación foi bombardeada: A primeira é a intención de alemáns e italianos de destruír Guernica. Esta primeira tese baséase en dúas probas: A primeira proba é a utilización de bombas incendiarias e explosivas cuxa explicación segundo os defensores desta tese, era a destrución da cidade. A segunda proba é que a utilización destas bombas era derrubar a ponte de Guernica ou impedir a retirada do exército vasco; con todo a ponte non foi alcanzada, quedou intacta.*

*Outra das ideas expostas sobre o bombardeo é que Franco (ditador de España no devandito ano) deu o visto e prace para que alemáns e italianos fixesen probas das súas bombas incendiarias e explosivas en Guernica. Que atopamos no cadro? O Guernica, con 3,5 metros de alto e 7,8 metros de ancho, é un cadro simbólico onde atopamos figuras organizadas en triángulos onde o vértice é a lámpada e como base o corpo do home morto.*



É un cadro pintado con branco e diferentes tons de negros e grises, técnica chamada grisalla.

Que significado teñen os personaxes do Guernica? Atopamos seis seres humanos e tres animais. Comezando pola esquerda podemos ver:

- 1. O touro.** Símbolo moi utilizado polo pintor. Foi pintado por Picasso para representar a brutalidade e a escuridade. O seu aspecto aterrorizado ao ver coa súa mirada fixa e escoitar coas súas orellas aguzadas o masacre representa o autorretrato do propio artista, quen se sente arrepiado da mesma maneira na que quixo representalo. Con isto quería conseguir que a humanidade se decatase da barbarie que tivo lugar.
- 2. Nai co seu fillo asasinado en brazos.** Atopámola aos pés do touro, protexida por el. A cabeza do neno asasinado está caída e os seus ollos carecen de pupilas, polo que asumimos que o pequeno faleceu. Na muller, os ollos en forma de bágoa representan a dor fronte á morte antinatural do seu fillo. A súa lingua aguzada móstranos un berro desgarrador, a súa cabeza colocada mirando cara ao ceo ou quizais mirando ao touro, representa a procura de consolo.
- 3. O soldado morto.** Está na base do triángulo principal antes mencionado, ao cal atopamos decapitado e co brazo mutilado. Representa a todos aqueles que combaten pola súa ideoloxía. No brazo atopamos unha espada rota xunto a unha flor, a cal representa a esperanza dun mundo novo e mellor.



**4. A pomba.** Case invisible atopamos esta pomba simbolizando a paz rota. Picasso trazou simplemente a súa silueta para que adquirise a mesma cor ca o fondo e desta maneira representar unha paz ensuciada polos bombardeos. Se observamos máis de preto a pomba, vemos que esta está implorando o cesamento da violencia.

